



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de marzo de 2024**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día oito de marzo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sr. Silva Rego (RA 07/03/2024) por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

A concelleira Sra. Caride Estévez incorporase no punto 22.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(124).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 1 de marzo de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(125).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO NECESARIO PARA O MANTEMENTO E SOPORTE DE APLICACIÓNS PROPIEDAD DO CONCELLO (2020-2025). EXPTE. 10307/113.**

Visto o informe de xurídico de data 26/02/2024 e o informe de fiscalización do 28/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2024, asinado polo

informe-proposta do xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira de Área e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **Lexislación aplicable**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

### **Antecedentes**

O Contrato do servizo de mantemento do software desenvolvido internamente (expte. 8952/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de abril de 2020, á empresa IMATIA INNOVATION, S.L. por un prezo de 120.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 20.826,45 euros).

O contrato formalizouse en data 19/05/2020, entrou en vigor o 20/05/2020 rematando o 19/05/2021.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, autorízase a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, do 20/05/2021 ao 19/05/2022, por importe de 120.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 20.826,45 euros anuais).

Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/03/2022, autorízase a segunda prórroga do contrato polo período dun ano, do 20/05/2022 ao 19/05/2023, por importe de 120.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 20.826,45 euros anuais).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02/02/2023, autorízase a terceira prórroga do contrato polo período dun ano, do 20/05/2023 ao 19/05/2024, por importe de 120.000,00 euros (sendo o importe correspondente ao IVE de 20.826,45 euros anuais).

### **Fundamentos**

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.  
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
  - Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses”.*

- No apartado 4.C das FEC indícase: “*Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha*”.
- Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2020 a 2024.
- No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que: “*O pago farase efectivo a mes vencido tras a xustificación das horas empregadas para a realización das tarefas encomendadas*”.

3. Prezo da prórroga:

O prezo total da prórroga ascende a 120.000,00 €, dos cales 20.826,45 € corresponden ao IVE.

4. Financiamento:

A prórroga financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias en cada exercicio:

<b>Partida</b>		<b>Exercicio</b>	<b>Base</b>	<b>IVE</b>	<b>Importe</b>
9207.2279902	Mantemento Software	2024	43.363,64 €	9.106,36 €	52.470,00 €
2310.2279900	Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2024	18.595,04 €	3.904,96 €	22.500,00 €
9320.2279900	Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2024	12.421,49 €	2.608,51 €	15.030,00 €
<b>Total exercicio</b>		<b>2024</b>	<b>74.380,17 €</b>	<b>15.619,83 €</b>	<b>90.000,00 €</b>
9207.2279902	Mantemento Software	2025	14.487,60 €	3.042,40 €	17.530,00 €
2310.2279900	Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2025	6.198,35 €	1.301,65 €	7.500,00 €
9320.2279900	Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2025	4.107,44 €	862,56 €	4.970,00 €
<b>Total exercicio</b>		<b>2025</b>	<b>24.793,39 €</b>	<b>5.206,61 €</b>	<b>30.000,00 €</b>
<b>TOTAL PRÓRROGA</b>			<b>99.173,56 €</b>	<b>20.826,44 €</b>	<b>120.000,00 €</b>

5. A empresa *IMATIA INNOVATION S.L.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
- Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo mantemento de aplicacións desenvolvidas internamente e propiedade do Concello de Vigo.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."

6. Consta no expediente notificación número 20932/2024 recibida pola empresa con data 20/02/2024 que contén o preaviso de execución da prórroga que se comunica coa antelación mínima esixida, conlevando que dita prórroga sexa obrigatoria para o contratista.
7. O expediente de prórroga do contrato iníciase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, de data 16 de febreiro de 2024, autorizando o inicio de este expediente da cuarta prórroga do contrato.
8. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
9. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

**Á vista do exposto**, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a CUARTA PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO SOFTWARE DESENVOLVIDO INTERNAMENTE (EXPTE 8952-113) polo período dun ano, do 20 de maio de 2024 ao 19 de maio de 2025, polo importe total de 120.000,00 € IVE engadido.
- 2.- Autorizar o gasto de **90.000,00 euros** (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>Importe</i>
9207.2279902    Mantemento Software	2024	43.363,64 €	9.106,36 €	52.470,00 €
2310.2279900    Estudos e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2024	18.595,04 €	3.904,96 €	22.500,00 €
9320.2279900    Estudos e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2024	12.421,49 €	2.608,51 €	15.030,00 €
<b>Total exercicio</b>	<b>2024</b>	<b>74.380,17 €</b>	<b>15.619,83 €</b>	<b>90.000,00 €</b>



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

3.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de **30.000,00 euros** (IVE incluído), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

<i>Partida</i>		<i>Exercicio</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>Importe</i>
9207.2279902	Mantemento Software	2025	14.487,60 €	3.042,40 €	17.530,00 €
2310.2279900	Estudios e traballos técnicos – Área de Benestar Social	2025	6.198,35 €	1.301,65 €	7.500,00 €
9320.2279900	Estudios e traballos técnicos – Xestión de Ingresos	2025	4.107,44 €	862,56 €	4.970,00 €
<b>Total exercicio</b>		<b>2025</b>	<b>24.793,39 €</b>	<b>5.206,61 €</b>	<b>30.000,00 €</b>

4.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(126).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 16972/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 04/03/2024, asinado pola letrada titular de Asesoría Xurídica e conformado pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

#### **A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA**

1.- Contencioso. Expediente nº 15233/111  
Sentenza nº 62 do 31 de xaneiro de 2024  
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1  
Recurso de apelación: 66/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 22-11-2021. Retribucións, produtividade, capataz de xardíns

Expte(s): 40032/220 e 49901/446

Contía: Indeterminada

Esta sentenza da Sala do TSXG desestima o recurso de apelación interposto pola representación do Concello e confirma a sentenza de instancia, impondo as custas do procedemento.

Nesa sentenza se resolveu que o demandante ten dereito a percibir o complemento de destino 20 (no canto do 18 correspondente á súa praza e posto de capataz) correspondente ao posto de inspector de control de concesionarias ata que cese a actual situación, abonándose tal diferenza retributiva dende o 11-6-2020 (día seguinte á instrución de servizo do xefe de Área de Servizos Xerais, documento que se considera segundo a sentenza causante da mesma).

Tódolos motivos de recurso se rexeitan pola sentenza, tanto os da regulación na guía de funcións dos postos das mesmas, como a vixencia dunhas instrucións para a percepción de retribucións complementarias, sendo o único relevante a realización das funcións do posto de categoría superior, aínda sen adscrición formal ou coa compracencia ou tolerancia tácita do Concello de Vigo (sic).

A área de RRHH debe coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 15727/111

Sentenza nº 78 do 7 de febreiro de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 216/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 08/11/2022 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 27/09/2022 denegatoria da declaración de excedencia por prestación de servizos no sector público (policía local do Concello de Narón) OEP 2017-2018-2019 Concello de Vigo quenda mobilidade horizontal.

Expte(s): 40803 /220

Contía: Indeterminada

Sentenza do TSXG pola que desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza do XCA núm. 1 de Vigo pola que se estimaba a pretensión do recorrente (Policía Local). A sentenza confirma a sentenza de instancia, recoñecendo o dereito do actor a que o Concello de Vigo declare con carácter automático a súa excedencia neste Concello, por canto optou por quedarse na súa praza de orixe e solicitou expresamente a excedencia, unha vez obtida unha praza neste Concello por concurso, provisión de postos (mobilidade horizontal), para funcionarios de carreira doutros concellos. O fondo da discusión reside na normativa de aplicación, establecendo a sentenza que o art. 10 da lei 53/84 de incompatibilidades, é de aplicación preferente fronte ao establecido no TREBEP e á LEPLG, e permite a ditos funcionarios ser declarados en excedencia sen previa toma de posesión no Concello no que obtiveron praza. Con imposición de custas por importe máximo de 1000 euros. Contra a mesma cabe interpoñer recurso de casación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Darase traslado desta sentenza ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

3.- Contencioso. Expediente nº 16493/111

Sentenza nº 34 do 15 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 329/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de recoñecemento do dereito a percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, IT, asuntos propios e demais permisos retribuídos

Expte(s): 43214/220

Contía: Indeterminada

Sentenza pola que se estima o recurso da actora (Policía Local) contra a desestimación presunta da solicitude ao Concello de Vigo de abono de cantidades correspondentes a atrasos en concepto de complemento de festividade e nocturnidade non percibidos durante os períodos vacacionais, situacións de IT, asuntos propios e demais permisos así como o abono das horas realizadas sobre o seu horario, calculadas do xeito indicado na fórmula establecida na sentenza (a do convenio con inclusión da parte proporcional de dúas pagas extraordinarias). Cabe recurso de apelación. Sen custas.

Darase traslado desta resolución ao Departamento de RRHH para o seu coñecemento.

4.- Contencioso

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do 18/09/2023 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a aprobación da RPT do 2023, no relativo á asignación de complemento específico no posto de Diplomada en Traballo Social na Área de Benestar Social

Expte(s): 40934/220

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento	Núm. Sentenza	Data Sentenza
16708/111	Abreviado 351/2023 XC-A nº 1 Vigo	24	20/02/2024
16668/111	Abreviado 352/2023 XC-A nº 1 Vigo	25	20/02/2024
16601/111	Abreviado 348/2023 XC-A nº 1 Vigo	27	20/02/2024
16621/111	Abreviado 349/2023 XC-A nº 1 Vigo	28	20/02/2024
16549/111	Abreviado 347/2023 XC-A nº 2 Vigo	38	20/02/2024
16562/111	Abreviado 348/2023 XC-A nº 2 Vigo	39	20/02/2024
16579/111	Abreviado 350/2023 XC-A nº 2 Vigo	40	20/02/2024
16563/111	Abreviado 349/2023 XC-A nº 2 Vigo	41	20/02/2024

Estas sentenzas resollen os procedementos en sentido desestimatorio, e non son firmes. Tampouco impoñen as custas.

O obxecto dos recursos o constituía a resolución expresa pola que se desestimou o recurso interposto contra o Acordo da XGL de aprobación da Relación de Postos de Traballo. A pretensión era a da equiparación do complemento específico asignado ao posto de Traballador/a Social do CEDRO e o mesmo complemento asignado ao posto de Traballadora Social da demandante, adscrita ao servizo de Benestar Social.

A sentenza cuestiona por unha banda a ausencia de impugnación pola actora do acto de aprobación da RPT pola que se revisou e singularizou ese posto adscrito ao CEDRO -no ano 2018- e pola outra, a falta de solicitude desa revisión do complemento do posto da demandante dende ese ano ata o ano 2023.

Motiva que non é admisible o que se pretende, que esixe unha previa valoración do posto, o que considera acreditado que se atopa actualmente en tramitación iniciada de oficio por medio do contrato que a área de RRHH e Formación promove para a análise e valoración de postos de traballo do Concello de Vigo. Ao esixirse con carácter previo á asignación dun complemento específico, a valoración do posto, obter de modo directo esa valoración pretendida sería contrario a dereito, e así o xustifica esta resolución, sendo o principal fundamento desestimatorio.

Sen embargo, no primeiro fundamento xurídico leva a cabo unha apreciación sobre a cuestión da diferente exposición a riscos psicosociais dun posto e dos de traballadora social adscritos ao servizo de benestar. Esta sentenza entende que, valorada a proba, nomeadamente as testemuñais practicadas, con relación ás funcións do posto-praza de Traballador/a Social, non ten un menor nivel de riscos que o mesmo posto adscrito ao CEDRO. Canto menos, semellante, se non maiores riscos, na literalidade da sentenza.

A área de RRHH e Formación e a de Benestar Social deben coñecer do resolto e valorar a posible incidencia do recollido no primeiro fundamento xurídico con relación ao contrato en tramitación que tamén se identifica na sentenza.

5.- Contencioso. Expediente nº 16620/111

Auto nº 7 do 2 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 324/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA presentada o 06/03/2023

Expte(s): 7018/243

Contía: 2.131,74 €

Auto do XCA núm. 1 de Vigo, polo que se declara terminado o procedemento polo recoñecemento total na vía administrativa das pretensións da parte recorrente e se arquivan as actuacións, sen imposición de custas. Contra dito auto cabe interpor recurso de apelación nun só efecto.

Darase traslado de dito auto ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

6.- Contencioso. Expediente nº 16369/111





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Sentenza nº 16 do 12 de febreiro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 303/2023  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados a vehículo cando circulaba pola rúa Isaac Peral confluencia coa rúa Areal  
Expte(s): 7160/243  
Contía: 1.817,09 €

A sentenza desestima o recurso interposto por ABANCA GENERALES SEGUROS Y RE-ASEGUROS SA contra a desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos materiais padecidos na roda dianteira dun vehículo, cando pola intensidade e forza das chuvias saltaron as tapas dos sumidoiros, quedando desprazadas, permanecendo no medio da calzada, por non apreciar a relación de causalidade.

A sentenza é firme sen imposición de custas procesuais.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

7.- Contencioso. Expediente nº 16616/111  
Auto nº 10 do 14 de febreiro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 353/2023  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída cando transitaba polo Estrada do Lameiro, 25.  
Expte(s): 7000/243  
Contía: 7.114,79 €

Esta resolución, firme, acorda a terminación do procedemento e o arquivo do mesmo, xunto coa imposición de custas ao Concello.

O proceso remata por satisfacción extraprocesual, ao resolverse na vía administrativa de modo expreso e con estimación da solicitude presentada pola demandante.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 16513/111  
Sentenza nº 31 do 15 de febreiro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 333/2023  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa República Arxentina á altura do nº 21  
Expte(s): 6796/243  
Contía: 9.266,93 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso interposto pola demandante contra a desestimación presunta da reclamación patrimonial presentada pola actora no Concello de Vigo, para que lle indemnizasen por importe de 9.266,93 euros (mailos intereses correspondentes) ocasionados polos danos padecidos como consecuencia dunha caída por loseta esvaradía en vía municipal.

A pretensión é desestimada xa que o xulgador entende que non hai funcionamento anormal do Concello xa que a beirarrúa se atopaba reparada, e ademais, a demandante non probou mediante informe pericial que a loseta tivera ese carácter esvaradío. Indícase na sentenza que tanto a demandada (Concello de Vigo) como a contratista que instalou a baldosa acreditaron as características da mesma e o seu axuste á normativa técnica de aplicación. Sen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

9.- Contencioso. Expediente nº 16488/111  
Sentenza nº 36 do 20 de febreiro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 326/2023  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos sufridos ao caer cando transitaba pola rúa Dr. Carlos Colmeiro Laforet.  
Expte(s): 7028/243  
Contía: 20.533,10 €

Esta sentenza desestima o recurso interposto contra a desestimación presunta dunha reclamación por responsabilidade patrimonial da actora, por mor dunha caída na vía pública, con danos corporais.

A sentenza considera que a irrelevancia do desperfecto non era determinante da caída da demandante, pola súa mínima entidade, de aprox. un centímetro, sen que tampouco se poida considerar que existise funcionamento anormal da administración.

O entorno do lugar da caída non presentaba desperfectos ou desniveis que o convertisen nunha zona perigosa, e mesmo o lugar concreto que como causa da caída se indicaba, semellaba reposición doutro danado con anterioridade, polo que o estándar se cumpría.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 16694/111  
Sentenza nº 30 do 23 de febreiro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 350/2023  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA polos danos sufridos no vehículo cando circulaba polo camiño do Outeiro.  
Expte(s): 7031/243  
Contía: 279,06 €



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Esta sentenza, firme, estima o recurso e declara a existencia de responsabilidade patrimonial da administración nos danos causados ao vehículo da parte demandante ao circular polo Camiño do Outeiro e danar os dous neumáticos do mesmo lado.

A desestimación presunta non impide recoñecer o dano e a clara causalidade, acreditada polo parte da Policía Local, o feito de que o dano se produce no mesmo lado do vehículo, e a reparación posterior do desperfecto na vía que o causou.

Non se impoñen as custas do procedemento.

O servizo de Patrimonio- Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 16600/111

Sentenza nº 17 do 12 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 338/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de data 05/07/2023 ditada en expediente sancionador.

Expte(s): 311112/280

Contía: 1.200,00 €

Sentenza firme pola que se inadmite o recurso interposto pola parte actora contra a resolución de inicio do procedemento sancionador por infracción de tráfico por exceso de velocidade, por canto a xulgadora entende, ao igual que a parte demandada, que o acto impugnado non é susceptible de impugnación por canto se trata dun acto de trámite non cualificado. Tamén se indica na sentenza que, tal e como expresou a parte demandada, a actora non deu cumprimento coa súa obriga de identificar ao condutor, obriga legalmente establecida na Lei de seguridade viaria. A sentenza non é susceptible de recurso e foi ditada sen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo de Seguridade para o seu coñecemento.

12.- Contencioso. Expediente nº 16599/111

Sentenza nº 18 do 14 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 344/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Denuncia do 10/08/2023, expediente sancionador

Expte(s): 311035/280

Contía: 100,00 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso interposto pola actora contra a notificación da proposta de sanción pola comisión dunha infracción de tráfico consistente en exceso de velocidade.

As pretensións foron rexeitadas por canto (i) o contido do boletín de denuncia axústase ao establecido na norma, (ii) a demandante non presentou alegacións no procedemento administrativo nin procedeu ao seu abono polo que, ante a súa pasividade, implicitamente debe

entenderse consentida a proposta notificada e elévase a definitiva segundo así establece o procedemento abreviado, sen que exista indefensión neste suposto; e (iii) as características do radar non esixen dúas fotografías consonte á normativa de aplicación. Con imposición de custas á demandante por importe máximo de 100 euros mailos intereses correspondentes.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Seguridade para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 16629/111  
Sentenza nº 31 do 26 de febreiro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 361/2023  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: Resolución do 21/08/2023 de notificación por denuncia por infracción tráfico ditada en expediente sancionador.  
Expte(s): 311232/280  
Contía: 200,00 €

A sentenza desestima o recurso interposto en relación coa imposición dunha sanción en materia de tráfico polo estacionamento dun turismo nunha zona reservada a carga e descarga do asteleiro, o que se podía apreciar mediante a sinalización vertical (co sinal R- 307) e horizontal (marcas amarelas continuas no borde da beirarrúa), declarando conforme ao ordenamento xurídico a resolución municipal.

A sentenza é firme sen imposición de custas.

14.- Contencioso. Expediente nº 16271/111  
Sentenza nº 22 do 30 de xaneiro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 170/2023  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 27/04/2023 que desestima o recurso formulado contra dilixencia de embargo ditada no expediente 181699/700  
Expte(s): 259293/700  
Contía: 873,35 €

A sentenza inadmite o recurso contencioso contra as resolucións do recadador executivo de 27.04.2023 e 29.05.2023 recaídas nos expedientes 181699/700 e 183107/700 que desestimaron os recursos interpostos contra as dilixencias de embargo, por non ter presentado a preceptiva reclamación económica administrativa.

No fundamento xurídico segundo, relaciona a normativa e xurisprudencia que establece o carácter preceptivo da reclamación previa administrativa para esgotar a vía administrativa e sinala que neste caso, tendo en conta que a administración cumpriu o seu deber de resolver expresamente e notificar dita resolución coa indicación do réxime de recursos con mención a reclamación previa ante o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, o que procedía era a súa interposición, e logo da súa resolución expresa ou por silencio, o recurso xudicial.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

A sentenza, que non contén un pronunciamento sobre as custas, é susceptible de recurso de apelación.

Debe coñecer o resolto Recadación Executiva do Concello.

15.- Contencioso. Expediente nº 15382/111

Sentenza nº 61 do 24 de xaneiro de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Ordinario: 15179/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución da Xunta Superior de Facenda do 14 de novembro de 2022, desestimatoria das reclamacións económico-administrativas 2850-C-22/08 e 2860-C-22/08 (resolutas acumuladamente) interpostas polo Concello de Vigo contra resolucións da Dirección de Augas de Galicia do 29/07/2019 que inadmiten escritos do Concello de Vigo contra liquidacións practicadas por Augas de Galicia nos procedementos de xestión recadatoria da taxa 32.68.00- obras hidráulicas de regulación xestionadas pola administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia (canon de regulación) do primeiro e segundo semestre dos anos 2015 e 2016 e contra estas mesmas resolucións

Contía: 1.144.186,81 €

Esta sentenza (obxecto de subsanación por Auto do 16/02/2024) non é firme, e desestima o recurso contencioso-administrativo municipal, sen imposición de custas.

A Area de Fomento debe coñecer o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 16130/111

Sentenza nº 42 do 31 de xaneiro de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4280/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Inactividade ao non adoitar as medidas necesarias para mitigar, ata un nivel aceptable e normativamente autorizado, o ruído provocado durante as festas do Nadal polas atraccións e o mercado do nadal ou subsidiariamente ordear a suspensión das actividades que alteraban a vida dos veciños afectados.

Expte(s): 9587/106

Contía: Indeterminada

Esta sentenza non é firme pero contra a mesma só é posible a interposición de recurso de casación.

A cuestión controvertida é de natureza estritamente procesual, e refírese á lexitimación dunha comunidade de propietarios para accionar contra a inactividade municipal con relación á adopción das medidas necesarias para reducir o ruído e molestias provocadas polas atraccións e postos da campaña do Nadal.

Entende a Sala que procede considerar lexitimada á comunidade de propietarios, e condena á continuación do procedemento xudicial.

O Servizo de Comercio debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 175/2023 PA XC-A nº 1 Vigo, Auto nº 58/2023 de 27/06/2023, comunicado na sesión da XGL do 13/10/2023

17.- Contencioso. Expediente nº 16833/111

Decreto nº 1 do 1 de febreiro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 18/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Reclamación de pagamento das facturas correspondentes ao contrato da prestación dos servizos de seguridade privada para diversas dependencias municipais.

Expte(s): 3889/321

Contía: 22.324,80 €

Esta resolución, firme, acorda a desistencia da parte demandante, e comporta o arquivo do procedemento.

Conforme ao principio de libre disposición da acción (art. 74 LXCA), o órgano xurisdiccional resolveu o arquivo deste procedemento, do que non se chegou a remitir o expediente. O obxecto do recurso o constituía a reclamación para o abono dunhas facturas por parte dunha compañía de seguridade privada, contratista dos servizos de seguridade e vixilancia dos centros municipais de distritos dependentes da Concellería de Participación Cidadá e das súas instalacións anexas.

Cómpre informar que hai outro procedemento en curso, co mesmo obxecto pola mesma parte.

O servizo de Participación Cidadá debe coñecer do resolto.

## B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 14324/111

Decreto nº 99 do 19 de febreiro de 2024

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 822/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereitos e cantidade

Decreto do Xulgado do Social núm. 3 de Vigo polo que se declara o desistido a un traballador municipal da súa demanda relativa a reclamación de cantidades en concepto de gratificación extraordinaria calculadas ao abeiro da fórmula do convenio corrixida polo xulgado do contencioso administrativo. O demandante declarou ante o xulgado a súa vontade de abandonar o proceso. Contra o mesmo pode interpoñerse recurso directo de revisión.

Darase traslado ao servizo municipal de RRHH para o seu coñecemento.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(127).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE TAREFAS AUXILIARES DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DA VENDA AMBULANTE NOS MERCADILLOS E OUTROS EVENTOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 7516/106.**

Visto o informe xurídico de data 27/02/2024 e o informe de fiscalización do 29/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 16/02/2024, asinado polo enxeñeiro municipal (Resolución da concelleira de Área de 22/09/2022) e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7516-106)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de abril de 2021, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398) o procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7516-106) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 69.998 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.148,41 euros, e cunha porcentaxe de desconto único, de aplicación aos prezos unitarios fixados no apartado 3G) das Follas de Especificación do Contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares, do 10%.*
- b) Comprométese a por a disposición do servizo 50 horas anuais laborais diúrnas sen custo para o Concello.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*c) Comprométese a por a disposición do servizo 50 horas anuais festivas diúrnas sen custo para o Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Segundo.-** Con data 10/05/2021 asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a empresa EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S L, sendo o prazo do contrato de dous anos a contar a partir do 11 de maio de 2021. Así mesmo, están contempladas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha:

**Terceiro.-** A tal fin este servizo xestor notificoulle con data 21 de marzo de 2023 a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S L o interese na primeira prórroga do contrato, non constando oposición do adxudicatario a dita prórroga.

**Cuarto.-** Atendendo ao solicitado pola Secretaria de Administración Municipal, requíuselle á empresa EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE S.L. a comunicación da aceptación da primeira prórroga anual do “contrato do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal”.

A empresa EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S L comunica a súa aceptación a través de escrito o día 12 de abril de 2023 a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, doc. 230087460.

**Quinto.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5 de maio de 2023, acordou a aprobación da prórroga do contrato do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo.

**Sexto.-** Con data 5 de febreiro de 2024 notificóuselle por parte do Servizo xestor á EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S L o interese na segunda prórroga do contrato, non constando oposición do adxudicatario a dita prórroga.

**Sétimo.-** A prestación do servizo durante o prazo de vixencia do contrato, incluída a primeira prórroga desenvolveuse de forma correcta e satisfactoria para os intereses municipais.

**Octavo.-** Os artigos 72 e 78 da Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia atribúen aos concellos a competencia tanto para outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante como para a súa inspección e sanción.

Así mesmo, o artigo 24 da Ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos publicada no BOP núm. 246 de 27 de decembro de 1995 sinala que, o Concello vixiará o debido cumprimento por parte dos titulares das autorizacións, do

preceptuado nestas e, especialmente, das esixencias e condicións hixiénico-sanitarias.

**Noveno.-** En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo a aprobación do expediente de prórroga polo órgano de contratación .

**Décimo-** Así mesmo establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización deberá incorporarse pola Intervención Xeral previo a aprobación do expediente polo órgano de contratación:

Partida: 4313 2279900 "Control dos mercados de Coia, Bouzas e outros".

**Undécimo.-** O prezo da segunda prórroga anual do contrato de servizos de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo é de 34.999 €, con cargo ao exercicios económicos 2024 e 2025, correspondente ao período do 11/05/2024 ao 10/05/2025.

Prezo da prorroga anual do contrato polo importe 34.999 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 6,074,21 €, e cuha porcentaxe de desconto único do 10 % de aplicación aos prezos/hora unitarios fixados no apartado 3G das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Duodécimo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto, e sendo conforme ao contrato a prestación de servizos que se ven desenvolvendo, e ante a necesidade de continuar ca mesma, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, o concelleiro delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**

**"PRIMEIRO.-** Aprobar a segunda prórroga anual do contrato de servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo, adxudicado a **EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE SL. (B-27858398)**, coas seguintes condicións:

a) Prezo da prorroga anual do contrato polo importe 34.999 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 6,074,21 €, e cuha porcentaxe de desconto único do 10 %



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*de aplicación aos prezos/hora unitarios fixados no apartado 3G das Follas de Especificacións do Contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*b) Comprométese a por a disposición do servizo 50 horas anuais laborais diúrnas sen custo para o Concello.*

*c) Comprométese a por a disposición do servizo 50 horas anuais festivas diúrnas sen custo para o Concello.*

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 34.999 € con cargo á partida 4313 227 9900 "Control dos mercados de Coia, Bouzas e outros" conforme a seguinte execución das anualidades de gasto:

2024: do 11/05 ao 31/12 = 22.485,45 €

2025: do 01/01 ao 10/05 = 12.513,55 €

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao adxudicatario"

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(128).- TOMAR RAZÓN DA REDISTRIBUCIÓN DA PARTICIPACIÓN DOS MEMBROS DA UTE CONCESIONARIA DOS APARCADOIROS SITUADOS NA RÚA JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA DE CASTELAO. EXPTE. 6964/241.**

Dáse conta do informe-proposta de data 04/03/2024, asinado pola técnica de Admón. Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 18/1982, de 26 de maio, sobre Réxime Fiscal de Agrupacións e Unións Temporais de Empresas e das Sociedades de Desenvolvemento Rexional (LUTE)
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL)

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (PCAP)
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O 5 marzo de 2018 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) coas seguintes condicións:*

- a) Propón un 6% de diminución lineal das tarifas máximas fixadas para cada anualidade na cláusula 8.2 do PCAP polo uso rotatorio das prazas de aparcadoiro.*
- b) Incrementa o canon concesional previsto na cláusula 7 do PCAP (120.000 euros) en 17.760 euros/ano, resultando un canon total anticipado de 3.444.000 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** O 9 de maio de 2019 (documento nº 190068897), D<sup>a</sup>. Bibiana Arppe Pazo, administradora única de WELGOOD SOLUTIONS, S.L. comunica o cambio de denominación social de WELGOOD CARSHARING, S.L. polo de WELGOOD SOLUTIONS, S.L.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno local, na sesión do 24 de outubro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Autorizar a constitución de hipoteca sobre a concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449) solicitada por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190042213,*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*condicionada á formalización do contrato e ao cumprimento dos seguintes requisitos:*

- O dereito real de concesión administrativa só poderá ser hipotecado como garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato.*
- A hipoteca deberá cancelarse cinco anos antes da data fixada para a reversión da concesión.*

*2º.- Desestimar a solicitude formulada por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190042213, de cancelación das anotacións preventivas referidas ao proceso concursal da extinta entidade concesionaria que constan nos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 polos motivos indicados neste informe.*

*3º.- Acceder ao solicitado por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190161618, e acordar a suspensión da formalización do contrato da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449), en tanto non se removan os obstáculos que impiden o acceso ao Rexistro da Propiedade da nova concesión”.*

**Quinto.-** O 24 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

- 1. "Levantar a suspensión da formalización do contrato da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) ao terse removido os obstáculos que impedían o acceso ao Rexistro da Propiedade da nova concesión.*
- 2. Notificar este acordo ao interesado”.*

**Sexto.-** O 5 de marzo de 2020, mediante escritura pública ante o notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia (nº 345 de protocolo), formalízase a concesión entre o Concello de Vigo e a UTE "TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.y WELGOOD SOLUTIONS, S.L, Ley 18/1982, de 26 de Mayo", abreviadamente "WELGOOD TRANVIAS UTE". Segundo o indicado na escritura a participación dos membros da UTE é a seguinte:

- TRANVÍAS ELECTRICOS DE VIGO, S.A.: 10%
- WELGOOD SOLUTIONS, S.L.: 90%

**Sétimo.-** Con data do 6 de marzo de 2020 asínanse sendas actas de posta a disposición das instalacións dos aparcadoiros públicos da rúa de Jenaro de la Fuente e da avenida de Castelao.

**Oitavo.-** D. Eloy García Alvariza, en representación de "WELGOOD SOLUTIONS, S.L.", D. José-Santiago Fiaño Valverde, en representación de "TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO, S.A." e D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en representación de "TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO, S.A. y WELGOOD SOLUTIONS, S.L., Ley 18/1982, de 26 de mayo" ("WELGOOD TRANVIAS, UTE") comunican a seguinte redistribución das cotas da UTE con data do 19 de xaneiro de 2024 (documento nº 240026464):

- TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO, S.A.: 22%
- WELGOOD SOLUTIONS, S.L.: 78%

Acompañan á solicitude copia autorizada da escritura de modificación de cotas da UTE autorizada polo notario de Vigo, don Julio Manuel Diaz Losada, o día 28 de decembro de 2023, baixo el número 4.209 de protocolo.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I**

#### **Da modificación da composición das unións temporais de empresas**

A LCSP regula expresamente a modificación da composición das UTEs no artigo 69.9:

*"9. Unha vez formalizado o contrato cunha unión temporal de empresas, observaranse as seguintes regras:*

*a) Cando a modificación da composición da unión temporal supoña o aumento do número de empresas, a diminución do mesmo, ou a substitución dunha ou varias por outra ou outras, se precisará a autorización previa e expresa do órgano de contratación, debéndose ter executado o contrato cando menos nun 20 por cento das súas importacións ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que se efectuou a súa explotación durante cando menos a quinta parte do prazo de duración do contrato. En todo caso será necesario que se requira a resolución ou clasificación e que na nova configuración da unión temporal a empresa teña plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibición de contratar".*

Dado que no caso que nos ocupa non se produce ningún aumento ou diminución do número de empresas nin a substitución dunha ou varias por outras, senón unha simple redistribución das cotas da UTE, á vista do referido artigo, non é necesaria autorización do órgano de contratación.

### **-II-**

#### **Competencia**

O órgano competente para a resolución deste expediente é a Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

### **-III-**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### **Acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- “Tomar razón da redistribución da participación dos membros da UTE "TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. y WELGOOD SOLUTIONS, S.L, Ley 18/1982, de 26 de Mayo" concesionaria dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao, comunicada pola UTE o 19 de xaneiro de 2024 (documento nº 240026464):*

	Antes	Agora
TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A.	10%	22%
WELGOOD SOLUTIONS, S.L.	90%	78%

*2º.- Notificar este acordo á concesionaria e ao servizo de Transportes”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(129).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A REPOSICIÓN DUNHA SUPERESTRUTURA DE SALVAMENTO EN ALTURA SOBRE UN CHASIS IVECO DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6963/213.**

Visto o informe de fiscalización do 04/03/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 22 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro da reposición da superestrutura do brazo articulado para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 17 de novembro de 2023.*

*2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que reixerá a contratación, redactado e firmado pola Técnica da Administración Xeral e Xefa da Área de Contratación e novos proxectos en data de 11 de decembro de 2023.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.350.000,00 euros, do que 234.297,52€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606340000 “ Reparación Estrutural Vehículo” como anticipado de gasto do presuposto municipal vixente.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	ITURRI, S.A.	100,00

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que no apartado 5 das FEC (Anexo I do PCAP) para a acreditación da solvencia técnica, ademais do establecido na cláusula 8.8.3º establécese que é necesario aportar:
  - Certificado actualizado de conformidade da produción en vigor da Unidade Certificadora do Automóbil (UCA) emitido polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ou equivalente.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

- Certificado acreditativo que permita comprobar que o propio licitador dispón dun Sistema de Calidade e Medio Ambiente oficialmente recoñecido cando menos para ou deseño, fabricación e o servizo de mantemento de vehículos contra incendios. ISO 9001 e 14001, ou equivalente.
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP *“Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., o día 12 de febreiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de febreiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da licitadora, obxecto social e nomeamentos de apoderados.
- O DNI do apoderado.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (780.991,74 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (945.000,00 €), presentan varios certificados de recepción de subministros e un certificado de boa execución cunha relación de traballos e importes nos que o importe dun deles para o ano 2022 supera esta cantidade.
- Un aval por un importe cada un de 55.749,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 1 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ITURRI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ITURRI, S.A., de acordo coas actuacións da mesa.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ITURRI, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro para a reposición dunha superestrutura de salvamento en altura sobre un chasis IVECO da flota de vehículos do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6963-213) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 1.349.125,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 234.145,80 euros.*
- b) Comprométese a responder en caso de avaría no prazo de menos de vinte e catro horas (24h) calquera día do ano.*
- c) Comprométese a realizar un mantemento preventivo do vehículo por un período de 2 anos cunha frecuencia de 6 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### **7(130).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SERVIZOS AUXILIARES NO PARQUE ZOOLOXICO DE VIGOZOO. EXPTE. 12186/612.**

Visto o informe de fiscalización do 04/03/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (exp.12186-612)*

*SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 07/11/23 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral con data 13/12/23.*

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 244.886,19 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración ( 42.500,91 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.99.03 “ Servizo atención polas tardes”*

*CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de*

*mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	EULEN, S.A.	90,00

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULEN, S.A., o día 12 de febreiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 21 de febreiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da licitadora, a declaración de non estar en incursa en prohibición de contratar, o obxecto social e as contas anuais do 2020.
- A escritura de apoderamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (85.710,17 €), presentan as contas do ano 2020 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (85.710,17 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade en ambas CPVs.
- Seguro de caución por un importe de 9.882,49 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 1 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EULEN, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EULEN, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e coas actuacións da mesa de contratación.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a EULEN, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no Parque Zoolóxico de Vigozoo (12186-612) por un prezo total do contrato de 239.156,22 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 41.506,45 euros.”*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(131).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL NO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010. EXPTE. 3884/321.**

Dáse conta da proposta de data 05/03/2024, asinada pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 39/2024 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 22/2024, interposto por CONTACTNOVA SL, contra a adxudicación da contratación da prestación do “Servizo de Información Cidadá: 010”, para a realización por persoal especializado das actuacións materiais necesarias de atención e información telefónica e telemática e de xestión de queixas e suxestións polas distintas canles de atención que o Concello de Vigo ofrece á cidadanía, expediente 3884/321. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por CONTACTNOVA SL, contra a adxudicación da contratación da prestación do “Servizo de Información Cidadá: 010”, para a realización por persoal especializado das actuacións materiais necesarias de atención e información telefónica e telemática e de xestión de queixas e suxestións polas distintas canles de atención que o Concello de Vigo ofrece á cidadanía, expediente 3884/321, licitado por dito Concello.
2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(132).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO (LOTE III, IV, VI E VII) E DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE V. EXPTE. 19756/77.**

Visto o informe de fiscalización do 04/03/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º Aprobar o expediente de contratación (19756-77) por procedemento aberto de “SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO.”*

*2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 8 de maio de 2023, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 12 de maio de 2023 que rexerán a contratación de “SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO”.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de **92.888,00 €**, para a contratación de “SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO”, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279913 FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2023, coa distribución das seguintes anualidades:*

- 2023: 46.444,00 €
- 2024: 46.444,00 €

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 20 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de agosto de 2023, de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. debido a que a aclaración aportada en virtude do requirimento da Mesa do 18 de agosto, altera os termos da oferta inicial, presentada dentro do prazo de presentación de ofertas (entre outras, Resolución TACRC nº 443/2019)*

*Segundo.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 20 de outubro de 2023 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por SARARTE, S.L. neste procedemento.*

*Terceiro.- Excluir deste procedemento a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen*

xustificado, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 16 de outubro de 2023.

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) na seguinte orde descendente:

**- LOTE I: FORMACIÓN EN OBRAS DE REHABILITACIÓN OU REPARACIÓN**

	<b>LICITADOR</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>SARARTE, S.L.</b>	<b>72,00</b>

**- LOTE II: CURSO DE XESTIÓN DE EQUIPOS E ORGANIZACIÓN DO TRABALLO EN OBRAS DE CONSTRUCCIÓN**

	<b>LICITADOR</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>SARARTE, S.L.</b>	<b>72,00</b>

**- LOTE III: CURSO DE SOLDADURA POR ARCO BAIXO GAS MIG, MAG E TIG.**

	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.</b>	<b>64,00</b>
<b>2</b>	<b>IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.</b>	<b>53,03</b>

**- LOTE IV: CURSO DE PINTURA DECORATIVA EN CONSTRUCCIÓN**

	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>SARARTE, S.L.</b>	<b>72,00</b>
<b>2</b>	<b>FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.</b>	<b>50,32</b>

**- LOTE V: CURSO DE NOVOS TRATAMENTOS PARA A MADEIRA: A TECNIFICACIÓN DA MADEIRA**

	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.</b>	<b>64,00</b>
<b>2</b>	<b>SARARTE, S.L.</b>	<b>53,00</b>

**- LOTE VI: CURSO DE FONTANERÍA: NOVOS MATERIAIS E TÉCNICAS (INSTALACIÓN SOLARES ACS)**

	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.</b>	<b>86,00</b>





**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1644/1102

2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	62,59
3	SARARTE, S.L.	53,00

**- LOTE VII: CURSO DE DISEÑO E MANTEMENTO DE INSTALACIONES DE ENERXÍA SOLAR FOTOVOLTAICA**

	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L.</b>	<b>86,00</b>
2	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	61,43
3	SARARTE, S.L.	58,32

**- LOTE VIII: FORMACIÓN EN XARDINERÍA**

	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>NORFORMACIÓN, S.L.</b>	<b>95,00</b>
2	SARARTE, S.L.	70,39
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	40,03

**- LOTE IX: TRATAMIENTO DO MEDIO**

	<b>LICITADOR</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>NORFORMACIÓN, S.L.</b>	<b>84,00</b>

**- LOTE X: CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES**

	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>NORFORMACIÓN, S.L.</b>	<b>78,60</b>
2	IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.	76,02
3	SARARTE, S.L.	67,10
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	66,00
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	53,91

**- LOTE XI: CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL**

	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>SARARTE, S.L.</b>	<b>72,00</b>
2	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	69,00
3	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	30,37

**- LOTE XII: CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL**

	<b>LICITADORES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>1</b>	<b>IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L.</b>	<b>75,90</b>
2	SARARTE, S.L.	72,00
3	NORFORMACIÓN, S.L.	67,04
4	FORMACION Y NORMALIZACION, S.L.	62,62
5	FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	44,08



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*Quinto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SARARTE, S.L. (Lotes I, II, IV e XI), FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes III e V), IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote VI e VII), NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes VIII, IX e X) e IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lote XII) para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”*

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 22 de decembro de 2023, acordou o seguinte:

*“(...) esta Mesa, na sesión de 1 de decembro, acordou solicitar a emenda da documentación presentada aos licitadores:*

- SARARTE, S.L. (Lotes I, II, IV e XI): deberá acreditar a solvencia técnica e os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP.*
- FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes III e V): deberá acreditar a solvencia técnica, os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP e completar a garantía definitiva (presenta un xustificante de ingreso de 408,45 € sendo a garantía do lote 1 de 336 € e a do lote 2 de 147 €).*
- IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote VI e VII): deberá acreditar a solvencia técnica, os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP e firmar dixitalmente os Anexos IV e V e a declaración de non estar incurso en prohibición para contratar.*
- NORFORMACIÓN, S.L. (Lotes VIII, IX e X): os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP.*
- IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L. (Lote XII): deberá acreditar a solvencia técnica e os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP.*

*Presentada a documentación en prazo por todos os licitadores, na sesión do 12 de decembro de 2023, se acordou por unanimidade, remitila ao servizo xestor para que determinase se quedan acreditados os medios persoais esixidos. Este informe é emitido en data 19 de decembro. Á vista do mesmo procede:*

*“1º- Propoñer a Xunta de Goberno Local declarar desertos os lotes I e II por canto SARARTE, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, e no lote 1 tampouco a solvencia técnica.*

*2º.- Con respecto aos lotes III, IV, V, VI, VII e XII, os licitadores clasificados en primeiro lugar non emendaron a documentación requirida polo que a Mesa, por*

*unanimidade dos membros presentes nesta sesión, acorda requirir aos segundos clasificados a documentación prevista no artigo 140 da LCSP e as cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares:*

- a) *Lote III: FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, nin a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- b) *Lote IV: SARARTE, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP. En consecuencia procede requirir a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- c) *Lote V: FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, nin a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a SARARTE, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- d) *Lote VI: IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., non acreditou a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- e) *Lote VII: IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., non acreditou a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado.*
- f) *Lote XII: IDAE CONSULTORIA RR.HH. S.L., non acreditou posuír os medios persoais esixidos no apartado 5.f das FEC do PCAP, nin a solvencia técnica. En consecuencia procede requirir a SARARTE, S.L., a citada documentación agás a que xa tivese presentado”.*

**Cuarto.-** Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en segundo lugar nos Lotes III, IV, VI e VII, IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III), FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII) e SARARTE, S.L. (Lotes V e XII) , o día 12 de xaneiro de 2024, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido:

1. IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III), o día 24 de xaneiro.
2. FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII) e SARARTE, S.L. (Lotes V e XII), o día 25 de xaneiro.

**Quinto.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 8 de febreiro de 2024, acordou o seguinte:

*“Tras a análise da documentación presentada polos licitadores e, tendo en conta o informe sobre a acreditación dos medios persoais asinada pola técnica de xestión e a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, en data 5 de febreiro de 2024, a Mesa acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, conceder un prazo de 3 días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada:*

1. *SARARTE, S.L. En concreto deberá presentar:*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

a) Para o Lote V:

- *Medios persoais: documentación acreditativa do cumprimento polo docente proposto, da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da FAMILIA PROFESIONAL EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL (EOC) OU MADERA, MOBLE E CORCHO (MAMA) xa que, da documentación presentada non se pode comprobar a efectiva impartición dese mínimo de horas nos últimos 6 anos.*

b) Para o Lote XII:

- *Medios persoais: documentación acreditativa do cumprimento polo docente proposto, da impartición, como mínimo, de 200 horas nos últimos 6 anos, accións formativas da formación profesional para o emprego na FAMILIA PROFESIONAL FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. ÁREA PROFESIONAL: ASPECTOS MEDIOAMBIENTAIS (FCOA), xa que, da documentación presentada non se pode comprobar a efectiva impartición dese mínimo de horas nos últimos 6 anos.*

2. FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. En concreto deberá presentar:

a) Para o Lote VI:

- *Medios persoais: documentación acreditativa da efectiva impartición polo docente proposto de 200 horas, nos últimos 6 anos, de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, isto é, FAMILIA PROFESIONAL: á FAMILIA PROFESIONAL: INSTALACIÓN E MANTEMENTO, xa que a documentación presentada so se comproba a autorización e homologación do docente proposto en diversos cursos impartidos na Comunidade Autónoma de Andalucía correspondentes á FAMILIA PROFESIONAL: INSTALACIÓN E MANTEMENTO. ÁREA PROFESIONAL: INSTALACIÓN (IMAI), sen acreditar a experiencia do docente na impartición dos mesmos.”*

**Sexto.-** Este acordo foi notificado aos licitadores o día 9 de febreiro de 2024, presentando a documentación requirida, dentro do prazo concedido, FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII), o día 14 de febreiro, e, fora do devandito prazo, SARARTE, S.L. (Lotes V e XII), o día 16 de febreiro.

**Séptimo.-** A documentación dos licitadores IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III) e FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII) consta de:

- IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III)

- A escritura de constitución da licitadora, na que figura o nomeamento do administrador, os estatutos e o DNI do administrador.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (10.348,80 €), presentan o documento 200 do Imposto de Sociedades do ano 2022 no que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (4.704,00 €), presentan declaración de traballos realizado dos anos 2021, 2022 e 2023 e as facturas correspondentes, sendo a suma dos importes de calquera dos tres anos superior a esta cantidade.
- Xustificante de ingreso por un importe de 336,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

- FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII)

- A escritura de constitución e a de cambio de denominación da licitadora xunto cos estatutos e a escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (6.791,40 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (3.087,00 €), presenta certificado de boa execución do ano 2022 no que o importe total supera esta cantidade.
- Xustificantes de ingresos por importe de 220,50 € (Lote IV), 147,00 € (Lote VI) e 196,00 € (Lote VII) que cobren as correspondentes garantías definitivas requiridas, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA de ambos licitadores.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 1 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en segundo lugar IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III) e FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As segundas ofertas máis vantaxosa para a administración contratante son as formuladas por IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. (Lote III) e FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. (Lotes IV, VI e VII), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de agosto de 2023, de FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. do Lote 9 deste procedemento, debido a que a aclaración aportada en virtude do requirimento da Mesa do 18 de agosto, altera os termos da oferta inicial, presentada dentro do prazo de presentación de ofertas (entre outras, Resolución TACRC nº 443/2019)*
2. *Tomar razón da exclusión de IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L., dos Lotes X e XII deste procedemento, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 16 de outubro de 2023.*
3. *“Declarar deserto o Lote V dado que a licitadora clasificada en segundo lugar non cumpriu adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 150.2 da LCSP e non hai máis licitadores clasificados neste lote.*
4. *Adxudicar a IMPULSA FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. o Lote III do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:*
  - a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,14 %.*
  - b) *Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de*

*horas impartidas (marcar unha das seguintes opcións se é o caso) de máis de 1.000 horas.*

5. Adxudicar a FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L. os Lotes IV, VI e VII do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:

- LOTE IV

- a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,00 %.*

- LOTE VI

- a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,00 %.*

- LOTE VII

- a) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP: 5,00 %.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(133).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE DINAMIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE NA CIDADE DE VIGO: LIÑAS ESTRATÉXICAS BÁSICAS DA ACTUACIÓN NO PERÍODO 2024/2027. EXPTE. 23540/333.**

Visto o informe xurídico do 29/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 27/02/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo, e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **LEXISLACION APLICABLE**

Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### ANTECEDENTES DE FEITO

Por parte do Servizo de Deportes redáctase o Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na Cidade de Vigo: liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2024/2027

### CONSIDERACIONS XURÍDICAS

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases de réxime local determina que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e conforme o paragrafo segundo de dito o municipio exercerá competencias propias e, entre outras, en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas conforme o artigo 25.2.I da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local. Concretamente o artigo 8 a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia atribúe aos municipios, entre outros, promover e, de ser o caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

Dentro dos principios xerais de actuación e funcionamento o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, dispón que as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á lei e ao dereito. Deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:

- a) Servizo efectivo aos cidadáns.
- b) Simplicidade, claridade e proximidade aos cidadáns.
- c) Participación, obxectividade e transparencia da actuación administrativa.
- d) Racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión.
- e) Boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.
- f) Responsabilidade pola xestión pública.
- g) Planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas.

A planificación de actividade pública constitúe unha das claves da xestión en termos de eficacia e eficiencia, permitindo, así mesmo, unha maior transparencia e rendición de contas nos termos dunha mellor gobernanza. Planificación que, en ámbitos con tanto impacto cidadá como o deporte adquire unha importante relevancia a través da promoción da práctica de actividades físicas e deportivas, e situando a Vigo como cidade de referencia no ámbito deportivo mediante a organización de acontecementos deportivos e a colaboración cos distintos organismos reitores do deporte, planificación que tamén contribuirá ao impulso do sector económico e de coñecemento.

Polo exposto, previo informe xurídico e, se procede, da Intervención Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local como órgano competente en materia de en virtude das competencias delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 en materia de aprobación de programas municipais, a seguinte PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na Cidade de Vigo: liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2024/2027.

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no Portal de Transparencia conforme o disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PLAN DE DINAMIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE NA CIDADE DE VIGO: LIÑAS ESTRATÉXICAS BÁSICAS DE ACTUACIÓN NO PERÍODO 2024/2027**

A planificación de actividade pública constitúe unha das claves da xestión en termos de eficacia e eficiencia, permitindo, asimesmo, unha maior transparencia e rendición de contas nos termos dunha mellor gobernanza. Planificación que, en ámbitos con tanto impacto cidadá como o deporte adquire unha importante relevancia a través da promoción da práctica de actividades físicas e deportivas, e situando a Vigo como cidade de referencia no ámbito deportivo mediante a organización de acontecementos deportivos e a colaboración cos distintos organismos reitores do deporte, planificación que tamén contribuirá ao impulso do sector económico e de coñecemento.

Esta planificación permitirá, a nivel interno, unha mellora nos aspectos organizativos, tanto previos como posteriores da acción municipal no deporte, amplamente recoñecida pola normativa básica en materia de réxime local, constituíndo tamén unha ferramenta de transparencia da xestión municipal comunicando ao conxunto da cidadanía, en xera, e á comunidade deportiva, en particular, marcando o camiño que, para este mandato, seguirán as políticas públicas na materia.

Nesta liña, a planificación das políticas públicas será obxecto de máxima difusión de conformidade co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, garantindo así o cumprimento da súa finalidade, sen prexuízo do seu desenvolvemento a través de programas anuais, de ser o caso.

#### **1.- INTRODUCCIÓN:**

Vigo foi historicamente unha cidade cun forte arraigo e tradición deportiva, materializado por unha banda no elevado volume de practicantes en todas as franxas de idade, modalidades e formatos de práctica, e por outra banda na multiplicación de eventos deportivos atraídos á cidade e que se celebran anualmente.

A cidade de Vigo converteuse ó longo da súa historia nun centro de referencia para innumerables competicións de deporte de base e de alto nivel, así como para probas e grandes eventos deportivos, que atoparon na cidade un entorno óptimo para o seu desenvolvemento, como queda patente coa celebración de eventos de ámbito nacional e internacional, que ano tras ano colocan a Vigo nun lugar preeminente no ámbito do deporte.

Esta vocación de Vigo co desenvolvemento do feito deportivo en todas as súas manifestacións e desde as diferentes perspectivas, xunto co impulso e apoio á celebración de grandes eventos



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

deportivos, converteu á cidade nunha referencia a nivel nacional, recoñecido incluso co outorgamento do Premio Nacional do deporte no ano 2010, que distinguiu á cidade como a entidade española máis destacada polas súas iniciativas no fomento do deporte, tanto na promoción e organización de actividades como na dotación das súas instalacións deportivas, ou co outorgamento fai breves datas do premio á mellor entidade pública galega no ámbito do deporte, outorgado pola asociación galega de xestores deportivos.

Estas consideracións están directamente vinculadas co compromiso do Concello de Vigo co deporte, que se materializa no desenvolvemento das súas liñas básicas de actuación neste campo e no cumprimento dos seus obxectivos fundamentais, encamiñados por unha banda ó fomento e promoción do deporte a través do apoio e axuda ás entidades deportivas e ós deportistas da Cidade de Vigo nos seus proxectos de competición, e por outra á consolidación dun calendario de celebración de grandes proxectos e eventos deportivos que se xeran na Cidade de Vigo como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, que posibilita un maior achegamento do feito deportivo a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

O Concello de Vigo debe tender á excelencia na xestión da actividade deportiva, garantindo unha planificación axeitada e adaptada ás necesidades da poboación en xeral, atendendo as necesidades concretas vinculadas cos distintos perfís de persoas, tendo en consideración a configuración do tecido asociativo deportivo da cidade de Vigo e tendo en conta a estrutura territorial da cidade.

Estas cuestións han de impulsar un traballo de planificación orientado a avaliar as necesidades existentes, estruturar obxectivos e definir contidos que permitan desenvolver os plans específicos de actuación nos diferentes ámbitos dentro da xestión deportiva local.

### **2.- LIÑAS ESTRATÉXICAS BÁSICAS DO SERVIZO DE DEPORTES:**

O Concello de Vigo, de conformidade coa súa responsabilidade e co establecido nos artigos 25.1. e 25.2.I da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, promove o deporte e a ocupación do tempo libre, desenvolvendo dúas grandes áreas de xestión da actividade deportiva:

2.1.- Xestión das instalacións deportivas municipais.

2.2.- Promoción, dinamización, apoio e fomento da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Destas dúas grandes áreas de xestión derivan os obxectivos xerais do servizo de deportes, que fundamentalmente se orientan a:

- Garantir unha oferta deportiva completa e de calidade.
- Optimizar a xestión e rendemento das infraestruturas deportivas municipais existentes.
- Impulsar a construción de novas infraestruturas.
- Apoiar proxectos deportivos.
- Establecer sistemas de avaliación axeitados.
- Potenciar a práctica deportiva.

- Consolidar a Vigo como “Cidade do deporte”.
- Promover estratexias transversais vinculadas co deporte en igualdade.
- Desenvolver actuacións orientadas a colectivos con necesidades concretas.
- Potenciar a celebración de grandes eventos deportivos na cidade de Vigo.

### **2.1.- Xestión das instalacións deportivas municipais.**

A xestión da rede de infraestruturas deportivas municipais que o Concello de Vigo, a través do servizo de deportes, desde o punto de vista da planificación estratéxica, realízase con tres obxectivos básicos:

- Adaptar e actualizar a rede de instalacións existente na cidade de Vigo.
- Avaliar novas necesidades, propoñer e, no seu caso, completar a rede de instalacións e equipamentos.
- Garantir un axeitado mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais.

A cidade de Vigo conta cunha extensa rede de instalacións deportivas municipais que atenden ó longo do ano miles de competicións, adestramentos, actividades non federadas e eventos deportivos, constituíndo unha oferta de espazos deportivos que atende as necesidades fundamentais da cidadanía de Vigo. Esta rede se estende ó longo da cidade, dando cobertura ás necesidades nas distintas zonas de Vigo.

O Concello de Vigo, se plantexa como liña básica de actuación a optimización das instalacións deportivas municipais existentes, realizando unha avaliación paralela das necesidades derivadas da evolución da práctica deportiva que permita completar de forma coherente a rede de equipamentos.

Concretamente a Concellería de deportes ten como obxectivos básicos neste ámbito:

- Continuar co esforzo inversor que se ven desenvolvendo, impulsando a construción de novas infraestruturas que completen a rede municipal, atendendo tanto as necesidades de modalidades maioritarias como aquelas necesidades específicas concretas de modalidades minoritarias ou de nova implantación na cidade.
- Mellorar os plans de mantemento e conservación que permitan dispoñer de instalacións adaptadas ás necesidades e esixencias actuais.
- Impulsar o uso de novas tecnoloxías no ámbito do control e o mantemento das instalacións.
- Garantir a seguridade das instalacións deportivas municipais.
- Establecer estratexias de colaboración co tecido deportivo asociativo da cidade que permita implementar sinerxías orientadas á optimización dos usos dos espazos deportivos.

Estes obxectivos básicos han de permitir desenvolver estratexias de eficiencia vinculadas coa planificación estratéxica no ámbito da xestión das instalacións deportivas orientadas a optimizar os recursos materiais e humanos e a desenvolver a responsabilidade sobre a planificación, o control, a programación e o mantemento das mesmas, e que permitan:

- A planificación estratéxica en relación á construción de novas instalacións deportivas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

- A elaboración de propostas, o control e o seguimento de convenios de uso de instalacións deportivas.
- O mantemento das instalacións deportivas:
  - Coordinación xeral do mantemento ordinario e extraordinario.
  - Programación e propostas de actuacións. Calendario.
  - Elaboración de protocolos de control de mantementos.
  - Seguimento, execución e avaliación de obras e mantementos ordinarios e extraordinarios.
  - Control de consumos enerxéticos e elaboración de propostas de mellora e optimización.
  - Análise e avaliación anual.
- O desenvolvemento de propostas, a elaboración e seguimento da execución contratos de servizos, consumos enerxéticos...
- A xestión dos Recursos humanos:
  - Planificación e proposta anual de necesidades de persoal.
  - Elaboración do calendario anual de traballo.
  - Coordinación do persoal de instalacións.
  - Análise e avaliación trimestral, semestral e anual.
  - Propostas de actuación á xefatura de servizo.
- A xestión e control do gasto ordinario e extraordinario.
- A avaliación xeral dos procedementos e protocolos.

### **2.2.- Promoción, dinamización e apoio Actividade deportiva:**

As diferentes perspectivas desde as que se pode abordar a práctica deportiva, orientan a xestión das administracións públicas neste ámbito establecendo o itinerario a seguir na planificación estratéxica destas na dinamización do deporte nas cidades.

A promoción da actividade deportiva debe atender as súas distintas manifestacións, considerando que os diferentes perfís de cidadáns demandarán unha oferta adaptada ás súas necesidades e inquietudes.

Tendo en conta estas cuestións, desde o servizo de deportes se desenvolven varias liñas básicas de actuación orientadas a dar resposta ás necesidades da cidadanía en xeral, abordando a xestión da promoción da actividade deportiva desde o ámbito da saúde, da competición federada de base e afeccionada, do deporte de alto nivel, do deporte recreativo, da terceira idade, dos eventos deportivos, etc.

Nesta liña, o Servizo de deportes plantexa, como obxectivos fundamentais:

- Dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa.
- Optimizar os recursos destinados á promoción do deporte.
- Atender as necesidades concretas de colectivos específicos.
- Potenciar a participación feminina no deporte.
- Apoiar e dinamizar iniciativas deportivas orientadas a persoas con discapacidade.
- Impulsar, apoiar e potenciar iniciativas de deporte de base.
- Promover a celebración de eventos deportivos.

- Fomentar o deporte de alto nivel.

O servizo de deportes, impulsa estes obxectivos a través de diferentes liñas de actuación que ofrecen a posibilidade de descompoñer e orientar a oferta deportiva da cidade desde a perspectiva da lóxica e a optimización dos recursos.

- Programas propios: Liña de desenvolvemento de actividades e programas propios de actividade: A Concellería de deportes promove directamente a práctica deportiva a través de diferentes programas e actividades que perseguen obxectivos relacionados fundamentalmente coa saúde, tratando de incrementar o porcentaxe de poboación que realiza actividade física, reducindo o sedentarismo e impulsando a práctica en colectivos moi significativos como os escolares e a terceira idade. Esta liña de actuación se concreta na dinamización dos seguintes programas e actividades:
  - Programa municipal de escolas deportivas.
  - Programa Auga e saúde.
  - Liga de Natación escolar.
  - Programa de carreiras populares RunRunVigo.
  - Liga Linco.
  - Programa de Crosses escolares.
- Deporte de elite: Liña de apoio ó deporte de elite a través da dinamización do apoio e subvencións a entidades de elite da cidade cos seguintes obxectivos:
  - Conseguir unha referencia para os e as xóvenes deportistas da cidade
  - Establecer unha ferramenta motivadora extraordinaria para o deporte de base.
  - Atraer á cidade a atención mediática dos medios de comunicación de ámbito nacional.
  - Consolidar a marca “Vigo” como unha referencia no ámbito do deporte a nivel nacional.
- Deporte de base: Liña de apoio ó deporte de base a través dos programas de dinamización e dos programas de subvencións a entidades deportivas polo desenvolvemento dos seus proxectos deportivos, co obxectivo de:
  - Consolidar os programas de formación desenvolvidos na cidade.
  - Xerar iniciativas de apoio a actividades deportivas orientadas ó deporte de base.
  - Dinamizar sinerxías co tecido asociativo da cidade.
  - Impulsar iniciativas vinculadas coa loita contra o sedentarismo dos nenos e nenas.
  - Xerar ofertas de actividade deportiva competitiva e de ocio.
  - Consolidar unha oferta formativa completa.
  - Promover a consolidación de itinerarios completos de formación deportiva.
- Eventos deportivos: Liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

entidades, para os que a Concellería de deportes desenvolve varias liñas estratéxicas fundamentais de actuación:

- Liña de subvencións nominativas, definidas, de ser o caso, no orzamento anual da Concellería de deportes.
- Liña de subvencións a eventos e proxectos deportivos. Que permitan o apoio a través de propostas de subvencións dos proxectos e eventos deportivos que están en moitas ocasións vinculados con criterios e principios do ámbito do calendario deportivo que impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión vinculados coas administracións.

Estas circunstancias provocan que algunhas propostas sexan recibidas ó longo do ano para a súa avaliación e estudo a medida que son recibidas, o que esixe dispoñer dunha capacidade para establecer procedementos de avaliación continua que permitan determinar o grao de interese xeral para cada un dos casos e determinando os mecanismos e procedementos administrativos axeitados.

- Liña de patrocinios deportivos. O feito deportivo ven configurado, dende o punto de vista do seu desenvolvemento, desde diferentes perspectivas. Unha delas é a relacionada directamente coa celebración de eventos deportivos na cidade que veñen a completar e fortalecer a oferta deportiva en Vigo, e que constitúen unha ferramenta idónea para a consolidación da “marca” Vigo no ámbito nacional ou internacional. Estes eventos deportivos, dinamizados e liderados fundamentalmente desde o sector deportivo privado, reforzan a marca “cidade de Vigo” no ámbito deportivo nunha proporción extraordinaria, o que xustifica o desenvolvemento de estratexias que permitan a presenza institucional do Concello de Vigo no desenvolvemento dos mesmos como medio de consolidar a marca “cidade de Vigo” como cidade do deporte, no marco da planificación estratéxica en materia de comunicación e publicidade desenvolvida polo Concello de Vigo como Institución e ao amparo das pautas incluídas na Liña estratéxica 2 do dito Plan, aprobado por resolución da Concellería de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal con data 10-04-2023 , que fai referencia ó patrocinio publicitario como ferramenta de comunicación e Publicidade, atraendo a atención mediática e social e consolidando e robustecendo o sistema económico-social da cidade.

Obxectivos básicos:

- Promocionar a marca Vigo como cidade do deporte.
- Atraer proxectos que supoñan unha consolidación do tecido produtivo na súa relación co deporte.
- Impulsar unha oferta deportiva de calidade no ámbito dos grandes eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

As devanditas liñas estratéxicas se concretan a través dos diferentes programas operativos que, de conformidade coa planificación orzamentaria, se aproben polo órgano competente.

**11(134).- NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2024-2025. EXPTE. 89019/332.**

Dáse conta do informe-proposta de data 27/02/2024, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, nove Escolas Infantís do primeiro ciclo de educación infantil, 0-3 anos (Atalaia-Teis, Bembrive, Bouzas, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Santa Marta -prevese o seu traslado á Praza da Industria- e Tomás Alonso), ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei Orgánica de Educación-LOE.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 16 de marzo de 2023 acordou aprobar as *Normas para a adxudicación de prazas nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para o curso 2023-2024 (Expte 44992/332)*.

O procedemento básico da convocatoria non difire significativamente da realizada o curso anterior, en canto a prazos e mecanismos de solicitude e seguimento do proceso.

Segundo instrucións da concellería delegada, inclúense na proposta de convocatoria do curso 2024-2025 na Rede de Escolas Infantís Municipais que acompaña a este informe, as seguintes modificacións:

- EIM Santa Marta-Casco Vello: Está previsto o traslado desta escola ás novas instalacións que se están a preparar no IME (Instituto Municipal de Educación), na Praza da Industria, unha vez rematadas as obras de acondicionamento e obtidas as correspondentes autorizacións por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Estas circunstancias poderán motivar algunha demora no comezo do curso nesta escola infantil municipal.

- Os servizos que se prestan nas escolas infantís municipais para o curso 2024-2025 serán gratuítos para todos os nenos e nenas usuarios/as e comprenden os servizos de atención educativa, servizo de comedor (almorzo, xantar, merenda), así coma o servizo de orientación.

As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), que establece como competencia propia:

*"n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.”*

A Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:

*“ ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.*

*o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.”*

Se ben as competencias das corporacións locais en materia de educación son as sinaladas no referido artigo 25.2 n) da lei 7/85, e 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, cómpre citar a disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais, de acordo coa cal: «1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma».

Pola súa parte a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, regula no seu artigo 1, letra p) que o sistema educativo español inspírase entre outros principios, na cooperación e colaboración das Administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implementación da política educativa.

En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas para o curso 2024-2025 que se achega no expediente elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2024-2025, conforme ao texto que se xunta a esta proposta de acordo.
2. Facultar á Concelleira de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2024-2025 de acordo co calendario previsto nas Normas citadas, así como a resolución das solicitudes e aprobación dos listados provisionais e definitivos e lista de agarda.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E MATRÍCULA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2024-2025

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

Estas Normas teñen por obxecto convocar e regular o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na **Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 (REIM)** dependente do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2024/2025 e establecer o calendario do procedemento.

Conforman actualmente a REIM as seguintes escolas infantís municipais: Atalaia-Teis, Bembrive, Bouzas, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Santa Cristina-Lavadores, Santa Marta (prevese o seu traslado á Praza da Industria) e Tomás Alonso. No **Anexo 1** destas Normas, recóllese a **oferta actual da REIM**.

### **SEGUNDA.- XESTIÓN**

A xestión da REIM levase a cabo de forma indirecta mediante contratos de servizos, con empresas que prestan os seus servizos nos termos contidos nos correspondentes pregos de prescricións técnicas e administrativas que o regulan.

### **TERCEIRA.- SERVIZOS QUE SE OFERTAN**

#### **1. Atención educativa**

As escolas da REIM de Vigo contan con proxecto educativo propio que se axusta na súa estrutura ao indicado no Decreto 150/2022 de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Préstase tamén unha atención especial á aprendizaxe do idioma galego, mediante metodoloxías que facilitan a inmersión lingüística.

#### **2. Servizo de orientación. Gabinete psicopedagóxico**

Cada unha das escolas da REIM de Vigo conta cun Equipo de Atención Temperá (EAT), nos termos contidos nos pregos técnico e administrativo que regulan os correspondentes contratos de xestión de servizos.

#### **3. Servizo de comedor**

Todas as escolas da REIM contan con cociña propia. Os menús están supervisados por un servizo específico de Nutrición infantil.

As quendas de Mañá e Continua ofertan un servizo de almorzo (opcional) e de xantar, e as quendas de Tarde, servizo de merenda.

#### **4. Horario e calendario**

Dentro do horario de apertura do centro, as persoas solicitantes optarán por unha das quendas que se oferten en cada escola, reflectidas no Anexo 1 destas Normas. Neste horario de funcionamento, fíxase unha permanencia na escola de un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.

As horas de permanencia no centro, incluídas as de entrada e saída do mesmo, serán acordadas entre a familia e a escola e non interferirán no normal funcionamento desta.

Horarios especiais:

- ◆ En circunstancias excepcionais, debidamente acreditadas, o horario poderase ampliar ou reducir, trala correspondente solicitude e valoración técnica das circunstancias das e dos menores (realizada polo centro en base aos seus



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

criterios organizativos de funcionamento), mediante Resolución da concelleira de Educación do Concello de Vigo.

- ◆ Para o desenvolvemento das sesións de traballo trimestrais do equipo educativo das escolas, de preparación da programación, os centros con quenda de Tarde pecharán ás 19,00h os días que propoña cada escola á aprobación do Consello Escolar.

### Calendario:

As escolas permanecerán abertas de luns a venres, excluídos os días festivos establecidos no calendario laboral (nacionais, autonómicos e locais), así coma o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Xunta de Galicia, e os días 24 e 31 de decembro.

O curso escolar comezará o día **5 de setembro de 2024**.

O alumnado poderá asistir ao centro durante todo o ano, agás no mes de agosto, no que as escolas infantís municipais estarán pechadas, para a realización de traballos de mantemento das instalacións e equipamentos e para o desfrute das vacacións do persoal e alumnado.

### Período de adaptación

As escolas planifican o período de adaptación, entendido como a incorporación gradual dos/as cativos/as na escola, tendo en conta que acudir por primeira vez á escola en períodos curtos de tempo favorece unha rápida adaptación á mesma.

Antes do comenzo do curso, cada escola programa unha primeira xuntanza con todos os pais e nais, titores/as ou representantes legais para explicar como se vai desenvolver este período de adaptación, co fin da súa implicación para facilitar o proceso.

## **5. Outras prestacións**

A matriculación nunha escola infantil municipal incluírá así mesmo, os seguros obrigatorios.

## **CUARTA.- REQUISITOS PARA SER ADXUDICATARIO**

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o/a neno/a estea **empadroado en Vigo**.
2. Idade do/a neno/a
  - Ter unha **idade mínima de tres meses** na data de ingreso na escola na que obteña praza
  - **Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2024**.  
Este prazo poderase ampliar un ano máis para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, logo da emisión do ditame do equipo de orientación específica da xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, por petición das/dos nais/pais, ou titores/as legais a través da escola onde renoven a praza, quen proporcionará á familia a información e orientación necesarias sobre o procedemento a seguir nestes casos.
3. No caso de integrarse nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, en ningún caso poderá haber máis dunha nena ou dun neno con estas necesidades por aula. Para efectos de ratio, estas prazas contabilizaranse como dúas.

## **QUINTA.- CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS**

As prazas adxudicaránse por esta orde:

- A) Reserva de praza

Teñen preferencia á renovación automática da praza os/as nenos/as escolarizados/as no curso 2023/2024, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e se convoquen prazas para a quenda que solicita. Poderán reservar praza noutra escola da REIM as familias que xustifiquen un cambio de domicilio, cando existan prazas suficientes, logo de rematado o proceso de renovación de praza do alumnado da propia escola.

**B) Novo ingreso**

Pódese solicitar praza en calquera das escolas da REIM de Vigo, segundo a oferta indicada no Anexo 1 destas Normas. Os/As solicitantes deberán, se é o caso, marcar **por orde de preferencia** dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda, tendo en conta que a quenda de Mañá e a Continua, son, a estes efectos, a mesma.

As solicitudes seguirán a seguinte orde de adxudicación:

1. Os/as fillos/as do persoal da REIM, cando soliciten a praza no centro onde presta servizo a/o nai, pai, titora ou titor legal.
2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza, renovada ou de novo ingreso na EIM para a que solicitan praza.

As prazas que queden vacantes adxudicaranse aos/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo 3 destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

**C) Prazo extraordinario**

Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, o período de solicitude permanecerá aberto, de xeito *extraordinario* e con carácter xeral, a partir do **día 1 de setembro e ata o 31 de decembro de 2024**, no caso de existiren prazas dispoñibles na aula e na escola onde se solicita a praza. Para o alumnado que opte ao **Aula 1 (0-1 anos)**, este prazo estenderase **ata o 31 de xaneiro 2025**.

**SEXTA.- PREZOS**

1. Os servizos de atención educativa das escolas infantís municipais para o curso 2024-2025 serán gratuítos.
2. O servizo de comedor das escolas infantís municipais (almorzo, xantar, merenda), así coma o servizo de orientación, tal e como se veu facendo nas anteriores convocatorias da rede de escolas infantís municipais do Concello de Vigo, non suporá custo adicional algún para o alumnado participante.

**SÉTIMA.- BAREMO. RENDA PER CÁPITA MENSUAL**

1. A efectos da aplicación do baremo incluído no Anexo 3, a determinación do importe da renda per cápita da unidade familiar computarase do seguinte xeito:
  - a) O importe dos ingresos totais das rendas do exercicio anterior de cada un dos membros da unidade familiar, que será o resultado da suma da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo o criterio establecido na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Para estes cálculos tomarase a declaración do IRPF correspondente ao ano 2022.
  - b) O importe anterior dividirase polo número de membros da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase en 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
  - c) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior entre catorce.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Nos supostos nos que a capacidade económica da unidade familiar experimentara unha minoración notable en relación coa que se deriva do cómputo da renda per cápita segundo os criterios antes expostos, os interesados manifestarán esta circunstancia e acreditarán a nova situación económica aportando documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2024.

2. Entenderase por **unidade familiar** a formada polos cónxuxes non separados legalmente, ou análoga relación de afectividade, e:
  - as/os fillas/os menores, con excepción de quen, con consentimento das/s nais, pais, vivan independentes destas/es.
  - as/os fillas/os maiores de dezoito anos que convivan no domicilio familiar.
3. Entenderase por **familia monoparental** o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e as/os fillas/os menores ao seu cargo, nos seguinte supostos:
  - ◆ Os homes e mulleres que afronten a paternidade ou a maternidade en solitario.
  - ◆ As familias formadas por unha ou un cónxuxe viuvo e os fillos e fillas.
  - ◆ As familias formadas por unha nai ou pai que queda a cargo das fillas e fillos sen que teñan custodia compartida.
4. A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo a situación existente no período de solicitude de praza.

### OITAVA.- SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

#### A) SOLICITUDES

##### 1.- Solicitudes de renovación

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados na Norma Cuarta, punto 2, e na Norma Quinta A), manterá o seu dereito á praza para o curso 2024-2025.

As solicitudes presentaranse na propia escola utilizando o Formulario de Renovación de Praza, dispoñible na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim).

As familias dos/as nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo escolarizados/as durante o curso 2023/2024 que tivesen cumprido os tres anos a 31 de decembro de 2024, poderán solicitar a súa permanencia na escola durante un curso máis, para o que deberán presentar a solicitude de renovación xunto co informe de valoración da dirección da escola sobre a súa evolución e os informes dos/as profesionais que leven o seguimento do/a neno/a.

**Prazo de presentación do formulario de renovación:**

Do **18 ao 22 de marzo de 2024**.

##### 2.- Solicitudes de novo ingreso

As/os interesadas/os deberán cubrir o Formulario de Solicitude de Praza, dispoñible na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim).

**Presentación das solicitudes :**

a) Solicitude telemática - Sede electrónica (vía preferente)

Unha vez  **cuberto e asinado**  o Formulario de Solicitude de Praza na web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim), seguindo as instrucións que se indican, accédese ao procedemento "Solicitude de praza nas escolas infantís municipais", na sede electrónica do Concello de Vigo ([www.vigo.org/solicitude-eim](http://www.vigo.org/solicitude-eim)), onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude de Praza) e pulsar tramitar, sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace

[https://sede.vigo.org/expedientes/sede\\_textos/texto.jsp?id=sede\\_firma](https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma). Unha vez realizado este proceso poderase descargar o xustificante do Rexistro.

b) Solicitude presencial - Rexistro Xeral. Unha vez **coverto e asinado** o Formulario de Solicitude de Praza seguindo as instrucións que se indican na web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim), deberase imprimir o documento resultante e, xunto coa documentación requirida (no caso de non tela anexado na aplicación), presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (previa solicitude de cita), ou en calquera dos lugares establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Con carácter extraordinario, permitirase solicitar praza para **nenos/as non nados**, cuxo nacemento estea previsto para **antes do 4 de xuño de 2024** data tope de nacemento para a súa posible admisión, e sempre que presenten a solicitude de praza dentro dos prazos previstos nesta Norma.

## B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

A documentación que en cada caso corresponda presentar, poderase achegar electronicamente (mediante o seu escaneado) no lugar indicado na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) onde cubriron o Formulario de Solicitude ou ben presentar fisicamente en papel á hora de realizar a solicitude presencial.

### Alumnado de novo ingreso:

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (formulario oficial de solicitude) **coverta e asinada**, a seguinte documentación:

- Fotocopia do Documento nacional de identidade (DNI) ou outro documento acreditativo da identidade da nai e do pai, ou dos representantes legais, segundo proceda.
- Fotocopia do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Vida laboral actualizada da nai e do pai ou representantes legais.

### SITUACIÓN LABORAL

No caso de solicitantes que perciban Risga

- Certificación acreditativa

### SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

Só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais puntuables no baremo:

Acreditación da condición de familia numerosa:

- Fotocopia do Título de familia numerosa.

Acreditación da condición de familia monoparental:

- Sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución xudicial de medidas paterno-filiais.
- Certificado administrativo de monoparentalidade expedido pola Comunidade Autónoma.

Acreditación da condición de minusvalía e/ou dependencia:

- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia da/do nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.
- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia do/da neno/a para quen se solicita praza.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de presentación solicitude establecido, suporá a renuncia implícita á súa valoración no epígrafe "situación socio-familiar" do baremo que se recolle no Anexo 3.

### PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será do **25 de marzo ao 12 de abril de 2024**.

### NOVENA.- TRAMITACIÓN

1. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos datos fiscais da Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) da persoa solicitante e do seu cónxuxe ou parella, correspondentes ao ano 2022, agás oposición expresa do interesado, que reflectirá no apartado correspondente no Formulario de Solicitud; neste caso, deberán achegar copia da última Declaración da Renda de todos os membros da unidade familiar.  
Así mesmo, para a tramitación deste procedemento, consultarase automaticamente os datos incluídos no Padrón Municipal.  
No suposto de non poder obter os datos do órgano competente poderase requirir á persoa interesada a súa presentación.
2. O Servizo de Educación do Concello de Vigo comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días naturais, achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición.  
O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que considere precisos para unha mellor e máis eficaz realización do seu cometido.
3. A páxina web das escolas ([www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim)) permite incorporar a documentación complementaria ou requirida polo Servizo de Educación.
4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos presentados. O Concello de Vigo poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o seu cotexo.
5. No caso de familias de nenos e nenas con necesidades específicas que solicite ampliación do prazo de escolarización, será a propia escola quen remitirá a solicitude xunto co resto da documentación á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o seu traslado ao equipo de orientación específico, que emitirá o correspondente ditame de escolarización.

### DÉCIMA.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o **baremo establecido no Anexo 3** destas Normas, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter **igual puntuación**, daráselle **prioridade á renda per cápita máis baixa**.
2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:
  - Presidencia: A xefa do Servizo Municipal de Educación ou persoa en quen delegue.
  - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as

solicitudes, e un funcionario/a do Servizo Municipal de Educación, que actúa de secretario/a, nomeado polo concelleiro de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección ao concelleiro de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.

#### **LISTAS PROVISIONAIS**

A relación provisional de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, o **día 31 de maio de 2024**.

#### **UNDÉCIMA.- RECLAMACIÓNS**

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo de **seis (6) días naturais** posteriores á data da exposición pública da relación provisional.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da **lista definitiva**.

#### **DUODÉCIMA.- RESOLUCIÓN**

Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisional, correspóndelle á concelleira de Educación a aprobación da relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida. Desta Resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte.

#### **LISTAS DEFINITIVAS**

A relación definitiva de admisións e lista de agarda, coas puntuacións obtidas farase pública na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, o **día 18 de xuño de 2024**.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- MATRÍCULA**

1. A matrícula é a aceptación da praza adxudicada nas listas definitivas mediante o impreso de aceptación de praza (Anexo 2).
2. As familias de nenas/os admitidas/os formalizarán a matrícula na escola onde obtivesen a praza, presentando o **Impreso de aceptación de praza (Anexo 2)** debidamente cuberto e asinado, xunto co **documento que acredite que o menor cumpre co calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación**.
3. A formalización da matrícula no prazo sinalado é imprescindible para confirmar a praza. En caso contrario, considérase decaída/o na súa solicitude.
4. O **prazo** para formalizar a matrícula comprenderá dende o día **19 ao 28 de xuño de 2024**.

A matrícula quedará condicionada á presentación **antes da data de inicio de curso**, da documentación que requirirá cada escola trala reunión mantida coas familias, cumprindo co compromiso adquirido no punto 4 do anexo 2.

#### **DÉCIMO CUARTA.- LISTA DE AGARDA**

1. A lista de agarda estará constituída polas/os solicitantes que non obteñen praza en ningunha das escolas solicitadas, ordenadas/os segundo a puntuación acadada no baremo de admisión.
2. As vacantes que se vaian producindo ao longo do curso en calquera das Escolas Infantís, serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as/os solicitantes en





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

lista de agarda. O persoal do servizo de educación tentará ó longo de dous días o contacto telefónico ó número indicado pola familia na solicitude cuberta para a convocatoria e se dirixirá tamén ó correo electrónico indicado nesta para deixar constancia da acción. De non haber resposta, pasarase a contactar á seguinte solicitude que lle corresponda por quenda.

3. As/os solicitantes que obteñan praza e renuncien a ésta, quedarán excluídos tamén da outra opción solicitada
4. As familias en lista de agarda terán preferencia sobre as que se presenten durante o Prazo extraordinario, referido no punto C da Norma Quinta.

### **DÉCIMO QUINTA.- PRAZO DE RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO**

Con carácter xeral, o prazo máximo para resolver o procedemento previsto nesta convocatoria será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da aprobación destas Normas. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

### **DÉCIMO SEXTA.- PUBLICIDADE**

A relación provisoria de admitidas/os, lista de agarda e lista definitiva, coa puntuación obtida, publicarase na páxina web [www.escolasvigo.org/reim](http://www.escolasvigo.org/reim) e nas respectivas Escolas Infantís Municipais, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- BAIAS**

1. Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das circunstancias seguintes:
  - a) Polo cumprimento da idade máxima regulamentaria de permanencia no centro.
  - b) Pola solicitude das/os nais/pais ou representantes legais.
  - c) Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
  - d) Pola incompatibilidade ou inadaptación manifesta para permanecer no centro.
  - e) Pola falta de asistencia continuada durante quince días sen causa xustificada.
  - f) Pola falta de asistencia durante 10 días no mesmo mes, sen causa xustificada.
  - g) Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada.
  - h) Polo incumprimento reiterado da normativa reguladora da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Vigo (as presentes Normas e os correspondentes Regulamentos de Réxime Interno das escolas).
  - i) Pola falta de incorporación do menor á escola transcorridos 5 días hábiles trala data de inicio do curso ou da formalización da matrícula se esta fose posterior, sen causa xustificada.
2. Cando se produza unha falta de asistencia (puntual ou prolongada), deberá presentarse, con periodicidade mensual, a documentación acreditativa da causa que a produce. O incumprimento desta obriga será causa de baixa.
3. As baixas motivadas polo establecido nas líñas d), e), f), g), h) e i) resolveraaas a concelleira delegada da Área de Educación tralo informe da dirección do centro onde estea a/o nena/o matriculada/o e o informe técnico do Servizo de Educación municipal.
4. As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubriranse coas/os solicitantes que figuren en lista de agarda en cada grupo de idade, por rigorosa orde de puntuación. Este procedemento aplicarase ata o día 31 de xaneiro de 2025, momento a partir do cal non se producirán novas altas nas escolas infantís municipais.

## DÉCIMO OITAVA.- REGULAMENTO XERAL

Estas Normas serán de aplicación ao curso 2024-2025. No non recollido nas mesmas estarase ao disposto na lexislación xeral en materia de educación e no Regulamento de Réxime Interior das escolas infantís da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Vigo.

A concelleira delegada da Área de Educación, en virtude das súas competencias, poderá ditar as resolucións e instrucións oportunas para o correcto desenvolvemento destas Normas.

## DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos no formulario normalizado de solicitude de praza, indispensables para a xestión desta convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos da xestión deste procedemento en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas na solicitude de praza na Rede de escolas infantís municipais.

Os datos serán obxecto de cesión ás empresas adxudicatarias da xestión de cada escola, que asumen expresamente as responsabilidades como encargadas do tratamento. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

### ANEXO 1

#### OFERTA DE PRAZAS DA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2024/2025

##### a) Oferta de quendas, liñas e aulas por escola

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	QUENDA			LIÑAS	AULAS		
	Mañá	Tarde	Continu a		0-1	1-2	2-3



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

<b>Atalaia-Teis</b>	X	X		1	X	X	X
<b>Bembrive</b>			X	2	X	X	X
<b>Bouzas</b>			X	1	X	X	X
<b>Costeira-Saiáns</b>		X	X	1	X	X	X
<b>Mestres Goldar-Castrelos</b>			X	1	X	X	X
<b>Navia</b>	X	X		1	X	X	X
<b>Santa Cristina-Lavadores</b>	X	X		1	X	X	X
<b>Santa Marta-Praza da Industria (*)</b>	X	X		1	X	X	X
<b>Tomás Alonso</b>			X	1	X	X	X

(\*) Está previsto o traslado desta escola ás novas instalacións que se están a preparar no IME (Instituto Municipal de Educación), na Praza da Industria unha vez rematadas as obras de acondicionamento e obtidas as correspondentes autorizacións por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. Estas circunstancias poderían provocar algunha demora na data de comezo do curso 2024-2025 nesta escola infantil municipal.

### b) Oferta de horarios por quenda

- **Quenda de Mañá:**
  - Entrada: de 07,30h a 09,00h
  - Saída: de 15,30h a 15,45hQuenda ofertada nas EIMs Atalaia-Teis, Navia, Sta. Cristina-Lavadores e Santa Marta-Praza da Industria.
  
- **Quenda de Tarde:**
  - Entrada: ás 16,00h
  - Saída: de 19,45h a 20,00hQuenda ofertada nas EIMs Atalaia-Teis, Costeira-Saiáns, Navia, Sta. Cristina-Lavadores e Santa Marta-Praza da Industria.
  
- **Quenda Continua:**
  - Entrada: de 07,30h a 09,00h
  - Saída: de 15,30h a 17,00hQuenda ofertada nas EIMs Bembrive, Bouzas, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos e Tomás Alonso .

## ANEXO 2

### DOCUMENTO DE ACEPTACIÓN DE PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO PARA O CURSO 2024/2025

Dna .....  
D. ....  
na súa calidade de nai/pai, titor/a ou representantes legais do/a neno/a  
.....

Manifestan:

- 1) Que aceptan a praza outorgada polo Concello de Vigo para o curso 2024-2025 na EIM .....  
na Aula ..... quenda ....., de acordo co indicado nas Listas Definitivas de adxudicación de prazas na Rede de escolas infantís municipais para o curso 2024/25.  
Esta praza dá dereito ao disfrute, por parte do/a menor citado/a neste documento, das prestacións e servizos incluídos nas "Normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2024-2025" aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024.
- 2) Que coñecen e aceptan o indicado nas citadas Normas.
- 3) Que autorizan a que o/a neno/a sexa recollido/a, na escola infantil, polas persoas así autorizadas segundo modelo á súa disposición nas propias escolas infantís municipais, que poderá ser revocado e/ou modificado cando os representantes legais así o decidan.
- 4) Que antes do comezo do curso, se comprometen a entregar na Escola infantil a documentación que se lles requira, e en particular:
  - Fotocopia da tarxeta sanitaria do menor.
  - Xustificación documental de que o menor segue o calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación.
  - Informe médico conforme o menor non padece enfermidade infecto-contaxiosa.
  - No caso de administrarse medicación no centro: folla susceptible de actualización do tratamento onde constan as pautas de medicación e a sinatura do/a profesional co seu número de colexiado/a, así como a autorización dos pais, nais, titores/as e/ou representantes legais para a administración de dita medicación.
  - Informe do/a pediatra para o suposto de dietas especiais.
- 5) Que ..... (si/non) autorizan ao/á neno/a a saír da Escola infantil para participar nas actividades complementarias/extraescolares programadas.
- 6) Que ..... (si/non) autorizan á toma e publicación de imaxes do/a neno/a polos responsables da Escola infantil.
- 7) Que ..... (si/non) autorizan a que ao/á neno/a se lle administre medicación no suposto de que sexa imprescindible e conte coa perceptiva prescrición facultativa na que conste as horas de administración e a dose correspondente.

Vigo, a ..... de ..... de 2024

Asdo:.....

Asdo.:.....

### ANEXO 3

#### NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (EIM) PARA O CURSO 2024/2025

#### BAREMO

BAREMO DE APLICACIÓN	PUNTOS
----------------------	--------



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

<b>SITUACIÓN ECONÓMICA</b> (RPC mensual da unidade familiar referida ao IPREM vixente)	
Inferior ao 30% do IPREM	4
Entre o 30% e o 50% do IPREM	3
Entre o 50% e o 75% do IPREM	2
Entre o 75% e o 100% do IPREM	1
Entre o 100% e o 125% do IPREM	-1
Entre o 125% e o 150% do IPREM	-2
Entre o 150% e o 200% do IPREM	-3
Superior ao 200% do IPREM	-4
<b>SITUACIÓN LABORAL</b> (só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes seguintes)	
Situación laboral de ocupación: <ul style="list-style-type: none"><li>• Nai</li><li>• Pai</li></ul> Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	7 7
Situación laboral de desemprego: <ul style="list-style-type: none"><li>• Nai</li><li>• Pai</li></ul> Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	2 2
Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga) <ul style="list-style-type: none"><li>• Nai</li><li>• Pai</li></ul> Nas familias monoparentais, esta puntuación asimílase á formada por dous membros	3 3
<b>SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR</b>	
Por cada membro da unidade familiar	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta	1
No caso de que a/o nena/o para a/o que se solicita praza nacesse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade e/ou dependencia	2
Por condición de familia monoparental	3
Por condición de familia numerosa	3
Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6
Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas:	Ata 3

**12(135).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO PROXECTO EMPRESARIAL DE INTERESE MUNICIPAL (PEIM) O PROXECTO DE CREACIÓN DUN “CENTRO ATENDO SENIOR LIVING VIGO”. EXPTE. 20588/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 01/03/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data 21/09/2023 a entidade mercantil “ATENDO CALIDADE S.L.”, con enderezo a efectos de notificación na r/ Zaragoza, n.º 52 en Vigo, achegou, a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo (CÓD. SOLICITUDE: W972759-8091), a solicitude de cualificación como PEIM dun proxecto “**Centro Atendo Senior Living Vigo**” espacio destinado o servizo de aloxamento, en función das necesidades das persoas maiores baixo o concepto de aloxamento, medio integrador entre a terceira idade e as xeracións precedentes na búsqueda dun espazo mais human e personalizado que favoreza a convivencia con outras xeracións, conectado co barrio, coa vida social e cultural, dentro da área urbana de implantación.

II. Con data 23/01/2024 achégase documentación, declaracións e escrituras, para continuar coa tramitación do procedemento.

III. Con data 08/02/2024 xúntase ao expediente a ficha de valoración do proxecto e informe técnico favorable incorporado ao expediente , para cualificar como Proxecto de Interese Municipal (PEIM),o proxecto presentado por “ATENDO CALIDADE S.L.”, para a creación dun “**Centro Atendo Senior Living Vigo**”, servizo de aloxamento que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio á mellora da vida cotiá das persoas da terceira idade, segundo ficha de valoración, concluindo que:

*“Atendo Senior Living é un centro residencial de innovación e aloxamento con coidados para persoas maiores que o precisen.*

*Este centro è unha alternativa de aloxamento para as persoas maiores, que ofertará os seguintes servizos:*

- *Centro de aloxamento para maiores formato de apartamentos e non habitacións, onde cobran especial importancia os espacios comúns e o concepto de comunidade.*
- *Centro con servizos de atención profesionais necesarias e onde as persoas tendrán o control pleno, a pesar incluso das suas posibles limitacións.*
- *Centro de aloxamento que promove e favorece novos encontros e novos pactos entre xeneracións, que o diferenza doutros centros residenciais para maiores, acollerá nas súas instalacións os seguintes servizos:*
  - *Residencia*
  - *Vivenda comunitaria*
  - *Consultas externas: servizos de enfermería, programas de axuda a domicilio*
  - *Centro de día e de entrenamento funcional, rehabilitación e nutrición*
  - *Espaci Coworking*
  - *Espacio de formación “Campus Atendo”*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*Dada a importancia dos servizos de atención a vida diaria a persoas en Vigo, as liñas de actuación a desenvolver neste proxecto, a creación de postos de traballo que poderán ampliarse nun futuro, etc...e unha vez acadada a puntuación mínima de 70 puntos segundo o procedemento establecido, reflectido na ficha de valoración do proxecto, dende o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, consideramos que a iniciativa presentada por ATENDO CALIDADE S.L. para establecemento dun centro de aloxamento-residencia para maiores, cumpre os requisitos previstos para ser cualificado como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) e polo tanto é susceptible de ser beneficiario das citadas axudas e subvencións.”*

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O Concello-Pleno, a proposta da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, na súa sesión de data 5 de xuño de 2000, aprobou o Plan Municipal de Emprego 2000-2003. Dito plan contempla, entre outras medidas, as axudas á creación de empresas, ben a través de subvención directa ou ben a través de bonificacións en determinados impostos municipais, e recolle o concepto de Proxecto Empresarial de Interese Municipal (PEIM).

II. A Comisión de Goberno, en sesión do 04/09/2000, acordou a incorporación ás Ordenanzas Fiscais para o ano 2001 de bonificacións fiscais en determinados *impostos e taxas municipais*, para aqueles proxectos declarados de interese municipal (proxectos PEIM), independentemente da súa forma xurídica, que teñan domicilio no ámbito territorial do Concello de Vigo.

III. O Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado en sesión plenaria da Corporación Municipal de data 29 de abril de 2008, segue a contemplar o apoio municipal aos Proxectos Empresariais de Interese Municipal (PEIM).

IV. As bonificacións fiscais, para os proxectos de interese municipal, veñen especificados nas Ordenanzas Fiscais para o vixente exercicio 2024, e abarcan os seguintes tributos locais:

- Ordenanza Fiscal nº 4 Reguladora do Imposto de Actividades Económicas (*artigo 6.1. “Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%”.*
- Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras (*artigo 3.6. “As obras, construcións e instalacións necesarias para a posta en funcionamento dun proxecto empresarial de interese municipal (PEIM) entenderáse de especial interese por concorrer a circunstancia de fomento emprego e gozarán dunha bonificación na cota deste imposto do 50%, de conformidade co disposto no artigo 103.2a) do RDL 2/2004. Os suxeitos pasivos deste imposto .....*”.
- Ordenanza Fiscal nº 50 Reguladora dos dereitos e Taxas pola concesión de Licenzas de construcións, obras e instalacións e outros servizos urbanísticos (*artigo 5.6. “Gozarán dunha bonificación do 75% das taxas relativas a obras de nova planta ou*

*de reforma necesarias para iniciar unha actividade cualificada como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes.....”).*

- Ordenanza Fiscal nº 51 Reguladora das Taxas por Licenzas de Actividades e Instalacións (*artigo 6. “As cotas relativas á taxa de licenza de actividades e instalacións calculadas segundo o artigo 5 desta Ordenanza gozarán dunha bonificación do 75% cando a licenza solicitada corresponda a un proxecto empresarial de interese municipal (PEIM). Os solicitantes.....”.*

V. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14/03/2011, aprobou as Bases reguladoras para a cualificación dos proxectos empresariais de interese municipal -PEIM (expte. 8053/77), nas que se delimitan as características, requisitos e procedemento de cualificación desta figura, en liña coas Iniciativas Locais de Emprego da Xunta de Galicia, pero exclusivamente xeradas e apoiadas economicamente no ámbito municipal (artigo 2.b do capítulo I, do Decreto 9/2000, do 12 de xaneiro, polo que se regulan as iniciativas locais de emprego):

#### **- Tramitación e procedemento (Base III):**

Poderán solicitar a cualificación como proxecto PEIM os promotores de proxectos empresariais susceptibles de seren cualificados como tales, segundo o estipulado nos artigos 1º e 2º das bases, mediante a achega dunha solicitude no Rexistro xeral do Concello ou en calquera outro medio previsto na lexislación de procedemento administrativo común, xuntando a documentación esixida nas bases reguladoras.

O servizo procederá á avaliación do proxecto, así coma á súa viabilidade desde a óptica empresarial cara a súa cualificación como proxecto PEIM.

Unha vez examinada a documentación obrante no expediente compróbase que constan os documentos esixidos no art. 8º das bases reguladoras:

- DNI do representante
- Escritura de apoderamiento mútuo administradores, (D. Francisco Montoto Veira e D. Luis Miguel Barros Ríos) de data 14/01/2021, do notario don Manuel Arturo Vidal Rodríguez, inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra;
- Escritura pública de constitución, data 18/09/2000, co n.º 782 de protocolo do notario don Manuel Reigada Montoto, de poder xeral outorgado pola mercantil ATENDO CALIDADE S.L. inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra;
- Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable respecto das axudas solicitadas ou percibidas para este fin.
- tarxeta de identificación fiscal, B36875938;
- memoria explicativa da viabilidade do proxecto;
- certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa ATRIGA expedido en data 11/09/2023;
- certificado de estar ao corrente nas súas obrigas no sistema da Seguridade Social expedido en data 21/09/2023;
- certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT expedido en data 06/02/2024





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

- certificado de estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo expedido en data 23/11/2023;

A competencia para a adopción do acordo de cualificación de proxectos PEIM corresponde á Xunta de Goberno Local.

Tal e como se ven pronunciando a Intervención Xeral Municipal con respecto a estes procedementos, non procede a fiscalización previa do expediente dacordo co previsto no art. 214.2.a) do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, ao carecer de contido económico, substituíndose segundo o disposto na Base 41<sup>a</sup> de Execución dos Orzamentos para o presente exercicio, pola inherente toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que determine a Intervención Xeral Municipal.

Contra o acordo de cualificación, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, unha vez avaliada a solicitude e documentación esixidas nas bases reguladoras así coma a súa viabilidade desde a óptica empresarial cara a súa cualificación como proxecto PEIM segundo consta en expediente e previa a conformidade da Sra. Concelleira-da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución Alcaldía do 19/06/23, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO:** Cualificar como Proxecto de Interese Municipal (PEIM) o proxecto presentado pola “**ATENDO CALIDADE S.L.**”, para a creación dun “**Centro Atendo Senior Living Vigo**”, servizo de residencia- aloxamento con coidados, que dea resposta ás crecentes demandas de servizos de apoio á mellora da vida cotiá das persoas da terceira idade, segundo ficha de valoración.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ao interesado no expediente e dar traslado do certificado do acordo adoptado pola XGL, ás dependencias municipais de Administración de Tributos e Xerencia de Urbanismo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(136).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1383/2202.**

Visto o informe xurídico do 29/02/2024 e o informe de fiscalización do 04/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 22/02/2024, asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 7 de abril de 2022 foi subscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de ASPY PREVENCIÓN, S.L. para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión ordinaria de data 10 de marzo de 2022 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 1383/2202).

No apartado 4.C das FEC (follas de características do contrato) do prego de cláusulas administrativas particulares “Prórroga do contrato e, en caso afirmativo, duración” determínase expresamente a posibilidade de catro prórrogas de un ano de duración cada unha.

O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 7 de abril de 2022, e a prestación do servizo comezou ao día seguinte da súa sinatura, co que finaliza o 7 de abril de 2023. O prezo do contrato é de 30.000 € anuais e segundo o punto 3.K das FEC non procede a revisión de prezos.

Segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/03/2023, está en execución a primeira prórroga do contrato que finaliza o próximo 7/04/2024.

A empresa adxudicataria ven prestando os servizos contratados a plena satisfacción desenvolvendo as actividades asignadas de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, sen ningunha incidencia coñecida.

En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe esta contratación establece que *“este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dos meses”*. O preaviso ao adxudicatario foi realizado o 19/01/2023.

En consecuencia, procede efectuar a segunda prórroga do referido contrato, a vista do referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2022 e o prego de cláusulas administrativas ao que fai referencia o citado acordo, previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e informe de fiscalización que se emita pola Intervención Xeral



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Municipal, cuxa imputación orzamentaria e contable parece procedente efectuala con cargo á aplicación prevista no orzamento de “Plans autoprotección e avaliación, PRL” (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación do art. 22 do programa orzamentario da Área de Recursos Humanos e Formación para o exercicio económico 2024.

Vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, pola presente a funcionaria que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**Primeiro.-** Autorizar a segunda prórroga do contrato para a prestación do servizo de formación teórica e teórico-práctica en materia de prevención de riscos laborais para o persoal do Concello de Vigo, formalizado en data 7 de abril de 2022 coa empresa ASPY Prevención, S.L., con CIF B98844574, para o período comprendido entre o 8 de abril de 2024 e o 7 de abril de 2025, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de marzo de 2022; sendo o prezo do contrato (prórroga do mesmo) de 30.000 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria “Plans autoprotección e avaliación, PRL” (aplicación 920.1.2279900), e bolsa de vinculación, de acordo coas seguintes anualidades:

Año 2024: 21.916,67 euros.

Año 2025: 8.083,33 euros

**Segundo.-** Dar conta do presente acordo á adxudicataria, Intervención Xeral Municipal, área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal ós efectos oportunos”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(137).- NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA VACANTE DE TÉCNICO SUPERIOR DE ARQUIVOS (A1)- OEP 2017-18-19. EXPTE. 43144/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 29/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 28/02/2024, asinado pola técnica media de relacións laborais, o técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía unha praza de técnica/o superior de arquivos (A1), pola quenda libre.

II.- En sesión de data 08/11/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de técnica/o superior de arquivos pola quenda libre, acordou:

*“Propoñer o nomeamento como funcionario de carreira con cargo a unha praza vacante de TÉCNICO SUPERIOR EN ARQUIVOS, enmarcada no Grupo A de titulación; Subgrupo A1; Escala Administración Especial, que figura incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) 2017-2018-2019 do Concello de Vigo, ó aspirante n.º 2, DIEGO GÓMEZ-ALLER ANDRÉS (DNI n.º \*\*\*1646\*\*), que superou toda as probas previstas neste proceso selectivo e acadou unha puntuación total de 31,86 puntos. (...)”*

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 08/11/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación administrativa de data 27/02/2024 segundo o cal, *“Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe como **Técnico/a superior de arquivo**, persoal funcionario, no Concello de Vigo, foron revisadas as mesmas na aplicación de Ginpix7.*

*Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, constan os seguintes datos:*

*- No Servizo de Arquivo Xeral (233), Posto 56 – Técnico/a superior de arquivo, dotación 1; atópase cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/05/2020 (expdte. 35395/220), por D. Gómez-Aller Andrés con DNI \*\*\*1646\*\*, que tomou posesión o 01/06/2020 con cargo á praza vacante de técnico superior de arquivo correspondente á oferta de emprego público do ano 2017.”*

VI.- Toda vez que dita praza vacante atópase cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/05/2020, pola mesma persoa proposta, deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á súa toma de posesión como funcionario de carreira con cargo á dita praza ( no apartado cuarto do referido acordo xa se prevía a súa extinción automática no momento no que se cubrise definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Normativa de aplicación.**- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.**

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”,* establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Esta-*

*do y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionario de carreira, na praza de Técnica/o Superior Arquivos, con cargo á praza vacante pola quenda libre enmarcada no grupo A, subgrupo A1; escala administración especial; incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, a D. Gómez- Aller Andrés, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

### **IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

### V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Cesar como funcionario interino con cargo á praza vacante de Técnica/o Superior Arquivos, correspondente á oferta de emprego público do ano 2017, a **DIEGO GÓMEZ – ALLER ANDRÉS, con DNI \*\*\*1646\*\***, con efectos dende o día anterior da toma de posesión do mesmo interesado, nomeado funcionario de carreira con cargo á dita praza.

**SEGUNDO.-** Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019 ) de Técnica/o Superior Arquivos, pola quenda libre, ao aspirante **DIEGO GÓMEZ-ALLER ANDRÉS, con DNI n.º \*\*\*1646\*\***, que superou toda as probas previstas no proceso selectivo e acadou unha puntuación total de 31,86 puntos.

**TERCEIRO.-** Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionario/a de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo á persoa interesada, ao servizo de Arquivo Xeral, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(138).- NOMEAMENTO DE DOUS FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE OPERADOR/A DE INFORMÁTICA (C2) -OEP 2017-18-19. EXPTE. 43126/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 29/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 28/02/2024, asinado pola técnica media de relacións laborais, o técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía dúas prazas de operador/a informática (C2), pola quenda libre.

II.- En sesión de data 02/11/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de operador/a informática (C2), pola quenda libre, acordou:

*“Propoñer o nomeamento como funcionarios/as de carreira, con cargo ás prazas vacantes de OPERADOR/A INFORMÁTICA, enmarcadas no grupo C de titulación, subgrupo C2; escala, Administración Especial; subescala, servizos especiais; clase, cometidos especiais ás seguintes persoas aspirantes, que superaron todos os exercicios de que o proceso selectivo e obtiveron as seguintes puntuacións totais:*

APellidos	NOME	DNI	1º EXERC	2º EXERC	3º EXERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL
VAZQUEZ COSTAS	P.	***5450**	9,67	10,00	2,00	<b>21,67</b>
VICENTE RODRIGUEZ	A.	***0919**	9,33	9,50	2,00	<b>20,83</b>

(...)”

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 03/11/2023.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

**IV.-** Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

**V.-** Consta informe de verificación de datos de data 27/02/2024 segundo o cal, *“Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe como **Operador/a informática**, persoal funcionario, no Concello de Vigo, foron revisadas as mesmas na aplicación de Ginpix7.*

*Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, constan os seguintes datos:*

*- En Administración electrónica (113), Posto 124 – Operador/a informática, dotación 2 e 7- figuran vacantes en data de sinatura.*

*O que se informa aos efectos procedentes.”*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**I.- Normativa de aplicación.-** -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar*

*que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideración sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.**

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que “son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contémplese expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Neste caso procede o nomeamento como funcionario/a de carreira, operador/a informática, con cargo ás prazas vacantes pola quenda libre enmarcadas no grupo C, subgrupo C2; escala administración especial; incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, a P. Vázquez Costas e A. Vicente Rodríguez, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

### **IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

### **V. - Órgano municipal competente.**
Polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,

D. Xabier Pérez Igrexas

**Segundo-** Dar traslado deste acordo á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

**Terceiro.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

**Cuarto.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(143).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA MANDÍN E CONTORNA” Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA FCC-VIGO UTE . EXPTE. 1905/441.**

Dáse conta do informe-proposta de data 5/03/2024, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro. No devandito plan figura un apartado denominado “outros investimentos”, que deben ser concretados nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos “Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 1 de marzo de 2024 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipal e o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **“MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA MANDÍN E CONTORNA”** O devandito informe indica o seguinte:

*A rede de saneamento da rúa Mandín, en Bembrive, sofre problemas de capacidade, provocando con ocasión de fortes precipitacións problemas de enchentas en vivendas da contorna por retrocesos de auga e desbordes da rede cara os domicilios.*

*Resulta necesario unha mellora da rede de saneamento na rúa Mandín e contorna, de xeito que se deseñe unha rede con capacidade suficiente, ou estudando desvios cara as rúas de contorna de xeito que eviten sobrecargas, e, na medida do posible, minimize as incorporacións de augas pluviais (augas brancas) cara os colectores*

*Tendo en conta a situación e as circunstancias expostas, considérase que a actuación de “Mellora da rede de saneamento da rúa Mandín e contorna” é unha actuación necesaria que non debe demorarse.*

V.- A vista deste informe, con data 4 de marzo de 2024 o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente **“MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA MANDÍN E CONTORNA”**

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo. Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do **“MELLORA DO SANEAMENTO NA RÚA MANDÍN E CONTORNA”**

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **21(144).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS (PES). EXPTE. 277/143.**

Visto o informe xurídico do 23/02/2024 e o informe de fiscalización do 29/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2024, asinado polo tesoureiro municipal e responsable superior Contable e Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### *Antecedentes*

Por Resolución das Concellerías das Áreas de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas, Xestión Municipal e Orzamentos e Facenda de 12 de febreiro de 2024, encomendouse a redacción-actualización do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 e da tramitación do proxecto de Ordenanza de Subvencións, que agora teñen a súa regulación na Base 38 das de Execución do Orzamento.

En relación ao Plan Estratéxico de Subvencións (PES), o artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, fixa como un dos principios que debe respectar na súa actuación calquera Administración pública, o da planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

O Tribunal de Contas no seu Informe de fiscalización dos plans estratéxicos de subvencións da área político-administrativa do Estado, aprobado polo Pleno do Tribunal de Contas o 30 de outubro de 2014, que foi elevado ás Cortes Xerais o 15 de marzo de 2017, recomendou «aprobar anualmente normas para a elaboración dos PES e para determinar o contido dos informes de seguimento dos mesmos, que poderían coadxuvar aos xestores públicos na execución da política subvencional». A Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, en relación co informe anterior, aprobou a Resolución de 28 de marzo de 2017, na que asumía o citado informe, instaba o Goberno a iniciar a implantación da planificación estratéxica de subvencións e acordaba que se establecesen os protocolos necesarios para garantir a publicidade dos plans estratéxicos de subvencións (PES), onde se recollen, entre outros contidos, as normas para a elaboración dos PES.

En febreiro do ano 2023, a Intervención Xeral do Estado emitiu informe xeral sobre a planificación estratéxica de subvencións no Sector Público Estatal sobre os PES aprobados nos anos 2020-2021, concluíndo que os Departamentos ministeriales habían feito un esforzo formal máis que un proceso de planificación das políticas de fomento baseado en obxectivos.

As recomendacións apuntadas no seu informe son:

Avanzar na integración dos PES cos Plans Estratéxicos Xerais.

Contar coa participación dos sectores ou beneficiarios.

Respetar os prazos establecidos no RXS.

Para cada liña de subvención contida no Plan, recomendando:

- Identificar al menos un indicador de resultados.
- Cuantificación dos resultados esperados.
- Para as subvencións directas, é conveniente aplicar igualmente un réxime de seguimento.
- Para as de carácter plurianual, sería conveniente realizar controis anuais.

O PES que se somete a consideración da Xunta de Goberno Local, con carácter xeral da resposta as recomendacións contidas no informe da IGAE.

Do mesmo xeito, o artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), establece que os órganos das Administracións públicas deben concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de

financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A regulación dos plans estratéxicos de subvencións desenvolveuse no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (RXS). O Tribunal de Contas emitiu informes sobre este contido nos plans estratéxicos de subvencións da área político-administrativa do Estado.

O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das mesmas e demais axudas públicas, introduce un novo parágrafo no artigo 13 do Regulamento Xeral de Subvencións, no que sinala que os plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións deben publicarse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

O artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que as Administracións Públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberán ser obxecto de avaliación e publicación periódica xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine por cada Administración competente.

O artigo 8 da LXS, foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do RXS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para súa probación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. De acordo co previsto no artigo 12.3 do RXS, os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

En base ao anterior, o contido do PES é simplemente estimativo das liñas de subvención que se conteñen nos créditos iniciais do Orzamento, non vinculando en ningún caso aos órganos competentes para a concesión de subvencións á apertura de novas liñas ou á non efectiva convocatoria das previstas, en función das circunstancias, condicionado en todo caso ás correspondentes consignacións orzamentarias á estabilidade orzamentaria.

Por outra banda, o artigo 14 do RXS sinala que anualmente se realizará a actualización dos plans de acordo coa información relevante dispoñible.

Esta necesidade de actualización anual, así como a súa vinculación ao Orzamento de cada exercicio, aconsellan incorporar o Plan Anual de Subvencións e os Plans Estratéxicos como un anexo ao Orzamento.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

A Base 38 das de Execución do Orzamento, fai un desenvolvemento do proceso completo do procedemento de outorgamento, supostos de concesión directa, requisitos que deben cumprir os beneficiarios, fiscalización, xustificación, publicidade e control. As Bases de Execución están reguladas no artigo 165 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que indica que "conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos...".

O plan estratéxico deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se formulen deberán estar recollidas no Plan estratéxico de subvencións municipais, por iso, propónse a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións que figura a continuación.

### *Proposta á Xunta de Goberno Local*

Unha vez presentado o Plan, previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local; aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026.

**PRIMEIRO:** aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026

### **Índice de contido**

## **Plan Estratéxico de Subvencións para o marco temporal 2024-2026**

I.- INTRODUCCIÓN.....	5
II.- CONSIDERACIÓNS XERAIS.....	6
III.- CONTEXTO E MARCO NORMATIVO.....	8
Normativa que regula o Plan Estratéxico de Subvencións.....	8
Ámbito funcional excluído.....	10
IV.- CONTIDO DO PLAN.....	11
V.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A SÚA APROBACIÓN.....	13
VI.- ÁMBITO SUBXECTIVO.....	14
VII.- ÁMBITO TEMPORAL.....	14
VIII.- ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN.....	14
Visión.....	14
Obxectivos.....	15
Obxectivos prioritarios.....	15
Obxectivos Xerais.....	16
Principios xerais.....	16
IX.-LIÑAS ESTRATÉXICAS.....	17
Áreas de responsabilidade política.....	20
X.- BENEFICIARIOS.....	24

XI.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.....	24
Fins da axuda subvencional.....	25
Procedementos na concesión de subvencións.....	25
XII.- EFECTOS E PRAZOS.....	26
Efectos.....	26
Prazos de desenvolvemento da actividade e xustificación.....	27
XIII.- CUSTES E FINANCIAMENTO.....	27
Custes previsibles.....	27
Financiamento.....	28
XIV.- CONTROL, SEGUIMENTO E TRANSPARENCIA.....	28
Control económico - financeiro.....	28
Control e seguimento do Plan.....	29
Transparencia.....	31
Comité de seguimento.....	31
Sobre o contido dos PES.....	33
ANEXO:.....	37

## I.- INTRODUCCIÓN

A Constitución española define a España como un Estado social de Dereito que recoñece unha serie de dereitos para os cidadáns de grande transcendencia para a consecución do Estado de Benestar -protección e progreso social, educación, xuventude, saúde, deporte, vivenda digna, cultura, asociacionismo, progreso económico, etc- e tamén atribúe competencias ás distintas Administracións para realizar actuacións de interese xeral.

A Lei de Bases de Réxime Local reflicte as competencias que teñen os Concellos no contexto do Estado, sempre co obxectivo de satisfacer as necesidades das persoas que residen no termo municipal. A estes efectos, atribúense aos concellos unha serie de competencias obrigatorias e outras que dependen do número de habitantes censados. Así mesmo, a LBRL tamén contempla a posibilidade de delegación de competencias por parte doutras Administracións ou da lexislación sectorial, incluso o exercicio de competencias distintas das propias ou das delegadas baixo determinados supostos.

Así, a actividade municipal debe dirixirse a exercitar as competencias atribuídas para facer efectivos os dereitos dos cidadáns e acadar a satisfacción das necesidades colectivas dos seus habitantes.

O Goberno de Vigo ten, entre os seus obxectivos, a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na nosa cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo. Na consecución destes obxectivos están implicadas todas as áreas do Goberno, dende a Alcaldía ata cada unha das Concellerías delegadas: Política Social, Educación, Xuventude, Emprego, Comercio, Igualdade, Deportes,



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Cultura, Transportes, Urbanismo, Medio Ambiente, Parques e Xardíns, Fomento, Patrimonio e Facenda.

A actividade das Administracións Públicas para desenvolver as súas políticas públicas pode realizarse directamente ou ben alentando a súa realización, por parte de persoas ou colectivos, de actividades de interese xeral ou que sirvan para acadar obxectivos dignos de tutela. Neste último modo de actuación teñen un protagonismo especial as subvencións, como ferramentas que permiten orientar a actividade das persoas ou dos colectivos, así como a consecución dos obxectivos por quen pode estar en mellor disposición de acadalos ou por quen pode axilizar a súa consecución, evitando ademais cargas administrativas tanto para o Concello como para os propios cidadáns.

As subvencións incluídas neste ámbito son aquelas que se definen como disposicións dinerarias, con cargo aos orzamentos públicos, que se destinan a que un particular realice actividades de interese xeral. En definitiva, deben darse tres elementos para considerar que existe unha subvención. En primeiro lugar, tratarse dunha disposición de diñeiro. En segundo lugar, non se trata dun pago dun ben ou dun servizo senón da vinculación á consecución dun obxectivo, en terceiro lugar, se dirixa a fomentar unha actividade pública ou de interese social, así como a promoción dunha finalidade pública.

A utilización de diñeiro público e a súa importancia para a sociedade fai que teñan que terse en conta distintos aspectos que van dende a transparencia e bo goberno á debida xustificación e control dos empregos dados aos fondos públicos, pasando polo cumprimento dos requisitos fixados pola lexislación orzamentaria que se aplica ás Administracións Públicas e que, ademais das normas de carácter orzamentario e de regulación das contas públicas, comprenden – fundamentalmente- a Lei estatal de subvencións, a Lei autonómica e a Ordenanza respectiva, no seu caso. Todo elo, eso si, sempre dentro das contías que determina o Orzamento e das posibilidades de crecemento tendo en conta o superávit orzamentario anual, e no caso concreto, do superávit do ano precedente e a variación que aporten as Ordenanzas Fiscais aplicables, así como a variación da Cesión dos Ingresos do Estado e o Fondo Complementario de Financiamento Estatal e o Fondo de Cooperación Local autonómico.

As subvencións presentan unha vertente administrativa, outra de gasto público e, quizás a máis percibida polos cidadáns, de incentivo para realizar algunhas actividades ou, simplemente, de fonte de financiamento de actividades. Sen embargo, esta última perspectiva non pode esquecer as demais, é por iso, que é preciso planificar o emprego do diñeiro público pero, igualmente, establecer os criterios xerais de solicitude, xustificación, execución e control das subvencións. Todo isto, ademais, garantindo a publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade xunto coa eficiencia na asignación dos recursos públicos e a eficacia na consecución dos obxectivos de interese xeral.

## II.- CONSIDERACIÓNS XERAIS

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico.

Na Exposición de Motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, faise constar que unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro ás demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas.

Desde unha perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, por tanto, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria, actualmente orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e crecemento económico.

Un dos principios que rexen na Lei Xeral de Subvencións, tanto na exposición de motivos como no seu articulado (art. 3, 18, 20.), inspirados na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, é o de transparencia. Con este obxecto, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan, e, á vez, a lei establece a obriga de formar unha base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas.

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redundará de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional, facendo posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas ou unidades funcionais de gasto evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

A lei establece un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, que debe permitir que aquelas liñas de subvencións que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou que resulte adecuado ao nivel de recursos investidos poidan ser modificadas ou substituídas por outras máis eficaces e eficientes, ou, no seu caso, elimínalas.

Desde a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interese xeral e mesmo un procedemento de colaboración entre a Administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interese público.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Existe unha gran diversidade de subvencións de distinta natureza, que se conceden mediante procedementos complexos, e, por tanto, deben ser obxecto dun seguimento e control eficaces.

A mellora da xestión e o seguimento das subvencións, a corrección das insuficiencias normativas e o control das condutas fraudulentas que se poden dar neste ámbito son esenciais para conseguir asignacións eficaces e eficientes desde esta modalidade de gasto e facer compatible a crecente importancia das políticas de subvencións coa actual orientación da política orzamentaria, fundamentada no cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, principio de plurianualidade, principio de transparencia, principio de eficiencia na asignación dos recursos públicos e principio de responsabilidade, todo elo, enmarcado dentro dos obxectivos de desenvolvemento sostible.

### III.- CONTEXTO E MARCO NORMATIVO

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de planificación da actividade subvencional de carácter programático, que non teñen rango normativo por si so, senón que este carácter será o das Bases e a Convocatoria, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a administración.

O Plan Estratéxico de Subvencións configúrase, pois, como o instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

O establecemento efectivo das subvencións previstas no Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación da Ordenanza que conteñan as bases reguladoras e convocatoria da súa concesión.

#### *Normativa que regula o Plan Estratéxico de Subvencións*

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei Orgánica 3/2007, de 27 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro de 2003, Xeneral de Subvencións (RXS).
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e publicidade das subvencións e demais axudas públicas (BDNS).
- Orde EHA/875/2007, de 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información a subministrar á Base de Datos Nacional de Subvencións regulada no Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

- Ordenanza Xeral de Subvencións a partires da súa aprobación.
- Bases de Execución do Orzamento.

A xustificación da realización do Plan Estratéxico de Subvencións ten o seu fundamento no disposto, con carácter xeral, na exposición de motivos da Lei 38/2003, de 17 de novembro de Subvencións, en diante LXS, e de forma específica no mandato establecido no artigo 8, precepto básico, da citada norma e nos artigos 10 ao 15, non básicos, do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en diante RXS.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que ten carácter básico, dispón que as Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Así mesmo, a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos ás políticas públicas que estean previstas en Normas legais ou regulamentarias, determina que terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

O ámbito e estrutura do plan hai que acomodala ao desenvolvemento dos artigos 10 a 15 do RXS, aínda sen ter o carácter de básicos, trazan a estrutura do mesmo.

Elaborarase un plan estratéxico para cada unha das Áreas de Goberno coas unidades funcionais, que terá o contido mínimo que se reflicte no PES.

Segundo o artigo 11 do citado Regulamento Xeral da LXS, os plans estratéxicos deberán axustarse, en todo caso, ás restricións que en orde ao cumprimento dos obxectivos de política económica e de estabilidade orzamentaria determínense para cada exercicio.

Conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Os recursos asignados ao Plan estratéxico de subvencións están condicionados ou limitados aos asignados aos distintos programas orzamentarios, que á súa vez, en cumprimento do previsto no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (en diante LOEPSF) están condicionados co límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto que virá determinada pola TRCPIB ou calquera indicador que a substitúa.

No escenario orzamentario vixente, similar ao de anos precedentes, hai que partir da situación actual, tendo en conta que os recursos son limitados e o crecemento do gasto, con



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

independencia do crecemento dos recursos, está determinado pola variación da taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. En ese contexto, o crecemento dos recursos destinados as políticas de fomento, salvo que se altere, dentro das posibilidades legais que permite o gasto voluntario a estrutura económica do gasto, quedaría supeditada á variación da TRCPIB ou o axuste de outras políticas de gasto.

As unidades funcionais ás que se destinan as subvencións, constitúen o ámbito das delegacións vixentes, sendo competencia de cada unidade, o impulso do procedemento administrativo, correspondendo a competencia para aprobar as Bases, a convocatoria anual, o outorgamento e o control das mesmas, ao órgano que teña atribuída a competencia orixinaria ou quen a ostente por delegación daquel.

### *Ámbito funcional excluído*

Non forman parte do plan estratéxico, as transferencias correntes de funcionamento que se establecen no orzamento anual a favor de:

- Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Subvención a destinatarios non identificables: Subvención ao transporte urbano tramitadas a través da prestadora do servizo público ou a través dun centro de compensación. O importe subvencionado apróbase no proceso de aprobación da prestación patrimonial.
- Subvencións a outras administracións en aplicación de convenios ou normas que a impoñan.
- Transferencias ao Consorcio da Zona Franca de Vigo en execución de convenios vixentes.
- Prestacións asistenciais que non teñen carácter de subvencións, amparadas na regulación vixente (artigo 2.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia).
- Transferencias aos Grupos Políticos Municipais, segundo os acordos adoptados polo Pleno da Corporación.
- Transferencias ás Entidades Urbanísticas de Conservación, previo acordo adoptado polo órgano competente en materia de autorización do gasto.
- Transferencias de financiamento: Entidade Menor de Bembrive, Mancomunidade ou Área Metropolitana, Fundacións ou outras entidades sectorizadas pola Intervención Xeral do

Estado (IGAE), Fundacións ou outras entidades dependentes por control efectivo polas que está obrigado a remitir información ao MINHAC.

Cando se realicen transferencias a suxeitos non contemplados no plan estratéxico destinadas a financiar a concesión de subvencións e axudas públicas, en cumprimento do previsto no artigo 12.2 do RXS, deberase acordar o réxime de seguimento que permita ao órgano financiador efectuar a avaliación de aplicación dos fondos achegados.

Nestes casos, tramitarase o preceptivo convenio ou nas achegas á Mancomunidade ou Área Metropolitana, estarase aos acordos adoptados que vinculan ao Concello, que ademais deberán ter o acordo do órgano competente na materia sobre a autorización do gasto da Entidade. No convenio que se aprobe ao respecto, ou no acordo que se adopte, deberá reflectirse o tipo de control sobre a aplicación dos fondos achegados, ou se fose o caso, cando se trate de transferencias a sistemas de financiamento, hai que establecer que non serán obxecto de control. Nestes últimos, están as transferencias a Entidade Menor de Bembrive, Mancomunidade de Vigo e Fundacións que non formen parte do Grupo de Consolidación Concello de Vigo, que quedarán sometidos ao Plan de Auditoría e Control Financeiro que desenvolva a Intervención Xeral.

#### IV.- CONTIDO DO PLAN

A regulación do contido está taxada no artigo 12 do RXS.

1º.- Os Plans estratéxicos terán o seguinte contido:

- a) **Obxectivos estratéxicos**, que describen o efecto e impacto que se espera lograr coa acción institucional durante o período de vixencia do plan, que teñen que estar vinculados cos obxectivos establecidos nos correspondentes programas orzamentarios. Cando os obxectivos estratéxicos afecten ao mercado, deberanse identificar ademais os fallos que se aspira a corrixir, cos efectos previstos no apartado 2 do artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións.
- b) **Liñas de subvención nas que se concreta o plan de actuación**. Para cada liña de subvención deberán explicitarse os seguintes aspectos:
  1. Áreas de competencia afectadas e sectores cara aos que se dirixen as axudas.
  2. Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
  3. Prazo necesario para a súa consecución.
  4. Custes previsibles para a súa realización e fontes de financiamento, onde se detallarán as achegas das distintas Administracións Públicas, da Unión Europea e doutros organismos públicos ou privados que participen nestas accións de fomento,





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

así como aquelas que, tendo en conta o principio de complementariedade, correspondan aos beneficiarios das subvencións.

5. Plan de acción, no que concretarán os mecanismos para pór en práctica as liñas de subvencións identificadas no Plan, delimitaranse as liñas básicas que deben conter as bases reguladoras da concesión a que se fai referencia no artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións, o calendario de elaboración e, no seu caso, os criterios de coordinación entre as distintas Administracións Públicas para a súa xestión.

c) **Réxime de seguimento e avaliación continua aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan.** A estes efectos, débense determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados cos obxectivos do Plan, que recollidos periodicamente polos responsables do seu seguimento, permitan coñecer o estado da situación e os progresos conseguidos no cumprimento dos respectivos obxectivos.

d) **Resultados da avaliación dos plans estratéxicos anteriores** nos que se trasladará o contido dos informes emitidos.

2º.- En aplicación do previsto no artigo 12 do RXS, o contido do plan estratéxico poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custes de realización e as súas fontes de financiamento nos seguintes casos:

a) **As subvencións que se concedan de forma directa**, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións.

b) **As subvencións que, de maneira motivada, se determinen en atención a súa escasa relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública.**

3º.- Os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas; a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

O presente Plan estratéxico foi elaborado coa participación das Áreas e Servizos Municipais, responsables da xestión de subvencións no Concello de Vigo.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo e dos seus entes dependentes para o período 2024-2026 reflíctense no Anexo denominado, "Plan Estratéxico de Subvencións Período 2024-2026", clasificadas por servizos xestores dentro de cada Área Política das subvencións, no que, para cada unha delas especifícase:

- Obxectivos estratéxicos.
- Áreas de competencia afectadas.

- Obxecto e efectos que se pretenden coa súa aplicación.
- Ámbito temporal / Prazo necesario para a súa consecución.
- Custes Previsibles e fontes de financiamento.
- Plan de acción.
- Réxime de Seguimento e Avaliación.
- Réxime / Modalidade de concesión.
- Beneficiarios / Destinatarios.
- Previsión de actuacións para a efectiva igualdade de xénero.
- Aplicación orzamentaria na que se prevé a consignación do crédito correspondente.
- Medidas a aplicar por incumprimento dos beneficiarios na súa aplicación.

Se o Servizo xestor pola singularidade da subvención, estima ou considera necesario engadir algunha outra especificación, poderá facelo.

#### **V.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A SÚA APROBACIÓN**

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, por delegación do Alcalde (Resolución do 20 de xuño de 2003) é a Xunta de Goberno Local, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo co previsto no apartado g) e m) do artigo 127 da Lei de Bases de Réxime Local.

O Plan Estratéxico de Subvencións, así como o plan anual, formará parte da documentación do Orzamento anual, como anexo ao mesmo, e publicárase no portal de transparencia do Concello.

O plan anual de subvencións, reflectirá, axustándose ao Plan Estratéxico de Subvencións, as aplicacións asociadas a cada subvención, as subvencións nominativas o importe e a xustificación do carácter.

As unidades funcionais do gasto, xustificarán en cada caso e segundo exista ou non homoxeneidade nas subvencións nominativas, o criterio que motiva a súa condición. A documentación que remitirán anualmente no plan de subvencións será coherente co PES.

Nos casos de dotacións nas que non se teña previsto unha convocatoria en réxime de concorrencia, deberá quedar xustificada na documentación de formación do Orzamento anual a tramitación de concesión directa, quedando delimitada aos supostos que regula o artigo 22.2.c) da LXS.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### VI.- ÁMBITO SUBXECTIVO

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo, inclúe tanto as subvencións concedidas directamente polo Concello de Vigo a través das súas distintas unidades funcionais de gasto (Programas orzamentarios), como as concedidas polas súas entidades dependentes, neste caso o Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que forman parte do Grupo de Consolidación.

### VII.- ÁMBITO TEMPORAL

O presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando, por tanto, o período 2024-2026, dende o 1 de xaneiro do ano 2024 até o 31 de decembro do ano 2026, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención teñan unha vixencia inferior.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.

Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos investidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

Se con ocasión das modificacións orzamentarias pretendécese introducir algunha liña de subvención non prevista no PES, deberá previa ou simultaneamente modificarse este.

Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente.

### VIII.- ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN

#### *Visión*

Trátase de conseguir a satisfacción das necesidades colectivas e de interese público a través da colaboración cos principais axentes privados presentes nos distintos ámbitos como a acción social, educación, cultura, deporte, as asociacións e outros ámbitos.

De xeito particular, a garantía das necesidades básicas dos cidadáns que precisan axuda nos momentos de dificultade económica fai que se preste especial atención a situacións como a inclusión social ou o favorecemento do emprego.

Por outra banda, o artigo 15 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, regula o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, informará, con carácter transversal, a actuación de todos os Poderes Públicos. As Administracións públicas integraranos, de forma activa, na adopción e execución das súas disposicións normativas, na definición e presupostación das políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades.

Estratexia para a igualdade de xénero 2020-2025 da Comisión Europea, que ten como obxectivo o de conseguir unha Unión na que as mulleres, os homes, os nenos e as nenas, en toda a súa diversidade, dispoñan de liberdade para seguir o camiño que elixan na vida, gocen das mesmas oportunidades para prosperar e poidan conformar e dirixir por igual a sociedade europea na que vivimos.

O PES, debe velar pola igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos.

#### *Obxectivos*

Enténdese por subvención, a efectos deste Plan, toda achega dineraria realizada polo Concello, Organismos Autónomos ou outros entes dependentes, a favor de persoas públicas ou privadas ou entes sen personalidade xurídica e que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceron.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, de interese social ou de promoción dunha finalidade pública.
- d) Que non este excluída do ámbito funcional.

#### *Obxectivos prioritarios*

Son obxectivos prioritarios aqueles que buscan o cumprimento dunha finalidade pública relacionada coas competencias locais, destacando os seguintes:

- a) O fomento de todo tipo de actividades de utilidade pública ou interese social, ou de promoción dunha finalidade pública, sempre sen ánimo de lucro, colaborando no desenvolvemento e fomento de actividades de escaso rendemento económico.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

- b) O de potenciar a creación de redes asociativas e de participación dos cidadáns na actuación municipal.

### *Obxectivos Xerais.*

Son obxectivos do Plan estratéxico e das diferentes liñas de axudas e subvencións do Concello de Vigo e os seus entes dependentes para o período 2024-2026, os seguintes:

- a) Dar cumprimento ao mandato legal recollido no art. 8.1 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, que obriga aos Concellos que previamente á concesión de subvencións, procederase a aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico.
- b) Establecer e normalizar, para o conxunto das diversas e diferentes liñas e programas de axuda e subvencións do Concello e dos seus Entes dependentes, un conxunto de principios e bases de execución comúns ás mesmas.
- c) Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia e eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.
- d) Regular, con carácter xeral, o réxime ao que ha de axustarse a concesión e xustificación das subvencións a tramitar polo Concello conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- e) Ter un seguimento dos seus resultados, axustando os recursos anuais aos fins conseguidos en procura da máxima eficiencia.

### *Principios xerais*

- a) **Legalidade:** A súa finalidade é da axustar todo o procedemento ao bloque normativo de aplicación, tanto no que se refire ás subvencións como ás regras de sustentabilidade e estabilidade do gasto público.
- b) **Publicidade:** A finalidade é garantir a publicidade da convocatoria e das subvencións concedidas, iso sen prexuízo da posible concesión directa, de conformidade co establecido respecto diso na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nas Bases de Execución do orzamento do Concello e demais normativa de aplicación.
- c) **Libre concorrência:** O devandito principio materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, non restrinxindo o acceso a quen se atopen en igualdade de condicións, garantindo a concorrência e igualdade na distribución de fondos

públicos, sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coas dispoñibilidades orzamentarias.

- d) **Obxectividade:** A concesión de subvencións realizarase conforme a criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- e) **Transparencia, igualdade e non discriminación na asignación dos recursos públicos.** Materialízase coa observancia dos principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.
- f) **Principios de eficacia e eficiencia:** Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e eficiencia na asignación de recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación aos proxectos mais eficientes, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.
- g) **Principio de control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes** aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

## IX.-LIÑAS ESTRATÉXICAS

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no Plan Estratéxico son as que a continuación se detallan sintetizadas segundo o obxectivo que se trata de acadar:

### **1. Atención ás persoas con necesidades especiais en orde a evitar a exclusión social e ausencia de cobertura das necesidades vitais esenciais.**

- 1.1. Alimentación, vivenda, pobreza enerxética.
- 1.2. Axuda no fogar.
- 1.3. Persoas enfermas e persoas con dependencias.
- 1.4. Axuda humanitaria.
- 1.5. Cooperación.
- 1.6. Situacións de emerxencia.
- 1.7. Atención ás familias e unidades de convivencia.
- 1.8. Persoas sen fogar.



## **CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1644/1102

### **2. Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais.**

- 2.1. Infancia.
- 2.2. Menores.
- 2.3. Xuventude.
- 2.4. Parados.
- 2.5. Víctimas da violencia de xénero.
- 2.6. Emprendedores e emprendedoras.
- 2.7. Maiores e atención necesaria para o pleno desenvolvemento vital.
- 2.8. Transporte e mobilidade urbana.
- 2.9. Vivenda.

### **3. Promoción da igualdade real de oportunidades.**

- 3.1. Educación infantil.
- 3.2. Educación de idiomas.
- 3.3. Material necesario para cursar estudos.
- 3.4. Estudos complementarios.
- 3.5. Conciliación da vida escolar coas necesidades vitais e familiares.

### **4. Fomento de actividades sociais.**

- 4.1. Cultura.
- 4.2. Actividades de carácter social.
- 4.3. Actividades de alta participación de persoas.
- 4.4. Hábitos saudables.
- 4.5. Deporte.
- 4.6. Eventos de interese municipal.
- 4.7. Actividades de interese público realizadas a través de agrupacións de persoas, asociacións, etc.
- 4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero.
- 4.9. Actividades de defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras.

4.10. Actividades de defensa dos intereses comerciais, industriais, profesionais e de carácter económico.

4.11. Actividades de defensa dos sectores económicos da cidade.

4.12. Emprendemento e proxectos empresariais innovadores.

4.13. Economía social, economía circular e cooperativismo.

4.14. Atención ás necesidades das organizacións sen ánimo de lucro.

4.15. Voluntariado.

## **5. Fomento da protección do entorno e da cidade.**

5.1. Patrimonio histórico, cultural, artístico, etc.

5.2. Montes, praias e medio ambiente.

5.3. Espazos de uso público.

5.4. Conservación de bens.

5.5. Mobilidade.

5.6. Protección e promoción do entorno e da cidade.

5.7. Cuidade activa e saudable

5.8. Eventos que promocionen a cidade.

5.9. Paisaxe urbano.

5.10. Premios, concursos, trofeos e recoñecementos.

5.11. Rehabilitación urbana, accesibilidade e sustentabilidade

5.12. Atención ás necesidades dos barrios e parroquias.

O detalle de cada unha delas atópase no Anexo ao Plan Estratégico de Subvencións Período 2024-2026, que conformarán en cada caso, o Plan Estratégico de cada unha das unidades funcionais, e que deberán especificar co detalle necesario o contido específico do PES.

Os Plans de cada unidade funcional teñen a agregación ou desagregación por cada unha das liñas estratéxicas.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### *Áreas de responsabilidade política*

- **Área de Alcaldía.**

Convenios puntuais non imputables a outra área polo seu carácter transversal.

Convocatorias de axudas de carácter transversal.

- **Área de Goberno de Urbanismo e vivenda.**

Axudas para melloras accesibilidade a edificios.

Achega ao desenvolvemento de rehabilitación da Zona vella.

- **Área de Goberno Política de Benestar Social e Turismo.**

Protección e Salvagarda da infancia e familia.

Promoción do Benestar das persoas maiores e das familias cuidadoras.

Promoción da inclusión social.

Prestacións económicas para apoio a persoas e familias sen recursos económicos básicos.

Prevenición, promoción e sensibilización social.

Integración de persoas e colectivos.

Colaboración con organizacións non gobernamentais para esta finalidade.

Comedores sociais.

Plans de cooperación con organizacións de loita contra a drogadicción.

Fondos de emerxencia a familias e persoas.

Bolsas de comedor e bolsas para libros para a sustentabilidade familiar.

Outras cuxo fomento sexa a cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano a colectivos en situacións de risco de exclusión social.

Promoción da Cidade no seu entorno máis próximo pero tamén a nivel autonómico, estatal e internacional.

Promoción das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade.

Subvencións de eventos e patrocinios de promoción da cidade.

- **Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Patrimonio Histórico, Igualdade e Normalización Lingüística.**

Convenios de promoción e difusión da cultura.

Achegas ás funcións cuxo obxecto social é a expansión e fomento da cultura.

Convenios de promoción de espazos culturais de interese público.

Subvencións nominativas a eventos culturais relevantes.

Subvencións nominativas a colectivos polo desenvolvemento de proxectos culturais.

Fomento da Igualdade de Xénero.

Prevenición e atención á vítimas de violencia de xénero.

Fomento do asociacionismo feminino.

Promoción na normalización lingüística do Galego.

- **Área de Goberno de Fomento e Servizos**

As subvencións ao uso do Transporte Urbano Colectivo quedarían excluídas por estar aprobada a porcentaxe ou contía en función do custe da prestación patrimonial aprobada cada ano, fixándose pola Xunta de Goberno a subvención por uso a estes colectivos.

O mesmo acontece coa achega para o mantemento do PTL.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

- **Area de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.**

Dinamización do Comercio e a Hostalaría.

Fomento das actividades de distritos e Festas especiais.

Promoción e Convenios para desenvolvemento de festas especiais, Reconquista de Vigo, Nadal...

Convenios relacionados coa Igrexa.

Fomento e Desenvolvemento da Actividade de Representación Social e Sindical.

Promoción das actividades realizadas polo Movemento Asociativo Veciñal.

Axuda para o mantemento e funcionamento dos centros asociativos veciñais.

Cooperación no desenvolvemento das festas monográficas .

Convenios para desenvolvemento de festas que corresponden a festas especiais.

Festas gastronómicas.

- **Area de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.**

Promoción de feiras industriais.

Promoción de Empresas.

Cooperación para a creación de emprego. Plan de promoción de emprego.

Asesoramento a Pequenas e Medianas Empresas, axudas á contratación.

Viveiros de empresas.

Desenvolvemento promocional de eventos xeradores de emprego.

Cooperación ao Desenvolvemento.

Fomento da formación e das prácticas formativas.

Fomento dos intereses económicos da localidade que contribúan á activación da economía local.

Bolsas de estudos internacionais.

Convenios con asociacións de pais e nais para a realización de actividades de interese público e o funcionamento educativo.

Convenios subvencións nominativas.

Axudas a estudantes de todos os niveis e grados do sistema educativo, especialmente os oficiais, para a realización de actividades educativas, culturais ou de mobilidade.

Promoción da participación da Mocidade.

Promoción do deporte base como forma de integración e de realización de estilo de vida saudable.

Colaborar cos equipos de elite como forma de promocionar a cidade.

Convenios para eventos nacionais e internacionais.

Cooperar con deportistas individuais de elite en eventos internacionais.

Colaboración en melloras de instalacións deportivas.

Transferencias a fundacións colaboradoras co deporte base.

Fomento do funcionamento de espazos de dinamización infantil e xuvenil.

- **Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal**

Axudas para o desenvolvemento de festas.

Accións de cooperación para o desenvolvemento do Antroido.

As festas gastronómicas e especiais, son desenvolvidas polas Concellerías que teñen a competencia Delegada.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### X.- BENEFICIARIOS

O Concello de Vigo concederá subvencións a favor de persoas ou entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa ou entidade que haxa de realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

Os beneficiarios da axuda quedarán sometidos ao control e seguimento que lle sexan aplicables polas normas que regulan os procedementos de fiscalización e as que estableza o Plan Estratéxico de Subvencións en relación coas funcións de control e seguimento.

### XI.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O Concello de Vigo e os seus entes dependentes, concederán subvencións, nos termos da normativa vixente en materia de subvencións, mediante convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva, ou excepcionalmente, a través de concesión directa, a favor de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamento que se atopen na situación que motiva a subvención.

#### *Fins da axuda subvencional*

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos Orzamentos Xerais do Concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:

- Fomentar unha actividade de interese social e a súa execución por particulares ou colectivos.
- Cofinanciar aos distintos axentes implicados na consecución de obxectivos de interese xeral e municipal, debendo estar no ámbito territorial.

- Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
- Colaborar coas asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños no ámbito territorial.
- Coadxugar á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

Ademais, as subvencións teñen que financiar finalidades que se correspondan con actividades do ámbito de competencias locais.

#### *Procedementos na concesión de subvencións*

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento coa tramitación de convenio.
- Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública coa tramitación dun convenio.
- Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas ao Concello de Vigo por unha norma de rango legal. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva; e tamén, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As subvencións que se concedan de forma directa de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións, e aquelas que de maneira motivada se outorguen en atención a súa escasa relevancia económica ou social como instrumento de intervención pública, o contido do plan poderá reducirse á elaboración dunha memoria explicativa dos obxectivos, os custes de realización e as súas fontes de financiamento, entendendo por estas últimas, a/as aplicacións orzamentarias que financian a mesma.

Nas correspondentes bases da convocatoria da subvención, deberá recollerse o procedemento adecuado a cada unha das liñas de subvención que se regulen.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### XII.- EFECTOS E PRAZOS.

#### *Efectos*

O Plan estratéxico pretende canalizar un conxunto de actividades que permitan ofrecer aos diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo: sociais, profesionais, de emprego, de lecer, etc.

A actividade subvencional pretende:

- a) Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre esta entidade local e os particulares para a xestión de actividades de interese público.
- b) Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade da cidade nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como promocionar a inclusión social mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.
- c) Fomentar e impulsar a consecución do obxectivo de igualdade de xénero.

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

Así mesmo, deberanse ter en conta accións tendentes ao fomento de calquera actividade de interese xeral, para o que se poderán canalizar fondos que cada ano se asignen no Orzamento Municipal con destino a estas subvencións.

#### *Prazos de desenvolvemento da actividade e xustificación*

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución de desenvolvemento das actuacións subvencionadas anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural, sen prexuízo de que os programas ou plans poidan ter un carácter plurianual.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou pola modificación do período elixible, deberase recoller nas correspondentes bases das subvencións/convocatoria, convenio se fose nominativa ou de concesión directa por razóns de interese público, cultural ou deportivo, a obriga de dar cumprimento anual aos requisitos que establece a lexislación vixente.

As bases da convocatoria deberán fixar o prazo de xustificación, que estará sometido ás normas que fixen as Bases de Execución ou calquera acordo que estas referencien. No caso do Concello de Vigo, serán as operacións de peche, aínda que o prazo máximo de rendición regúlase nas Bases de Execución do Orzamento. As unidades funcionais de tramitación deste gasto, terán coñecemento do devandito prazo coa aprobación do Orzamento anual.

En todo caso, o prazo de xustificación non porá en perigo o cumprimento dos prazos de peche do exercicio, aqueles xustificantes non imputados ao ano, poderán conformar base documental xustificativa para o ano seguinte.

A unidade funcional de tramitación, verificará, previa remisión ao servizo de fiscalización, que a documentación acreditativa da aplicación da subvención, axústase inequivocamente á finalidade da mesma, e ven acreditado o cumprimento dos fins perseguidos.

### **XIII.- CUSTES E FINANCIAMENTO**

#### *Custes previsibles*

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan Estratéxico, requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano e a aprobación previa das bases e da convocatoria en caso de concorrencia competitiva.

Nos casos específicos, requirirá a aprobación dos convenios reguladores da súa concesión, tanto para as nominativas como para a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e de cumprimento da regra de gasto.

Os custes da acción subvencional, limítanse á cantidade que anualmente se fixe no orzamento xeral do Concello de Vigo ou do seu Organismo Autónomo.

No suposto de que a proposta de outorgamento conteña un gasto plurianual, e o compromiso futuro sexa superior a contía que reflicte o orzamento anual vixente, requirirá a autorización previa da Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante ao nivel que fixen as Bases de Execución, coa excepción das previstas nominativamente no orzamento, que están fóra da bolsa de vinculación xurídica, polo que non poderán adquirirse compromisos de gasto superiores ao seu importe.

As subvencións previstas nominativamente no Orzamento aprobado, non poderán ter outra finalidade obxectiva nin subxectiva que a aprobada polo Pleno, de non ter esa aplicación, o





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Pleno será o órgano que teña a competencia para alterar a finalidade, agás que as Bases de Execución reflicten esta delegación na Xunta de Goberno Local.

### *Financiamento*

As Subvencións as que fai referencia este Plan Estratéxico fináncianse con cargo aos créditos correspondentes do orzamento municipal, consignados para o período 2024-2024 nas aplicacións orzamentarias que se especifican no mesmo.

Con carácter xeral, o financiamento é co superávit ordinario, determinado pola diferenza entre os recursos e os empregos ordinarios non financeiros. Só naqueles supostos nos que o Concello recibise fondos finalistas para un programa determinado que leve asociado a convocatoria de subvencións a colectivos concretos, terá a condición de recurso afectado e a súa tramitación quedará condicionada ao previsto polo axente financiador.

## **XIV.- CONTROL, SEGUIMIENTO E TRANSPARENCIA**

O control do gasto subvencional será anual, en dúas liñas:

### *Control económico - financeiro*

Encomendado á Intervención Xeral do Concello de Vigo, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que por parte da Intervención Xeral se determinen.

Este control exercerase ao menos respecto dos beneficiarios e das entidades colaboradoras se fose o caso.

O control financeiro de subvencións terá como obxecto verificar:

- a) A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.
- b) O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das súas obrigas na xestión e aplicación da subvención.
- c) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras (conta xustificativa: memoria, documentos da relación de gastos e ingresos de carácter público ou privado que xustifican a aplicación da subvención).
- d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención.

- e) A adecuada e correcto financiamento das actividades subvencionadas, nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 19 da LXS.
- f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, goce ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.

#### *Control e seguimento do Plan.*

Este Plan Estratéxico debe ser revisado ao obxecto de:

- a) Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidesen perder a súa vixencia, ou que non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
- b) Actualizar os importes daquelas que se manteñan.
- c) Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.
- d) Axuste en relación cos obxectivos de desenvolvemento sostible

Este seguimento realizarase anualmente polo Comité de seguimento ao que se encomende o control do Plan, que deberá reunir o requisito de transversalidade, que emitirá informe sobre os extremos anteriores con fundamento na memoria que remitan os servizos xestores das axudas.

Cada unha das unidades funcionais xestoras das Subvencións, deberá remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

- 1) Información de cada liña e tipo de subvención, que recollerán as subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas nos procedementos de reintegro se houberse anticipos.
- 2) O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución. Para cada liña de subvención deberanse determinar os indicadores de cumprimento dos seus obxectivos.
- 3) Os custos efectivos en relación aos previsibles do seu plan de acción e dos seus indicadores cuantificables.
- 4) Desviación entre o custe efectivo e o previsto por incumprimentos na súa execución ou pola execución de custes non elixibles.
- 5) Impacto e efectos sobre a realidade na que se pretendeu incidir.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

- 6) Repercusións orzamentarias e financeiras que se derivan da aplicación do Plan.
- 7) Conclusións ou valoración global.
- 8) Suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.
- 9) O informe deberá conter pronunciamento claro sobre o cumprimento dos obxectivos.

A información enviada será a que se terá en conta para a formación do Orzamento anual e conformará o Plan anual de Subvencións e será coherente co Plan Estratéxico vixente.

En coherencia co anterior, o Comité de seguimento do Plan, dentro do primeiro semestre do ano, remitirá a información á persoa que sexa titular da Concellería da Área de Orzamentos e Facenda, de non ser esta a competente para o seguimento do Plan, ao Sr/Sra Concelleira/o Delegada/o de Orzamentos aos efectos da súa inclusión no proxecto orzamentario do ano seguinte en relación coas aplicacións orzamentarias, co PES e con Plan Anual de Subvencións, que de non haber modificacións, atenderá aos obxectivos, tipos de concesión e contías aprobadas no Plan Estratéxico de Subvencións.

Aos efectos do seguimento do Plan, creráse un comité de carácter transversal que será o desinado por Resolución do Sr. Concellerío Delegado da Área de Orzamentos e Facenda, no que estarán integrados entre outros, os Servizos e Áreas que teñan un maior peso no conxunto do PES, así como un representante do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

A proposta que se formule para a Resolución, conterá a composición do Servizo ou Área, e os membros quedarán a criterio dos titulares ou responsables dos servizos referenciados. Os representantes das áreas ou servizos xestores máis representativas por contía e o representante do OA XMU, serán os que designen os responsables do Servizo ou Área.

### *Transparencia*

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

En aras a dar cumprimento ao previsto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, darase publicidade no portal de transparencia do Concello de todas as subvencións concedidas, en cada unha das súas liñas estratéxica, programas de axuda e convenios que regulen liñas de subvención.

Igualmente, darase publicidade no mesmo portal ás convocatorias, sen prexuízo da publicación na Base Nacional de Subvencións de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Se algunha subvención outorgada, por razón de contía non estivese contida no PES, será igualmente publicada no portal de transparencia.

O contido mínimo da publicación da axuda será: importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.

#### *Comité de seguimento*

O Comité que se designe ditará as instrucións oportunas co fin de establecer o procedemento mediante o cal os centros xestores das subvencións remitan a información ao devandito Comité do control e seguimento do plan.

O informe de seguimento de cada un dos centros xestores, conterá a información relevante do mesmo. Sen prexuízo das instrucións que se diten, deberán ser os Servizos e Áreas impulsoras dos procedementos, quenes acheguen propostas dos mecanismos e ferramentas que consideren máis relevantes para o control das axudas.

O Comité deberá elaborar un protocolo, claro e transparente, que debería ser cuberto polos Servizos e Áreas xestoras, que tivese un contido básico relacionado coa convocatoria, beneficiarios e de execución das axudas, onde deberá conter:

Convocatoria: Data de aprobación, contía, resolución, obxectivo e liña estratéxica.

Proposta: Número de beneficiarios, contía por beneficiario, contía total.

Obrigas do beneficiario: Data de xustificación, que non poderá ser distinta da prevista nas Bases e na Convocatoria, que a súa vez, terá que axustarse ao previsto nas Bases de Execución do Orzamento e nas Instrucións de peche do exercicio orzamentario.

Gasto elixible: Deberán especificar, cal é o gasto elixible en relación con gasto subvencionable.

Indicadores de cumprimento: De eficiencia e eficacia previstos no PES e nas Bases da Convocatoria.

Porcentaxe de financiamento do Plan en relación co universo ao que vai dirixido, porcentaxes de financiamento de cada un dos axentes financiadores.

Grado de consecución dos obxectivos en relación co previsto.

Grado de execución en relación co gasto elixible.

Porcentaxe de gasto elixible en relación co gasto total acreditado.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Análise crítico dos obxectivos e resultados do Plan.

Análise do grado de cooperación e transparencia do axente perceptor da subvención co axente subvencionador.

Informe sobre a publicidade realizada polo beneficiario en relación coa axuda municipal ao proxecto subvencionado.

Proposta se fose o caso de modificar as dotacións da liña estratéxica si os resultados non fosen os esperados.

Os informes remitidos polas unidades funcionais xestoras das accións de fomento relativos á memoria xustificativa coas especificacións contidas no epígrafe de control e seguimento do PES, terán a súa publicidade no portal de transparencia do Concello de Vigo, manténdose a mesma ata os informes do ano seguinte.

Os Servizos e Áreas xestoras dos Plans Estratéxicos de Subvencións, cooperarán abertamente co Comité, aos efectos de que este poida elaborar o informe con total garantía dos feitos e de transparencia da aplicación dos recursos públicos, e basicamente, de que os mesmos foron aplicados á finalidade prevista e cos rendementos e expectativas previstas no PES.

### *Sobre o contido dos PES*

A proposta para cada un dos Servizos e Áreas, contén un importe global, diferenciando se se trata de unha axuda con cargo ao capítulo 4 ou 7 do Orzamento. A contía que se reflicte na táboa que conforma o apartado SEGUNDO da proposta, é global, representa en cada caso, a suma de todos os PES que presenta o Servizo ou Área. O Anexo explicita o número de PES presentado por cada Servizo ou Área.

De acordo ás delegacións vixentes, en cada un dos PES, se engaden aplicacións de outros programas orzamentarios que son xestionados por unha delegación distinta da que é titular o programa orzamentario.

Os Servizos ou Áreas xestoras, xa teñen reflectido no PES, as modificacións orzamentarias en trámite ou tramitadas, axustando o mesmo a situación real, que a esta data resulta distinta que a aprobada polo Pleno na sesión do 27 de decembro de 2023.

**SEGUNDO:** Aprobar o Anexo ao Plan Estratéxico de Subvencións, período 2024-2026.

Aprobar os Plans Estratéxicos de Subvencións de cada unha das Áreas ou Servizos co seguinte detalle por Servizos ou Áreas coas seguintes contías, e cuxo desenvolvemento forma parte do Plan Estratéxico de cada Servizo ou Área

O número de Liñas estratéxicas contidos nos distintos PES que conforman o ANEXO, son 40.

A contía por ano e Servizo ou Área é o seguinte:

Áreas/Servizos	Capítulo	2024	2025	2026
Área Social <sup>1</sup>	4	<b>3.888.984,00</b>	3.722.174,00	3.722.174,00
Área Social	7	<b>50.000,00</b>	50.000,00	50.000,00
Igualdade	4	<b>427.300,00</b>	427.800,00	427.800,00
Comercio	4	<b>200.000,00</b>	200.000,00	200.000,00
Cultura <sup>2</sup>	4	<b>1.643.700,00</b>	1.643.700,00	1.643.700,00
Distritos <sup>3</sup>	4	<b>288.000,00</b>	288.000,00	288.000,00
Deportes <sup>4</sup>	4	<b>3.593.500,00</b>	3.393.500,00	3.238.500,00
Deportes	7	<b>170.000,00</b>	335.000,00	335.000,00
Educación <sup>5</sup>	4	<b>842.405,31</b>	842.405,31	842.405,31
Emprego	4	<b>2.051.000,00</b>	2.051.000,00	2.051.000,00
Festas	4	<b>87.000,00</b>	87.000,00	87.000,00
Festas especiais-gastronómicas <sup>6</sup>	4	<b>965.000,00</b>	980.000,00	995.000,00
Participación Cidadá	7	<b>200.000,00</b>	200.000,00	200.000,00
Participación Cidadá	4	<b>447.600,00</b>	447.600,00	447.600,00
Turismo <sup>7</sup>	4	<b>455.000,00</b>	455.000,00	455.000,00

1 En aplicación do artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, quedarían fora do PES: Becas de comedor e libros: 1.427.700 euros, axudas a familias e fondo de emerxencia por deshaucios: 1.200.000 euros, convenio xantar na casa: 145.000 euros, cofinanciamento escolas infantiles e centros de día Consorcio Galego de Igualdade: 350.000 euros, mellora de fogares: 50.000 euros. Se inclúen no cómputo, as correspondentes ao programa 3112. A Área está a incluír no PES, as axudas para deshaucios, becas de libros e comedor e Xantar na casa.

2 Non se inclúen as transferencias a sistemas de financiamento das Fundacións : MARCO, Laxeiro e LISTE por 945.000 euros. Engádesse o festival Interfolk e o convenio coas agrupacións deportivas e culturais, aplicacións 3380.489007 e 4890010 (90.000, 18.000 euros)

3 Esta dotación está en P. Histórico, Convenio Obispado, 3360.7800010, 200.000 euros, Alcaldía, Semana Santa e F. Cristo da Victoria, 9120.4800000, 88.000 euros.

4 Non se inclúe a transferencia a sistema de financiamento da Fundación VIDE por 125.000 euros.

5 A maior contía está asociada a organismos públicos e FOANPA (Consorcio Galego de Igualdade: 205.500 euros, Becas Internacionais, 175.000 euros, UNED:225.000 euros, FOANPA: 642.405,31 euros). Non forman parte do PES, o convenio coa UNED e a achega escolas infantiles do Consorcio Galego de Igualdade.

6 Están incluídas as dotacións que figuran no programa de festas, ademais da convocatoria ás Comisións de Festas (3380.4800000, 3380.4800001, 3380.4800004, 3380.4800005, 3380.4890000, 3380.4890004, 3380.4890005, 3380.4890006, 3380.4890011, 3380.4890013). O PES previsto para os anos 2025-2026 en festas gastronómicas e comisións de festas, non ten acordo algún de incremento, polo que, nos devanditos anos, vanse a prever as mesmas contías que no ano 2024, coa excepción da Reconquista, que incrementa 10 000 euros no 2025 e 15.000 no ano 2026



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Urbanismo <sup>8</sup>	7	<b>4.713.785,00</b>	3.224.817,00	1.228.580,00
Transportes	4	<b>25.000,00</b>	25.000,00	25.000,00
Xuventude	4	<b>84.000,00</b>	84.000,00	84.000,00
Total		<b>20.132.274,31</b>	18.456.996,31	16.320.759,31

En cada caso, o PES está a reflectir o contido que regula o artigo 12 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e as recomendacións da IGAE.

**TERCEIRO.-** Coa finalidade de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública, o artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno obriga ás Administracións Públicas a publicar os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixan obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución, entre eles os PES. O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas modificou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, engadindo un segundo parágrafo no artigo 13 no que sinala ao Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) como o sitio web de publicación dos plans estratéxicos de subvencións e as súas actualizacións.

**CUARTO.-** A regulación contida nas Bases de Execución do Orzamento anual, manterá a súa vixencia, de xurdir contradicións entre as mesmas e o PES, por ter este último un carácter obrigatorio e específico, o PES terá carácter preferente na súa aplicación.

**QUINTO.-** O comité de seguimento quedará conformado polos responsables dos Servizos ou Áreas que designe a Resolución do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que deberá ter un carácter transversal e do que formarán parte, os Servizos e Áreas que representen as contías máis importantes do PES, xuntamente cun representante do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

**SEXTO.-** Os Plans Estratéxicos de Subvencións aprobados pola Xunta de Goberno Local, serán publicados no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP), no portal de Transparencia do Concello de Vigo e en calquera outro medio que se considere oportuno.

7 Non se inclúe a transferencia á Fundación VCB por 200.000 euros.

8 Non se inclúe a transferencia ao CCVV, 44.444 euros.

**SÉTIMO.-** Os responsables dos Servizos ou das Áreas xestoras dos expedientes de subvencións, farán constar na proposta de aprobación das Bases da convocatoria ou na convocatoria si esta fose independente, que o crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión, están previstos no Plan Estratéxico vixente.

**OITAVO.-** Se con ocasión de modificacións orzamentarias se pretendese introducir algunha liña de subvención non prevista no PES, deberá previa ou simultaneamente modificarse este pola XGL, xustificándose en cada caso a modificación.

Nos casos de dotacións nas que non se teña previsto unha convocatoria en réxime de concorrencia, deberá quedar xustificada na documentación de formación do Orzamento anual a tramitación de concesión directa, quedando delimitada aos supostos que regula o artigo 22.2.c) da LXS. Non obstante, si a condición de non concorrencia xa estivese prevista e xustificada no PES, a xustificación aos efectos orzamentarios quedará limitada a que xa se fai anualmente das subvencións nominativas.

Aquelas subvencións de escasa contía que poidan xurdir no transcurso de vida do PES que non estean previstas no mesmo, e non supoña un aumento da contía prevista no PES do Servizo ou Área, non requirirá unha modificación do PES sempre que estea dentro dunha das liñas estratéxicas previstas.

**NOVENO.-** Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente.

**DÉCIMO.-** Si os ingresos fiscais da Administración do estado tivesen unha evolución negativa, e as entregas a conta pola cesión de tributos e fondo complementario de financiamento se reducise no marco temporal do PES, habería que facer un axuste nas dotacións contidas no Plan, agás que o Goberno municipal considere axeitado manter as contías que reflicten os PES das Áreas e Servizos.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Corresponderá ao servizo ou cargo que se determine a coordinación do Comité de seguimento e a proposta de informe final para a súa elevación á Xunta de Goberno Local. O informe de avaliación do PES, será formado polo Comité de seguimento.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

**DÉCIMO SEGUNDO.-** O PES formará parte da documentación que conforma o Orzamento anual, e as dotacións contidas no mesmo, serán as previstas no PES xuntamente coas modificacións que este tivese.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **ANEXO:**

Plans Estratéxicos de cada Área ou Servizo (2024-2026)

Os PES que forman parte do Expediente e da súa aprobación correspóndese cos programas orzamentarios e Áreas de xestión seguintes:

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Urbanismo, programa 1510.

Número de Plans Estratéxicos: 6 de Benestar Social, programa 2310, 3112.

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Igualdade, programa 2311.

Número de Plans Estratéxicos: 5 de Emprego, programa 2410.

Número de Plans Estratéxicos: 3 de Educación, programa 3230, 3231, 3260.

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Cultura, programa 3330, 3331, 3340.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Xuventude, programa 3370.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Festas, programa 3380.

Número de Plans Estratéxicos: 3 de Comercio e Festas tradicionais, programa 4310, por delegación, PES das aplicacións dos programas 3380, 3360 e 9120.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Turismo, programa 4320

Número de Plans Estratéxicos: 11 de Deportes, programa 3420.

Número de Plans Estratéxicos: 1 Transportes, programa 4412

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Participación Cidadá, programa 9240.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Alcaldía, programa 9120, sin concretar accións por escas contía.

NESTE INTRE INCORPORASE Á REUNIÓN A CONCELLEIRA SR. CARIDE ESTÉVEZ.

**22(144).- CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CEETRUS URBAN PLAYER SPAIN S.A.U. INSTRUMENTANDO A CESIÓN DO DEREITO DE USO DE DETERMINADA SUPERFICIE LOCALIZADA NA CUBERTA DO CENTRO VIALIA-ESTACIÓN DE VIGO. EXPTE. 604/406.**

Visto o informe de fiscalización do 23/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 28/02/2024 asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, a xefa do Departamento de Desenvolvemento e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Visto o texto do convenio negociado entre o Concello de Vigo e a mercantil CEETRUS Urban Player Spain S.A.U, aos efectos de instrumentar a cesión do dereito de uso do espazo público sito na cuberta do Centro Vialia -Estación de Vigo, cunha superficie de 21.904,26 m2, para o seu destino a praza e para a regulación das condicións de utilización, usos, conservación, reposición e mantemento de tal superficie, emítese o seguinte informe con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

### **I.- Antecedentes e Feitos**

O Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento, a través da entidade pública empresarial ADIF- Alta Velocidade, promoveron no ano 2016 a elaboración dun proxecto básico para a construción dun “Centro Vialia” na estación ferroviaria Vigo -Urzaiz; Convocada a licitación para a construción e explotación do Centro, con data do 29.03.2017 o Consello de Administración da dita entidade pública adjudicou por un período de 50 anos contrato para tal fin á mercantil Immochan España S.A. (hoxe, Ceetrus Urban Player Spain S.A.U.).

Con data do 20.09.2021 a Vicepresidenta da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, concluíndo o seguimento que a XMU ten realizado da execución da obra do Centro Vialia, en especial dos accesos e da urbanización do espazo de uso público da cuberta, ditou Resolución pola que dispuxo “Incoar expediente para a subscrición dun convenio coa mercantil CEETRUS URBAN PLAYER SPAIN S.A.U, adjudicataria da construción e explotación dun “Centro Vialia” na estación ferroviaria de Vigo -Urzaiz, que teña por obxecto acordar a cesión do dereito de uso de determinada superficie localizada na cuberta (planta técnica) do Complexo Inmobiliario Urbanístico denominado Centro Vialia- Estación de Vigo o fin que sexa destinada a uso público (praza) e regular a utilización, uso, conservación, reposición e mantemento de tal espazo público.

Obran no expediente emitidos os seguintes informes técnicos, de carácter favorable a actuación proposta:

- Informe do xefe de servizo de montes, parques e xardíns de data 28.12.2022
- Informe do enxeñeiro de camiños, canais e portos de data 18.01.2023

Consta no expediente, informe preceptivo emitido pola intervención xeral do Concello de Vigo con data do 28.09.2021, no que conclúe que, o expediente fiscalízase de conformidade, de acordo co artigo 8.1. letra “b” da Lei de transparencia deberá darse publicidade ao convenio que se aprobe e conforme ao artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dentro dos tres meses seguintes á sinatura do convenio, deberá este ser remitido electrónicamente ao Consello de Contas de Galicia, ao superar os compromisos económicos asumidos os 600.000 euros. Igualmente deberá comunicarse ao consello de Contas de Galicia cantas modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos que se poidan producir, así como a extinción do convenio indicados.

Con data do 13.07.2023 o Secretario do Pleno do Concello de Vigo e desta XMU, formulou informe xurídico, Memoria, e proposta de acordo, do que se reproduce a continuación os seus antecedentes e fundamentación xurídica,

*“(…)INFORME, MEMORIA INFORMATIVA E PROPOSTA DE ACORDO*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

I. O contrato suscrito entre Adif-Alta Velocidad e Ceetrus Urban Player Spain S.A.U. foi instrumentado o amparo da LPCSE, unha norma que posibilita que a explotación das instalacións construídas o sexa por un prazo de 50 anos durante o cal Ceetrus, mercantil adxudicataria, ostenta a obriga da súa conservación, reposición e mantemento, unha obriga en parte compartida co Concello dado que tales instalacións contemplan na cuberta do Centro Vialia (planta técnica) un espazo de uso público.

Mais aló do interese propio existe un evidente fin común entre Ceetrus, beneficiario da explotación da instalación construída, e o Concello de Vigo, beneficiario do uso da "dotación"; un fin -tamén unha utilidade común- que debe concretarse na óptima utilización e disfrute da "praza" por parte da cidadanía.

II. "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas ... con suxeitos de dereito privado para un fin común", artigo 47.1 LRXSP.

O propósito do Concello de Vigo e Ceetrus Urban Player Spain S.A.U. é, (i) instrumentar o procedemento para a cesión (adquisición) gratuita do dereito de uso do espazo público localizado na cuberta do Centro Vialia e, (ii) determinar as condicións de colaboración, cooperación e bo goberno na utilización, uso, conservación mantemento e reposición de tal espazo (praza) co obxecto de procurar o seu axeitado disfrute pola comunidade veciñal.

III. Os artigos 47 e seguintes da LRXSP regulan os convenios das Administracións Públicas, tamén dos que deben subscribirse con suxeitos de Dereito privado (Ceetrus); refíndose o seu contido o artigo 49.h) advirte que os Convenios deben ter unha duración determinada que non será superior a catro anos, "salvo que normativamente se prevexa un prazo superior".

O prazo convencional de 50 anos prevese, sen prexuízo da LPCSE, na LPAP.

A cesión (adquisición) non onerosa (gratuita) a favor do Concello por un prazo de 50 anos dun dereito de uso referido a unha determinada superficie da cuberta (planta técnica) do "Centro Vialia" co fin de destinala a "praza" enmárcase nun negocio xurídico de disposición sobre un ben inmovible do que é titular Adif-Alta Velocidad; é, en consecuencia, artigo 9.2. da LCSP, un negocio xurídico privado innominado e atípico da Administración municipal suxeito á lexislación patrimonial, LPAP.

A LPAP, artigo 111.1., advirte, "os ... convenios e demais negocios xurídicos sobre os bens e dereitos patrimoniais (sensu contrario, sobre dereitos patrimoniais que adquire a Administración, neste caso unha "cesión de uso") atópanse suxeitos o principio de liberdade de pactos. A Administración pública poderá, para a consecución do interese público previsto, concertar as cláusulas e condicións que estime conveniente, sempre que non sexan contrarias o ordenamento xurídico, ou aos principios de boa administración".

Entre estas Cláusulas, conforme a autonomía da vontade, artigos 111.1 LPAP (transcrito) e 1254 do Cód. Civil, cabe concertar o prazo polo cal as partes prestan o seu consentimento, neste caso referido á cesión (adquisición) do dereito de uso da cuberta dun inmovible, un prazo que nada en Dereito impide que o sexa polo concreto de 50 anos, un prazo vinculado co previsto no contrato suscrito entre Adif-Alta Velocidad e Ceetrus polo cal Adif, titular dominical da cuberta do "Centro", cede a Ceetrus o uso da mesma. En definitiva, páctase, co consentemento expreso de Adif-Alta Velocidad, o procedemento convencional da "cesión da cesión"<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Artigo 37.1. RLPAP. "Corresponderá a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado tramitar o procedemento de adquisición a título gratuito de ... dereitos no ámbito da Administración Xeral do Estado, e propoñer a resolución o órgano competente de acordo co sinalado no artigo 21.1 da Lei"

*IV. Acordada e conveniada a cesión [Cláusula Segunda] e considerando que os gastos os que da lugar [mantenemento, reposición e conservación] son inferiores o beneficio inmaterial e intanxible do dereito de uso transmitido á cidadanía e o Concello, débense determinar, no mesmo Convenio<sup>2</sup>, as condicións do fin común de colaboración e cooperación na utilización, uso, conservación, reposición e mantemento da superficie cedida, unha colaboración que debe manifestarse durante a totalidade do prazo da cesión: 50 anos.*

*A confluencia de intereses concorrentes e o bo fin da cesión recomendan que as partes, cedente e cesionario, intuitu personae, e mais aló do mero acto de disposición ou cesión, asuman e conveñan compromisos recíprocos de carácter non oneroso vinculados no tempo á cesión pactada dado que estes -concretados no interese común da utilización, conservación mantemento e reposición da superficie cedida- perseveran durante a totalidade do periodo de cesión: 50 anos.*

*En conclusión, é a LPAP a normativa patrimonial que posibilita e soporta a obriga a determinar o prazo convencional para a consecución do lexítimo fin común; é mais, o artigo 110.1. da LPAP determina, “os convenios sobre dereitos patrimoniais rexeranse por esta lei”, unha lei que, como xa se ten exposto, posibilita a liberdade de pactos (autonomía da vontade).*

*Cúmprese o artigo 49.h)1º da LRXSP. Cabe tamén entender que o Convenio, en canto disciplina os efectos materiais da cesión, finaliza o procedemento de cesión; in fine artigo 86.1. LPACAP.*

*V. O artigo 50 da LRXSP advirte que os convenios acompañaranse dunha memoria xustificativa que analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión e o cumprimento do previsto na mesma Lei.*

*VI. Necesidade e oportunidade do Convenio. A súa necesidade, mais aló do obrigado acto de disposición ou cesión, reside na existencia de que as partes -Ceetrus e o Concello de Vigo- cheguen a un acordo determinando e concretando os seus compromisos no que serán as condicións de coordinación e de utilización, conservación e mantemento da “praza” o fin de procurar o obxectivo común de materializar a súa óptima utilización e disfrute da por parte da cidadanía.*

*Existen razóns de interese xeral que xustifican a formalización do Convenio.*

*VII. Impacto económico. Sen prexuízo dos puntuais dereitos económicos que poidan derivarse para as partes como consecuencia da autorización de eventos ou actividades que impliquen unha utilización especial ou privativa da “praza” na súa consideración de ben adscrito o uso público, non existen para as partes ingresos que sexan consecuencia directa do Convenio. A aportación económica que o Concello comprométese a transferir a Ceetrus -parte xestora do fin común, Cláusula Cuarta. 4.- (60 % dos gastos previstos) carece de carácter oneroso dado que o é para satisfacer os necesarios e comúns gastos ordinarios de conservación, reposición e mantemento da superficie cedida na parte proporcional pactada. É mais, o mesmo Convenio sinala que tal cantidade en ningún caso integrárase no patrimonio de Ceetrus que neste sentido actuará como administrador de fondos (recursos) alleos, Cláusula Cuarta.4 (iii).*

*O impacto económico para o Concello de Vigo enmárcase nos gastos ordinarios de mantemento e conservación de calquera espazo público.*

*VIII. Carácter non contractual da actividade conveniada. O Convenio disciplina a actividade de colaboración e cooperación na utilización, uso, conservación, reposición e mantemento da superficie da superficie cedida, “praza”, unhas actividades, as de colaboración/cooperación, que non son propias dos contratos nominados ou*

<sup>2</sup> Como se ten exposto a Cláusula 3.32. do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o contrato entre ADIF-AV e Ceetrus determina que Ceetrus promoverá un convenio co Concello de Vigo fixará as condicións de conservación e mantemento da praza.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

dos especiais da contratación administrativa. Como se ten exposto a transferencia prevista non implica prezo -elemento esencial dos contratos administrativos<sup>1</sup>-, polo que carece do carácter oneroso dos contratos da Administración e non supoñe contraprestación dunha prestación senón realización conxunta de actividades comúns.

*“A diferenza entre o obxecto do contrato e o convenio non radica tanto na súa materialidade como na causa e na forma de realizalo, que non constitúe contraprestación a cargo dunha das partes senón a participación de ambas «nun fin común», artigo 47 LRXSP, ou «nun asunto de interese común», en expresión do artigo 57 LBRL. As prestacións ou actuacións do convenio serán, en suma, prestacións sen contraprestación, aínda non sen causa. Só as prestacións onerosas, coincidentes coas contractuais, feitas solvendi causa, exclúen a figura do convenio; pero non as que, coincidentes materialmente ou non coas contractuais, realízanse conveniendi causa (esto é en aras da consecución dun fin común e sen onerosidade)”<sup>2</sup>*

O “fin común” (LRXSP) ou “interese común” (LBRL) das partes, Concello de Vigo e Ceetrus S.A.U., queda acreditado na declaración do Expoñendo XIII do proxecto de Convenio: “é interese das Partes intervincentes actuar de xeito conxunto e formalizar o presente Convenio para acordar a cesión do dereito de uso mencionado e instrumentar as condicións de colaboración e cooperación no fin común e permanente de procurar no prazo convencional fixado a xestión dun mantemento e dunha conservación de óptima corrección, calidade, eficiencia e economicidade na superficie cedida ao obxecto de que tal espazo público, e o conxunto da praza, supoñan, no seu uso e desfrute por parte da cidadanía, unha referencia de lecer e calidade que satisfaga as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal”

*As prestacións ou actuacións do proxecto de Convenio serán prestacións sen contraprestación. Só as prestacións onerosas feitas “solvendi causa”, o fin de extinguir unha obriga, exclúen a figura do convenio; non as coincidentes materialmente, ou non, coas contractuais, cando realízanse “conveniendi causa” no obxectivo*

<sup>1</sup> Artigo 102.1 LCSP. Os contratos do sector público terán sempre un prezo certo, que abonarase o contratista en función da prestación realmente executada e de acordo co pactado

<sup>2</sup> José Pascual García. Subdirector Xefe da Asesoría Xurídica do Departamento de Fiscalización do Tribunal de Contas. “La regulación de los convenios administrativos en la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público”. Revista Española de Control Externo, vol. XVIII n.º 54 (Septiembre 2016).

En similar sentido Diana Santiago Iglesias. Profesora Dereito Administrativo. Facultad de Dereito. Universidade de Santiago de Compostela “Las relaciones de colaboración entre poderes adjudicadores ...”, Revista General de Dereito Administrativo, núm. 38, 2015, “non é o obxecto senón a causa o elemento determinante da natureza convencional ou contractual dun negocio xurídico. Así, no caso dos contratos, a causa é remuneratoria: *facio ut des*, é decir, nos contratos administrativos o determinante é a existencia de ánimo lucrativo, de tal maneira que, neles, realízase unha actividade a cambio da obtención dun beneficio, mentres que, no caso dos convenios, a causa é a colaboración no logro dun obxectivo común ás partes que reviste interese público, *facio ut facias*. No mesmo sentido Lorenzo Mellado Ruiz. Profesor Dereito Administrativo. Facultad de Dereito. Universidade de Almería “Ámbito subjetivo y objetivo de la aplicación de la Ley de Contratos del Sector Público”, RAAP, núm. 74, 2009.

Tamén en similar sentido Ditame do Consello de Estado núm. 1.116/2015, de 10 de marzo de 2016, “la característica diferenciadora de los convenios frente a los contratos radica en que, frente al modelo clásico de los contratos en que se da un antagonismo patrimonial en las prestaciones de las partes, los convenios responden a la idea de colaboración en la consecución del fin común. Inherentes a la noción de contrato son, de una parte, la emisión de declaraciones de voluntad intrínsecamente diferentes por parte de los contratantes pero que se corresponden entre sí y que coinciden en la obtención de un mismo efecto jurídico y, de otro lado, la equivalencia de prestaciones o su carácter sinalagmático. En los convenios, por el contrario, la idea prevalente es la de colaboración entre las partes para la consecución de un fin común. Las partes no se enfrentan como portadoras de intereses contrapuestos y, de ordinario, no emiten declaraciones de voluntad intrínsecamente diferentes sino generalmente iguales”.

*dun fin ou utilidade común e sen onerosidade. No noso caso as prestacións previstas no proxecto de Convenio atópanse definidas “facio ut facias” e formuladas en evidentes termos “conveniendi causa”.*

*V.IV. Cumprimento da LRXSP. Conforme o artigo 49 da LRXSP o contido do proxecto de Convenio menciona na súa parte Expositiva os suxeitos que o subscriben e a capacidade xurídica coa que interveñen; o seu obxecto e as actuacións a realizar, Cláusula Primeira; as obrigacións e compromisos asumidos polas partes, Cláusulas Terceira, Cuarta e Quinta; as consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos, Cláusula Oitava; os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do Convenio o fin de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan plantexarse, Cláusula Sexta; o réxime de modificación do Convenio, Cláusula Oitava e o seu prazo de vixencia, Cláusula Oitava.*

*Do exame das cláusulas despréndese que ningunha delas é contraria o ordenamento xurídico, ou aos principios de boa administración; cúmprese o sinalado in fine no artigo 111.1 da LPAP.Co a susbcrición do Convenio mellórase a eficiencia da xestión pública, facilitándose a utilización conxunta de medios públicos, contribuíndose á realización de actividades de utilidade pública, artigo 48.3 LRXSP.*

*VI. No Convenio atópase acreditada a personalidade e capacidade do cedente (Ceetrus Urban Player Spain S.A.U.), a súa vontade fehaciente de ceder o Concello, o poder outorgado por Ceetrus a seu Director xeral na súa condición de representante de tal mercantil e a titularidade de Ceetrus sobre o dereito obxecto de cesión.*

Finalmente, con data do 25.01.2024 o Secretario da Administración municipal emite informe aos efectos de completar o informe proposta de data 13.07.2023 emitido polo secretario xeral do Pleno, co seguinte contido,

*“(…)Sen entrar a cuestionar ou valorar o expediente tramitado ou o contido do informe-proposta, compre recordar os resolutivos segundo e terceiro da parte dispositiva de aquel que a esta data deben ser completados ou corrixidos.*

*Así estes apartados da parte dispositiva sinalan:*

*“SEGUNDO. Facultar o alcalde, na representación legal que ostenta, ou, no seu caso, á concelleira delegada de Urbanismo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, para a sinatura e formalización do Convenio e para cantas xestións resulten precisas para a execución do presente acordo.*

*Autorizar o gasto por importe de XX.XXX,XX euros con cargo a aplicación orzamentaria 1710.2279907 do estado de gastos dos orzamentos municipais vixentes, para facer fronte aos gastos que se derivan para o Concello de Vigo da sinatura do presente convenio correspondentes aos últimos cinco meses do exercicio.*

*TERCEIRO. De conformidade co disposto no apartado 5º do artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o Concello de Vigo adquire o compromiso de gasto durante os exercicios 2023 a 2072, para facer fronte á porcentaxe de participación no financiamento dos gastos ordinarios de conservación, reposición e mantemento da superficie cedida na praza definidos na cláusula cuarta do convenio, calculados inicialmente nun importe anual máximo de 147.874,01 euros.”*

*Á vista do contido do expediente convén concretar o parágrafo segundo do resolutivo segundo concretando a cantidade económica coa que se comprometerá o Concello á cofinanciación do mantemento da cuberta do edificio “Vialia”. Así proponse fixar unha cantidade mensual que se deduce do propio contido do informe-proposta e do texto do Convenio proposto para a súa aprobación.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*Por outra banda haberá que axustar o resolutivo terceiro á anualidade na que nos atopamos e ao prazo máximo de duración previsto no Convenio (50 anos).*

*Completados e corrixidos estes apartados, a proposta do 13/07/2023, deberán ter, nos mesmos, a seguinte redacción:*

*“SEGUNDO. Facultar o alcalde, na representación legal que ostenta, ou, no seu caso, á concelleira delegada de Urbanismo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, para a sinatura e formalización do Convenio e para cantas xestións resulten precisas para a execución do presente acordo.*

*Autorizar o gasto por importe mensual máximo de 12.322,83 euros con cargo a aplicación orzamentaria 1710.2279907 do estado de gastos dos orzamentos municipais vixentes, para facer fronte aos gastos que se derivan para o Concello de Vigo da sinatura do presente convenio correspondentes aos últimos cinco meses do exercicio.*

*TERCEIRO. De conformidade co disposto no apartado 5º do artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o Concello de Vigo adquire o compromiso de gasto durante os exercicios 2024 a 2073, para facer fronte á porcentaxe de participación no financiamento dos gastos ordinarios de conservación, reposición e mantemento da superficie cedida na praza definidos na cláusula cuarta do convenio, calculados inicialmente nun importe anual máximo de 147.874,01 euros.”*

### **OBSERVACIÓNS.**

*Parecería razoable que o prazo do Convenio se axuste, como máximo, ao prazo de duración do contrato para o desenvolvemento, construción e explotación do Centro Vialía que Adif-Alta Velocidad adxudicou a Ceetrus Urban Player Spain, S.A. por cincuenta (50) anos. Neste caso conviría comprobar se parte dese prazo de cincuenta (50) anos xa ten transcorrido, de modo que o prazo proposto de duración do Convenio, tamén de 50 anos, a día de hoxe sería un prazo lixeiramente inferior. De este modo o prazo de duración da cesión de uso de Ceetrus ao Concello coincidiría co prazo de duración da concesión de ADIF a Ceetrus.*

*En todo caso, e a pesares de non cuestionar a proposta do 13/07/2023, pois nada parece impedir legalmente o prazo de duración do Convenio, parécelle ao asinante deste documento que o prazo proposto de cincuenta (50) anos como duración do Convenio podería revisarse. Hai que ter en conta que se está a falar dun compromiso plurianual que alcanza a 12 mandatos corporativos. Por outra banda como regra xeral os convenios, na Lei 39/2015, ten un prazo máximo de catro (4) anos, podendo prorrogarse ata un prazo máximo doutros catro (4) anos).*

*Tralo ditame do Consello da Xerencia, o Interventor Xeral municipal subscribe con data do 23.02.2024 informe de fiscalización favorable.*

### **II. Dereito/Valoración xurídica**

#### **A) Obxecto do Convenio**

O convenio entre o Concello de Vigo e Ceetrus Urban Player Spain S.A.U. ten por obxecto, (i) instrumentar o procedemento para a cesión (adquisición) gratuíta do dereito de uso do espazo público localizado na cuberta do Centro Vialía cunha superficie de 21.904,26 m<sup>2</sup>, e (ii) determinar as condicións de colaboración e

cooperación e bo goberno na utilización, uso, conservación mantemento e reposición de tal espazo (praza) co obxecto de procurar o seu axeitado goce pola comunidade veciñal.

#### B) Compromisos asumidos polas partes

A cesión do dereito de uso é gratuíta a favor do Concello de Vigo, e a súa duración será coincidente co prazo convido no contrato suscrito por ADIF- Alta Velocidade e Ceetrus Urban Player Spain S.A.U para o desenvolvemento, construción e explotación, por un período de 50 anos, do Centro Vialia (contrato nº 2016-160-00501), a contar dende a súa formalización.

Por outra parte, o Concello de Vigo comprométese a participar nunha porcentaxe do 60% no financiamento dos gastos ordinarios de conservación, reposición e mantemento da superficie cedida na praza, considerando como tales os relativos a: (i) Reparación ordinaria, limpeza, xardinaría, auga, ornamentación e iluminación; (ii) primas de seguro que cubran os riscos referidos ao valor de reparación ordinaria e responsabilidade civil; (iii) gastos de administración, xestión e contabilidade; (iv) e calquera outros non extraordinarios que se contraian no interese común.

O expediente incorpora un documento anexo VIII asinado polo xefe de montes, parques e xardíns do Concello de Vigo, no que se procede ao cálculo e desglose dos custos das áreas cedidas ao Concello de Vigo.

#### C) A conformidade do acordo proxectado co ordenamento xurídico vixente

Consta no expediente o cumprimento dos trámites /requisitos establecidos polo ordenamento xurídico, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos, isto é:

- A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender os compromisos financeiros que se derivan do convenio,
- Informe favorable do interventor xeral municipal,
- Informe favorable da Secretaria xeral municipal, que incorpora Memoria xustificativa onde se axuiza a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade, así como o cumprimento do previsto na Lei de Réxime xurídico do sector público,
- Que o proxecto/borrador de convenio ten o contido mínimo establecido na Lei 40/2015,

Por canto antecede, propónse a Xunta de goberno local do Concello de Vigo (artigo 127.1.g) LRBRL), previo ditame do Consello da XMU, e fiscalización polo interventor xeral municipal, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o texto do convenio, que figura como anexo a esta proposta, co seguinte título:

CONVENIO PARA INSTRUMENTAR A CESIÓN DUN DEREITO DE USO DE DETERMINADA SUPERFICIE LOCALIZADA NA CUBERTA DO CENTRO VIALIA- ESTACIÓN DE VIGO PARA O SEU DESTINO A USO PÚBLICO (PRAZA) E PARA A REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS DE UTILIZACIÓN, USOS, CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E MANTEMENTO DE TAL ESPAZO PÚBLICO

SEGUNDO. Facultar o Alcalde, na representación legal que ostenta, ou, no seu caso, a Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, para a sinatura e formalización do Convenio e para cantas xestións resulten precisas para a execución do presente acordo.

Autorizar o gasto por importe mensual máximo de 12.322,83 euros con cargo a aplicación orzamentaria 1710.2279908 do estado de gastos dos orzamentos municipais vixentes, para facer fronte aos gastos que se derivan para o Concello de Vigo da sinatura do presente convenio.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

TERCEIRO. De conformidade co disposto no apartado 5º do artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo o que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, o Concello de Vigo adquire o compromiso de gasto para facer fronte á porcentaxe de participación no financiamento dos gastos ordinarios de conservación, reposición e mantemento da superficie cedida na praza definidos na cláusula cuarta do convenio, calculados inicialmente nun importe anual máximo de 147.874,01 euros.

CUARTO. Dar traslado dunha copia autenticada do documento formalizador do Convenio o Consello de Contas de Galicia en cumprimento do sinalado no artigo 53.1 da LRSXP.

QUINTO. Conforme á lexislación estatal e autonómica de transparencia e bo goberno publíquese anuncio do acordo no Portal de Transparencia <https://transparencia.vigo.org>.

SEXTO. Dar traslado dunha copia autenticada do documento formalizador do Convenio o Servizo de Patrimonio do Concello a efectos da inclusión da superficie cedida no Inventario municipal de Bens e á Dirección de Ingresos a efectos do seguimento das valoracións catastrais que procedan.

SÉTIMO. Dar traslado dunha copia autenticada do documento formalizador do Convenio á entidade pública ADIF-Alta Velocidade.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 20/02/2024.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### ANEXO

CONVENIO PARA INSTRUMENTAR A CESIÓN DUN DEREITO DE USO DE DETERMINADA SUPERFICIE LOCALIZADA NA CUBERTA DO CENTRO VIALIA- ESTACIÓN DE VIGO PARA O SEU DESTINO A USO PÚBLICO (PRAZA) E PARA A REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS DE UTILIZACIÓN, USOS, CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E MANTEMENTO DE TAL ESPAZO PÚBLICO

Na Casa Consistorial do Excmo. Concello de Vigo, a XX de XXXX de 2024

### REUNIDOS

Dunha parte, o CONCELLO DE VIGO, con CIF nº P3605700H, con domicilio en Praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, e na súa representación, conforme artigo 124.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o seu alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, facultado para este acto pola Xunta de Goberno Local

S.ord. 08/03/2024

segundo acordo de data XX.XX.2023; asístelle no asesoramento xurídico, José Villán Fuertes, Secretario da Admon Municipal do Concello de Vigo

Doutra, a mercantil CEETRUS URBAN PLAYER SPAIN, S.A.U., con CIF N.º A-58513631, domiciliada en Avda. de Europa 19, 2ª planta, Alcobendas, 28108 Madrid, representada polo o seu director xeral, D. Manuel Teba Torres provisto de DNI 07525364V. Exerce esta representación en virtude do poder outorgado o seu favor mediante escritura de data de 3 de setembro de 2103 ante o notario de Madrid D. Ángel Benitez-Donoso Cuesta, co número 1.144 do seu protocolo. (en diante, "Ceetrus").

En diante, conxuntamente, as "Partes" (cedente e cesionario) e cada unha delas, individualmente considerada, unha "Parte".

Cada unha das Partes coa capacidade xurídica e personalidade con que interveñen teñen e recoñécense capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente Convenio de cesión do dereito de uso de parte da cuberta do Centro Vialia para o destino o uso público (praza) e regulación das condicións de utilización, uso, accesos, conservación, reposición e mantemento da mesma, en especial da superficie cedida (en diante, o "Convenio"); a tal efecto,

## EXPOÑEN

I. O Ministerio de Fomento, a través da entidade pública empresarial Adif-Alta Velocidad e o Concello de Vigo promoveron a elaboración dun Proxecto Básico para a construción dun Centro Vialia na Estación Ferroviaria de Vigo-Urzáiz (en diante, o "Centro Vialia").

II. Sobre a base deste proxecto Adif-Alta Velocidad construíu parte da infraestrutura ferroviaria que se atopa na actualidade operativa así como a cimentación do conxunto do Centro Vialia. O proxecto básico foi obxecto de modificación a instancia de Adif-Alta Velocidad en setembro de 2016, dando lugar ao Proxecto Básico Modificado do Centro Vialia Estación de Vigo.

III. Mediante anuncio publicado no BOE do 14 de xuño de 2016, Adif-Alta Velocidad convocou a licitación do contrato para o desenvolvemento, construción e explotación do Centro Vialia na Estación ferroviaria de Vigo-Urzáiz (Expediente nº 2016-160-00005) e estipulou na Cláusula 3ª apartado 32 do Prego de Condicións Administrativas Particulares, entre outras obrigacións do futuro adxudicatario, a seguinte: "o adxudicatario promoverá un acordo/convenio co Concello de Vigo no que se regule a utilización, usos e acceso da praza pública situada na cuberta do futuro centro, fixándose as condicións de conservación e mantemento da mesma. En devandito acordo Adif-Alta Velocidad non asumirá ningunha responsabilidade nin soportará ningunha carga". Adxúntase o Prego como Anexo I.

IV. Mediante acordo de 29 de marzo de 2017 o Consello de Administración de Adif-Alta Velocidad adxudicou á empresa Immochan España S.A. (Ceetrus Urban Player Spain, S.A., tras o cambio da súa denominación social publicado no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil de data 7 de novembro de 2018 contrato para o desenvolvemento, construción e explotación, por un período de 50 anos, dun Centro Vialia, adxudicación que quedou condicionada a que a Dirección Xeral de Estradas emitira informe favorable a solución de accesos ao Centro e a estación de autobuses.

V. Mediante informe de data 27 de xuño de 2017 a Subdirección Xeral de Explotación, por delegación do Director Xeral de Estradas, emitiu informe favorable no referente á afección á Rede de Estradas do Estado do proxecto integrado Centro Vialia-Estación de Vigo e terminal de autobuses do municipio de Vigo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

VI. Como consecuencia da adxudicación e do informe favorable referido nos Expositivos anteriores, Adif-Alta Velocidad, concedente, e Ceetrus, adxudicatario, subscribiron o 9 de febreiro de 2018 o contrato para o desenvolvemento, construción e explotación, por un período de 50 anos, do Centro Vialia (contrato nº 2016-160-00501), novado en virtude de addenda subsrita o 7 de marzo de 2018 (en diante, o “Contrato”).

VII. O 5 de outubro de 2018, tras considerar os informes emitidos e as observacións presentadas nos distintos trámites de información pública realizados, o Consello da Xunta de Galicia acordou aprobar o proxecto integrado Centro Vialia como proxecto público de urxencia ou excepcional interese ao amparo do procedemento previsto na Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 3/2016, de 1 de marzo, de Medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

VIII. Nin o proxecto integrado nin o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello Vigo de 1993 recollen que a cuberta do Centro Vialia sexa un ben de titularidade pública. Ao contrario, contéplase que a cuberta forma parte integrante do Centro Vialia tratándose, por tanto, dun ben titularidade de Adif-Alta Velocidad sobre o que o adxudicatario ostenta os dereitos e obrigacións referidos no Contrato e no presente Convenio. Non obstante o anterior o proxecto integrado estipula que parte da cuberta do Centro Vialia sexa destinada a espazo público (praza) para o seu desfrute polos veciños do municipio de Vigo.

IX. Ao amparo do establecido no Prego de Condicións Administrativas Particulares que rexe o Contrato, Adif-Alta Velocidade en data 23.09.2021, ten autorizado, coas condicións sinaladas en tal autorización, a cesión de uso de parte da cuberta do Centro Vialia que se destinará a praza pública. Achégase copia da autorización como Anexo II deste Convenio.

X. No marco da construción do Centro Vialia e en cumprimento do disposto no Contrato, Ceetrus e o Concello de Vigo decidiron subscribir o presente Convenio de cesión do dereito de uso e de colaboración para regular a utilización, uso, accesos, conservación, reposición e mantemento da praza referida. E iso, tanto en cumprimento das estipulacións do propio Contrato como no entendemento común de que dita praza constituirá un elemento que, de forma conxunta e integrada coas restantes instalacións do Centro Vialia, servirá aos intereses xerais da cidade de Vigo e de todos os seus veciños e visitantes.

XI. Conforme ao exposto, a cesión do dereito de uso de parte da cuberta do Centro Vialia a favor do Concello de Vigo enmárcase no seguinte contexto xurídico: (i) Adif-Alta Velocidad mantén a propiedade da parte cedida e autoriza a Ceetrus a que ceda o uso ao Concello de Vigo, subscribindo para tal efecto o presente Convenio; (ii) o Concello de Vigo, na súa condición de exclusivo beneficiario e titular de tal dereito de uso, participa no uso, na conservación, reposición e mantemento da superficie cedida nos termos establecidos neste Convenio; (iii) Ceetrus, conforme o Prego de Cláusulas Particulares que rexe o Contrato, é o responsable do mantemento, da reposición e da conservación de todo o Centro Vialia e, en consecuencia, da cuberta do mesmo, polo que, sen prexuízo das facultades municipais nos posibles usos privativos ou especiais na superficie cedida, correspóndelle a coordinación do mantemento e conservación da Praza, conforme se recolle neste Convenio.

XII. A competencia na que se fundamenta a actuación municipal no Convenio resulta das actividades que, conforme o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, compétenlle o Concello en materia de iluminación pública, limpeza viaria e parques públicos. A competencia na que se fundamenta a actuación de Ceetrus deriva do Contrato e da mencionada da conservación de todo o Centro Vialia.

XIII. En atención ao exposto, considerando as evidentes competencias concorrentes e compartidas, é interese das Partes intervenientes actuar de xeito conxunto e formalizar o presente Convenio para acordar a cesión do dereito de uso mencionado e instrumentar as condicións de colaboración e cooperación no fin común

e permanente de procurar no prazo convencional fixado un mantemento e unha conservación de óptima corrección na superficie cedida ao obxecto de que tal espazo público, e o conxunto da praza, supoñan, no seu uso e desfrute por parte da cidadanía, unha referencia de lecer e calidade que satisfaga as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de Vigo.

O Convenio materialízase con arranxo ás seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. Obxecto do Convenio.

1. É obxecto do Convenio, conforme ao establecido no Prego de Condicións Administrativas Particulares que rexe o Contrato, acordar a cesión do dereito de uso de determinada superficie localizada na cuberta (planta técnica) do Complexo Inmobiliario Urbanístico denominado Centro Vialia -Estación de Vigo o fin que sexa destinada a uso público e regular a utilización, uso, conservación, reposición e mantemento de tal espazo público. É tamén obxecto do Convenio a regulación dos accesos á praza.

2. A Praza obxecto deste convenio, segundo se deduce da seguinte cláusula ten unha superficie de 26.982,90 m<sup>2</sup>, identifícase no plano que se adxunta como Anexo III deste Convenio (en diante, a "Praza"). Linda Norte, co voo da fachada Norte; Sur, coa ampliación da Rúa Vía Norte; Leste, co voo da "praza de restauración" e Oeste co voo da fachada Oeste cara á Praza da Estación.

### SEGUNDA. Cesión de dereito de uso de determinada superficie para uso público.

1. De conformidade cos antecedentes indicados, Ceetrus cede gratuitamente a favor do Concello de Vigo, que acepta e recibe, a cesión do dereito de uso da zona da praza delimitada e identificada no Anexo IV, dunha superficie de 21.904,26 m<sup>2</sup>, o fin de que sexa destinada a uso público nos termos e condicións previstos neste Convenio (en diante, a "superficie cedida"), e a súa duración será coincidente co prazo convindo no contrato subscrito por ADIF- Alta Velocidade e Ceetrus Urban Player Spain S.A.U para o desenvolvemento, construción e explotación, por un período de 50 anos, do Centro Vialia (contrato nº 2016-160-00501), a contar dende a súa formalización.

2. No citado Anexo III consta unha superficie de 5.078,64 m<sup>2</sup> correspóndese con aquela na que Ceetrus mantén en exclusiva o uso da cesión outorgada por Adif-Alta Velocidad. Nesta superficie os gastos de conservación, reposición e mantemento corresponderán, en exclusiva, a Ceetrus.

### TERCEIRA. Accesos á Praza.

1. Os accesos á Praza son os indicados no plano que se adxunta como Anexo V ao Convenio.

2. Os accesos permanecerán abertos á libre circulación de calquera cidadán salvo que conorra unha causa xustificada que motive o seu peche temporal. O peche temporal, salvo causa de forza maior, esixirá aprobación previa da Comisión de Seguimento e Control regulada na Cláusula Sexta.

### CUARTA. Conservación, reposición e mantemento da superficie cedida.

1. As Partes comprométese a conservar e manter a superficie cedida na Praza nunhas condicións adecuadas para a súa finalidade (uso público) así como a satisfacer os gastos de conservación, reposición e mantemento. Considéranse como tales gastos os relativos a:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

a. Reparación ordinaria (con exclusión dos gastos referentes ás reparacións que teñan orixe en calquera elemento estrutural da superficie cedida, que corresponderán na súa integridade a Ceetrus), limpeza, xardinaría, auga, ornamentación e iluminación.

Enténdese por reparacións ordinarias aquelas que sexan consecuencia de deterioracións ou danos que procedan do uso natural da superficie cedida e da súa vida útil e sexan indispensables para a súa conservación.

A conservación, limpeza e mantemento da superficie cedida, ben das superficies axardinadas, ben das superficies non axardinadas, realizarase conforme o Plan de Mantemento da mesma e conforme os parámetros e frecuencias denominados "Tipoloxía A" especificados no Anexo VI deste Convenio no que sexan compatibles coa Certificación BREEAM en relación co rego, mellora ecolóxica e contaminación lumínica. Adxúntase Certificación BREEAM como Anexo VII.

As Partes comprométese á pronta reposición ou acondicionamento de calquera elemento que, por deterioro, depreciación ou agotamento da súa vida útil non sexa apto para o seu uso normal.

- b. Primas de seguro que cubran os riscos referidos ao valor de reparación ordinaria e responsabilidade civil.
- c. Gastos de administración e contabilidade.
- d. Calquera outros non extraordinarios que se contraian no interese común.

2. Cada unha das Partes participará no financiamento dos gastos ordinarios de conservación, reposición e mantemento da superficie cedida nas seguintes porcentaxes:

CONCELLO DE VIGO: 60 %

CEETRUS URBAN PLAYER SPAIN, S.A.U.: 40 %

3. Conforme o indicado nos Expositivos, considerando o réxime xurídico que se deduce do Prego de Condicións Administrativas Particulares que rexe o Contrato e en mérito do contido da autorización outorgada polo propietario do Centro Vialia (Adif-Alta Velocidad), corresponde a Ceetrus, adxudicatario do Contrato, a función de xestionar e coordinar a conservación, reposición e mantemento da praza e a superficie cedida, sen prexuízo das funcións de policía que lle correspondan ao Concello de Vigo. Para ese efecto, Ceetrus será a responsable das seguintes funcións, garantindo así a boa xestión integrada do Centro Vialia:

- a. Velar polas instalacións e servizos da Praza, en particular na zona da denominada "superficie cedida".
- b. Contratar os servizos necesarios para levar a cabo a conservación, reposición e mantemento da Praza, en particular na zona da denominada "superficie cedida".
- c. Preparar os orzamentos e sometelos a aprobación da Comisión de Seguimento e Control cando resulte preceptivo con arranxo ao presente Convenio.
- d. Controlar e supervisar os servizos, mantendo as relacións necesarias cos provedores/prestadores de servizos.

e. Administración e contabilidade.

4. Transcorridos seis meses desde a formalización do presente Convenio e por períodos semestrais desde entón, (i) Ceetrus facilitará ao Concello de Vigo copia das facturas e xustificantes de abono de gastos de conservación, reposición e mantemento correspondentes ao período de referencia e, (ii) o Concello de Vigo, previo exame e fiscalización da documentación, procederá á transferencia da parte proporcional dos gastos que lle corresponda seguindo a repartición especificada na presente Cláusula no prazo máximo dun mes desde a devandita comunicación no número de conta bancaria que Ceetrus facilítelle ao efecto.

5. Aos efectos do estipulado na presente Cláusula fíxase, segundo cálculo e desglose sinalado no Anexo VIII deste Convenio, un importe máximo anual en concepto de gastos ordinarios de conservación, reposición e mantemento na cantidade de 147.874,01 euros. Sen prexuízo da actualización de tal importe conforme o Índice de Prezos o Consumo en Galicia (IPC), calquera cantidade que exceda do anterior importe será aprobada pola Comisión de Seguimento e Control mencionada na Cláusula Sexta previa proposta formulada por Ceetrus.

6. Os gastos extraordinarios tales como a decoración da Praza en época de Nadal e outros similares de interese común, acordaranse pola Comisión de Seguimento e Control con anterioridade a súa realización; a Comisión determinará a porcentaxe de cada Parte nestes gastos.

QUINTA. Coordinación do desenvolvemento de actividades na zona de superficie cedida da Praza.

1. Conforme o Prego da Cláusulas Administrativas que rexe o Contrato o fin esencial e primario da superficie cedida e da Praza é o seu uso público por parte da cidadanía.

2. As Partes conveñen que a utilización da Superficie Cedida tanto por parte de Ceetrus como do Concello ou de terceiros propostos por estes para a celebración de eventos ou calquera outro fin que limite ou exclúa o uso público ordinario de tal superficie será sometida ao estudo e aprobación previa da Comisión de Seguimento e Control.

As Partes acordan que a Comisión de Seguimento e Control non denegará nin demorará de forma inustificada autorizacións para utilizar a Superficie Cedida cando os usos e actividades propostos respecten o uso público de tal superficie e estean xustificadas nunha mellora da xestión do conxunto Centro Vialia. En todo caso a utilización especial ou privativa da Superficie Cedida propostas ben por Ceetrus, ben por o Concello, presentaranse ante a Comisión cunha antelación mínima de sete días naturais o de inicio da súa realización; a proposta describirá o contido do evento ou actividade a realizar, a localización da superficie onde preténdese executar, a ocupación da mesma delimitada en m<sup>2</sup> e o prazo concreto de inicio e fin da súa realización.

3. En virtude da súa obrogatoriedade as Partes observarán os condicionantes da autorización de Adif-Alta Velocidad mencionada na Cláusula Segunda.1.

SEXTA. Comisión de Seguimento e Control.

1. Para o seguimento e control da execución do Convenio e dos compromisos asumidos polas Partes, no prazo de dous meses seguintes á sinatura deste Convenio, constituirase unha Comisión integrada por catro membros: dous (2) en representación do Excmo. Concello de Vigo e dous (2) en representación de Ceetrus nomeados polos órganos de goberno que correspondan de cada Parte.

2. Corresponderá á Comisión o Seguimento e Control o adecuado cumprimento das obrigacións estipuladas neste Convenio en especial as seguintes: (i) as referidas ao mantemento, reposición e conservación da



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

superficie cedida; (ii) a aprobación dos orzamentos e gastos para tales fins; (iii) a aprobación das actividades propostas para a celebración de actos ou eventos na superficie cedida da Praza que, conforme a autorización de Adif-Alta Velocidade da Cláusula Segunda, serán, en calquera caso, compatibles co uso previsto da estación de viaxeiros e a seguridade da infraestrutura ferroviaria; (iv) a aprobación de gastos extraordinarios e, (v) a resolución de calquera discrepancia ou controversia que puidese xurdir na interpretación ou execución do clausulado deste Convenio.

3. A Comisión reunirse, de maneira ordinaria, un mínimo dúas veces ao ano e, de forma extraordinaria, cantas veces como sexa necesario, podendo ser convocada polo secretario, con traslado da orde do día, a instancia de calquera dos seus membros, con, polo menos, dous días naturais de antelación. Para a válida constitución da Comisión requirirase a presenza dos seus catro membros, presentes ou representados, e do secretario. Non se poderán someter a votación cuestións non incluídas na orde do día da convocatoria salvo acordo unánime de todos os membros adoptado ao comezo da reunión.

Na segunda reunión anual, a fin da súa imputación concreta ao orzamento do Concello de Vigo (Concellería de Parques e Xardíns) e, en todo caso, con anterioridade ao comezo do cuarto trimestre de cada ano, presentaranse para a súa aprobación, desglosados e xustificados, os orzamentos de gastos de mantemento, reposición e conservación da superficie cedida correspondentes á seguinte anualidade.

4. As deliberacións, acordos e incidencias de cada reunión da Comisión reflectiranse nunha Acta. A Acta expresará, en todo caso, a data e o lugar de celebración; o seu carácter ordinario ou extraordinario; a orde do día da reunión; unha síntese sucinta das deliberacións e os acordos adoptados con indicación dos membros que houberen votado a favor e en contra dos mesmos. A Acta pecharase coas sinaturas ou a conformidade expresa, comunicada o secretario, de todos os membros da Comisión; o borrador da Acta será remitido para a súa sinatura ou conformidade nas corenta e oito horas seguintes o fin da reunión. Actuará como secretario da Comisión, con voz pero sen voto, a persoa que o sexa do Pleno do Concello de Vigo ou funcionario municipal no que delegue. O arquivo das Actas asinadas ou conformadas corresponderá o secretario.

5. A Comisión adoptará as súas decisións e acordos relativos a autorización de actividades e realización de eventos na superficie cedida da praza por maioría; a este efectos, no caso de empate na votación, decidirá o voto de calidade dos representantes municipais.

6. A Comisión adoptará as súas decisións e acordos relativos á conservación, reposición e mantemento e a referida a gastos extraordinarios por unanimidade. En caso de falta de acordo, as Partes nomearán de común acordo a un experto na materia obxecto de debate. No caso de que o experto seleccionado rexeite o encargo, as Partes procederán á designación, de común acordo, dun novo experto.

7. Os honorarios e outros gastos do experto serán sufragados por ambas as Partes a partes iguais.

8. O experto actuará en beneficio e como contratado de ambas as Partes; considerarase que actúa como perito e non como árbitro e valorará o disposto neste Convenio e calquera documentación relevante que as Partes poñan á súa disposición en relación co asunto sobre o que non se alcanzou un acordo unánime.

9. O experto, sobre a base dos termos e condicións deste documento, avaliará e determinará cal é a decisión máis beneficiosa para as Partes mediante a emisión dun informe. O informe emitirase no prazo de dez (10) días hábiles desde o seu nomeamento, terá carácter concluínte e vinculante para as Partes en ausencia de obxección fundamentada nun erro detectado dentro do prazo de cinco (5) días hábiles a contar desde a súa recepción.

#### SÉTIMA. Cesión do Convenio.

1. Ningunha das Partes poderá ceder a súa posición convencional, así como ningún dos seus compromisos dereitos e obrigacións derivados deste Convenio, sen o previo consentimento por escrito da outra Parte e de Adif-Alta Velocidad.

2. No entanto, non se considerará cesión a subrogación resultante dunha transmisión do Contrato autorizada por Adif-Alta Velocidad; o novo titular subrogarase nos dereitos e obrigacións dimanantes do presente documento.

#### OITAVA. Vixencia, modificación, resolución e extinción.

1. Sen prexuízo do sinalado no apartado 2 desta Cláusula O presente Convenio entrará en vigor na data da súa firma sen prexuízo da súa resolución consecuencia do incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos polas Partes, ou consecuencia do acordo de ambas. Poderá modificarse, previa proposta unánime da Comisión de Seguimento, mediante acordo conxunto dos órganos competentes de cada unha das Partes. Manterá a súa vixencia ata a extinción do Contrato.

2. O presente Convenio non surtirá efecto xurídico ata a recepción no Concello de Vigo do documento pola cal Adif-Alta Velocidad autoriza a Ceetrus Urban Player Spain S.A.U. a a súa subscrición.

As Partes acordan que a incorporación do documento de autorización como Anexo II definitivo deste Convenio realizarase en virtude de Dilixencia de adenda asinada polo secretario xeral do Pleno do Concello de Vigo que a comunicará a ambas Partes. A data de comunicación supoñerá o inicio dos efectos xurídicos pactados.

#### NOVENA. Protección de datos de carácter persoal.

1. Os datos persoais de representantes ou persoas de contacto nas Partes, recollidos neste Convenio ou facilitados entre elas con motivo da súa execución, serán tratados única e exclusivamente para cumprir co desenvolvemento, cumprimento e control do mesmo e as obrigacións legais. A base legal que xustifica o tratamento é a relación convencional e o cumprimento da normativa administrativa, fiscal e mercantil. Estes datos conservaranse mentres se manteña vixente o Convenio e en tanto non prescriban as posibles responsabilidades das Partes.

2. As Partes non comunicarán estes datos, salvo que exista obrigación legal ou tal comunicación sexa necesaria para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou en exercicio de poderes públicos. Os titulares dos datos teñen dereito a solicitar o acceso aos mesmos, a súa rectificación ou supresión, ou a limitación do seu tratamento; ou a oporse ao tratamento, así como o dereito á portabilidade dos datos. Para exercitar tales dereitos enviarán unha comunicación escrita á dirección postal que figura no encabezamento (Concello de Vigo, Concellería de Parques e Xardíns, Praza do Rei s/n; 36202 Vigo) no caso do Concello de Vigo ou a (Avda. de Europa 19, 2ª planta, Alcobendas, 28108 Madrid) no caso de Ceetrus. Ademais, os titulares dos datos terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

#### DÉCIMA: Elevación a público.

Calquera das Partes poderá solicitar da outra a elevación a público deste documento; os gastos del calquera natureza que poidan derivarse serán satisfeitos pola Parte que inste tal formalidade.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

UNDÉCIMA. Réxime xurídico e xurisdición competente.

A cesión do dereito de uso para o seu uso público prevista na Cláusula Segunda implica un negocio xurídico patrimonial e atópase sometida os Xulgados e Tribunais da xurisdición ordinaria do municipio de Vigo.

As restantes Cláusulas deste Convenio ostentan carácter administrativo e atópanse sometidas á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; as controversias que no seu caso suscite o seu cumprimento serán resoltas polos Xulgados da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo correspondendo a competencia aos Xulgados da Cidade de Vigo.

E, en proba de conformidade, as Partes subscriben o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

Abel Caballero Álvarez  
Alcalde de Vigo

Manuel Teba Torres  
Director xeral Ceetrus

### DOCUMENTOS ANEXOS

ANEXO I. Adif Alta Velocidad. Prego de Condicións Administrativas Particulares para o desenvolvemento, construción e explotación dun "Centro Vialia" na estación ferroviaria Vigo -Urzaiz. (Expdte. 2016-160-00005)

ANEXO II. Documento de Adif-Alta Velocidad autorizando a Ceetrus Urban Player Spain S.A. a subscrición do presente Convenio de cesión de uso de parte da cuberta do Centro Vialia que se destinará a praza pública e para a regulación das condicións de utilización, uso, accesos, conservación, reposición e mantemento da mesma.

ANEXO III. Plano identificando a superficie total da Praza localizada na cuberta do Centro Vialia (26.982,90 m<sup>2</sup>).

ANEXO IV. Plano delimitando e identificando unha superficie de 21.904,26 m<sup>2</sup> correspondente coa denominada "superficie cedida" (superficie que, en virtude do Convenio, Ceetrus cede o Concello para que sexa destinada a uso público nos términos e condicións sinalados no Convenio).

ANEXO V. Plano identificando os accesos á Praza.

ANEXO VI. Documento que identifica os parámetros de calidade e frecuencia na conservación, limpeza e mantemento da superficie cedida, ben das superficies axardinadas, ben das superficies non axardinadas da praza.

ANEXO VII. Certificación BREEAM en relación co rego, mellora ecolóxica e contaminación lumínica.

ANEXO VIII. Desglose dos distintos conceptos de gastos

**23(145).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN CONXUNTA NO MEDIO URBANO U.A. HERNÁN CORTÉS. EXPTE. 5293/401.**

Dáse conta do informe-proposta de data 22/02/2024 asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, a xefa do Departamento de Desenvolvemento e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES E FEITOS

I.- O Pleno do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 23.02.2022 acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, prestar aprobación definitiva ao *“Estudo de Detalle na UA Hernán Cortés”*, (Exp. 5264/401) a *delimitación do ámbito de actuación conxunta no medio urbano e o inicio do procedemento de equidistribución de beneficios e cargas das parcelas afectadas que realizarase mediante o sistema de reparcelación*, segundo o previsto na Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana.

O dito acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOGA do 08.04.2022; figura inscrito no Rexistro de ordenación do territorio e Planeamento urbanístico de Galicia co número de rexistro ROTPG/P/72/2022 e publicado no “Boletín oficial da Provincia de Pontevedra” núm. 195 do 11.10.2022, polo que dito instrumento de planeamento ten acadado plena eficiencia e executividade.

II.- A delimitación espacial do ámbito de actuación sobre o medio urbano, unha vez acadado a súa firmeza, determinou automaticamente o inicio do expediente de reparcelación de beneficios e cargas entre as parcelas afectadas; En cumprimento da normativa de pertinente aplicación, procedeuse á publicación do anuncio do inicio do expediente de reparcelación no BOP núm. 10 do 16.01.2023 e no Faro de Vigo do 13.01.2023; Asemade, consta no expediente electrónico de razón á notificación debida a todos os interesados no presente procedemento.

III.- Así as cousas, con data do 16.11.2023 tiña entrada no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo,- baixo o COD.SOL.: W997365-3719 e Doc. Núm. 230359582-, un escrito achegado pola representación (debidamente acreditada no expediente de razón) da entidade “Hernán Cortes Homes, SL”, con CIF B13672860 e domicilio a efecto de notificacións na rúa Santa Marta de Arriba, 53-55 baixo, Santiago de Compostela, polo que, comunica a transmisión ao seu favor por parte da anterior entidade titular “Meifust Inbest, S.L”, das fincas rexistras nº 2931, 2604, 3021, 7668, 7669, 9497, 9498, 9499, 16610, 16611/bis, 16612/bis, 16613/bis, 16614/bis, 16615/bis, do rexistro da propiedade núm. 1 dos de Vigo, que conforman a totalidade do ámbito do “Estudio de Detalle Hernán Cortés” (Exp.5264/401) achegando como documentación acreditativa de tal extremo: Certificación acreditativa da representación invocada, instancia de presentación, e **Proxecto de reparcelación da Unidade de Actuación Hernán Cortés**, redactado polo arquitecto José A. Comesaña García e o avogado Alfredo Cerezales Fernández, de data novembro de 2023, no que se inclúe como anexo as certificacións rexistras de dominio e cargas das parcelas de orixe, expedidas polo rexistro da propiedade núm. 1 dos de Vigo.

Posteriormente, o 20.12.2023 (Cod. Sol.: W1031883-4983) a entidade “Hernán Cortés Homes, SL, presenta a través do rexistro electrónico desta XMU, memoria corrixida do proxecto de reparcelación, que anula e substitúe a anteriormente presentada con data do 16.11.2023.

IV. Elevado o presente expediente a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, con data do 26.12.2023 emite informe técnico de carácter favorable ao presente trámite de aprobación inicial, do seguinte teor literal:

*“(.) A xestión das actuacións no medio urbano executarase a través de calquera dos sistemas de actuación previstos na Lei do Solo de Galicia, artigo 19 da LRRRUG, e nas actuacións de rehabilitación edificatoria no solo urbano consolidado as persoas propietarias do edificio poden executar por se mesmas a actuación e asumir o porcentaxe dos custos das obras complementarias de urbanización que lles corresponda, segundo o artigo 20 e 21 da citada Lei.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

*Este proxecto de reparcelación da continuidade ao iniciado no acordo plenario do 23 de febreiro do 2022, no que se delimitou a actuación no medio urbano e sinalouse como sistema de reparto de beneficios e cargas o de reparcelación.*

### **OBXECTO**

*Regularización da configuración das parcelas de orixe para localizar os aproveitamentos da actuación conxunta no medio urbano da UA Hernán Cortés e a equidistribución dos custes derivados da execución e dos beneficios da mesma.*

### **AMBITO**

*Está definido por a Rúa Maria Berdiales, Rúa Hernán Cortés, Inmable n.º 26 da Rúa Hernán Cortés e Rúa Doctor Colmeiro Laforet, cunha superficie de 1.760,65 m<sup>2</sup>, dos cales 435,62m<sup>2</sup> corresponden co viario público existente e 1.325,03m<sup>2</sup> de 10 parcelas catastrais privativas*

### **SISTEMA DE ACTUACIÓN**

*O sistema de actuación aprobado e achegado por "Hernán Cortés Homes, SL" é o de proxecto de reparcelación de propietario único, que simplifica o sistema de actuación xa que :*

- Non se concretan criterios para definir e cuantificar os dereitos da propiedade.*
- Non se establecen criterios de valoración dos dereitos, edificacións e construcións existentes.*
- Non existen arrendamentos e polo tanto realoxamentos.*
- Non existen cargas hipotecarias inscritas.*
- Non existen gastos nin conta de liquidación provisional.*

### **PREDIOS INICIAIS**

*Predios iniciais*

<b>PREDIOS</b>	<b>REF. CATASTRAL</b>	<b>SUPERFICIE</b>	<b>PROPIETARIO</b>
1	3359919NG2735N0001WK	175,45 M2	HERNAN CORTES HOMES S.L.
2	3359918NG2735N0001HK	240,15 M2	HERNAN CORTES HOMES S.L.
3	3359917NG2735N0001UK	183,03 M2	HERNAN CORTES HOMES S.L.

PREDIOS	REF. CATASTRAL				
4	3359916NG2735N000 3359916NG2735N000 3359916NG2735N000 3359916NG2735N000 3359916NG2735N000 3359916NG2735N000				
5	3260012NG2736S000			HOMES S.L.	
6	3260011NG2736S000			HOMES S.L.	
7	3359915NG2735N000			HOMES S.L.	
8	3260010NG2736S000			HOMES S.L.	
9	3260009NG2736S000			HOMES S.L.	
10	3260013NG2736S000			HOMES S.L.	
11	VIARIO			435,62 M2	CONCELLO DE VIGO
	TOTAL			1.760,65 M2	

## PROCESO DE REPARCELACIÓN

A edificabilidade outorgada polo planeamento, adxúdicase entre as parcelas de resultado como se reflexa no seguinte cadro

TITULARIDADE	PARCELAS INICIAIS	SUPERFICIE	EDIFICAB. INICIAL	PARCELAS RESULTADO/ORIXE	EDIFICAB. RESULTADO
HERNAN CORTES S.L.	1,2,3, 4a,4b,4c,4d, 4e, 4f, 5,6,7,8,9,10	1325,03M2	7913,04M2	1 (1,2,3,8,10e11,25% da 7) 2 (4,5,6,9 e 88,75% da 7)	4898,17M2  3014,87M2
CONCELLO DE VIGO	VIARIO DP	435,62M2	0	VIARIO DP	0
TOTAL		1760,65M2	7913,04M2		7913,04M2

Ao tratarse dunha actuación en Solo Urbano Consolidado, o promotor ten o deber de completar a urbanización mediante un proxecto de obras ordinarias adxunto aos proxectos construtivos dos edificios, segundo sinala o artigo 21 da LRRUG.

Polo alcance e repercusión das obras que se propoñen de creación dunha praza pública de 817,30 m<sup>2</sup> na zona mais central da cidade, é necesario que antes da concesión da licenza se tramite e acorde co servizo de urbanización e infraestruturas da Xerencia municipal de urbanismo e co resto dos servizos municipais (mobilidade, electromecánicos, aqualia,...) un **proxecto de humanización**, proxecto que poderá ter un ámbito maior que a propia delimitación do estudo de detalle e solucionar a transición da nova praza co espazo público circundante, a execución das obras que excedan do deber legal poderán ser obxecto, de ser o caso, dun convenio coa administración.




## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Se os novos edificios non se executase de xeito simultáneo, a licenza de primeira ocupación do primeiro deles, implicará a execución das obras complementarias da totalidade da superficie de viario de dominio público e na superficie de cesión de uso público correspondente ao sólido solicitante.

### PREDIOS DE RESULTADO



PARCELA	SUPF.	OCUP. PB	CESIÓN U. PUB.	EDIFICAB.	TITULARIDADE
1	775,46 M2	546,45 M2	229,01 M2	4.898,17 M2	HERNAN CORTES HOMES S.L.
2	549,57 M2	396,90 M2	152,67 M2	3.014,86 M2	HERNAN CORTES HOMES S.L.
VIARIO DP	435,62 M2				CONCELLO DE VIGO
TOTAL	1760,65 M2			7.913,03 M2	

\* Na documentación técnica as parcelas están xeoreferenciadas UTM 29N – ETRS89

### CONFORMIDADE CO ESTUDO DE DETALLE APROBADO

O proxecto de reparcelación reparte o aproveitamento establecido no Estudo de Detalle e non diminúe as superficies de viario nin de espazos libres.

l) Aproveitamentos máximos

No apartado 6.2 ordenación proposta, da memoria xeral do Estudo de Detalle, xustifícase a distribución do aproveitamento urbanístico que alcanza os 7.913,03m<sup>2</sup>c de edificabilidade máxima sobre rasante.

SÓLIDOS	Superficie ocupación total (m <sup>2</sup> s)	Ocupación sólidos planta baja (m <sup>2</sup> )	Edificabilidad s/rasante (m <sup>2</sup> c)	Nº máximo viviendas	Alturas nº plantas	Porcentaje (%)
S1	775,46	546,45	4.898,17	39	VIII y I	61,90%
S2	549,57	396,90	3.014,86	24	VIII y V	38,10%
<b>TOTAL</b>	<b>1.325,03</b>	<b>943,35</b>	<b>7.913,03</b>	<b>63</b>		<b>100,00%</b>

O proxecto de reparcelación adxudica as parcelas 1 e 2 a mesma superficie, edificabilidade, ocupación en planta baixa, número de vivendas e cesión de uso de superficie que a contida no Estudo de Detalle aprobado para os sólidos S1 e S2.

## II) Praza pública

O proxecto de reparcelación respecta os 435,62m<sup>2</sup> de superficie de viario de dominio público.

O conxunto da superficie de viario público, mais a cesión de uso público de superficie das parcelas 1 e 2 respecta a superficie de 817,30 m<sup>2</sup> da praza pública prevista no Estudo de Detalle

Total Plaza de uso público	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> s)
Reconversión superficie actual viario público	435,62
Cesión Uso público de superficie Sólido 1	229,01
Cesión Uso público de superficie Sólido 2	152,67
<b>TOTAL</b>	<b>817,30</b>

Superficie superior a la consignada en la ficha (780 m<sup>2</sup>)

cadros da memoria xustificativa do ED aprobado, viario de dominio público

Polo anteriormente exposto procede a aprobación inicial e exposición pública do Proxecto de Reparcelación. (..)".

## FUNDAMENTOS DE DEREITO /VALORACIÓN XURÍDICA

### I.- Normativa básica examinada

TRLS/2015 (RD Lex7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),

LRRRUG (L. 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación e de rexeneración e de renovación urbanas de Galicia,

LPCG (Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia)

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D.Plano 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,

- O resto de disposicións que poidan afectar,



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

### II.- Obxecto e Descrición do ámbito

Nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia dos obxectivos do presente proxecto de reparcelación, e que se reflicten na memoria do proxecto achegado, que non son outros que, garantir a execución das previsións do planeamento para o ámbito da actuación conxunta da UA Hernán Cortés, regularizando a configuración das parcelas, localizando o aproveitamento que corresponde á propiedade sobre as parcelas de resultado que substitúan ás primitivas.

O ámbito ven definido polo Estudo de Detalle aprobado definitivamente, e que se reflexa nos planos do proxecto ao que neste intre se presta aprobación inicial, dunha superficie total de 1.760,65 m<sup>2</sup>, dos cales 435,62 m<sup>2</sup> corresponden co viario público existente e 1.325,03m<sup>2</sup> de 10 parcelas catastrais primitivas, cos seguintes lindeiros: Norte: María Berdiales; Sur: Inmable Hernán Cortés 26, Este: Rúa Hernán Cortés, Oeste: Rúa Dr. Carlos Colmeiro e inmobles Dr. Carlos Colmeiro 8 e Dr. Carlos Colmeiro 7.

### III.- Urbanización do ámbito

De conformidade co previsto na LRRRUG (artigo 21), o promotor da presente actuación deberá presentar conxuntamente un proxecto de obras ordinarias adxunto aos proxectos construtivos dos edificios, co obxecto de completar a urbanización, ao proporse a creación dunha praza pública de 817,30 m<sup>2</sup>, e proxecte a transición da mesma co espazo público circundante, deixando expedido o espazo rodado debido que de acceso a zona alta da cidade.

### IV.- Formulación e tramitación

Respecto ao contido do proxecto de reparcelación estarase ao disposto no Capítulo V do Título IV da LSG, que deberá incluír a seguinte documentación: Memoria xustificativa: descrición das parcelas orixinais, descrición das parcelas resultantes, gastos da actuación e liquidación provisional, e cadro de reparcelación; Planos: plano de situación, plano topográfico, plano parcelas orixinais, plano parcelas resultantes, plano superposición parcelas orixinais e resultantes, plano ordenación xeral, plano localización das cesións municipais; Fichas parcelas resultantes: Ficha parcela 1, ficha parcela 2, ficha parcela municipal.

No que atinxe ao procedemento de aprobación, o órgano municipal competente aprobará inicialmente o proxecto e o someterá a información pública polo prazo dun (1) mes, mediante anuncios que se publicarán no Boletín oficial da provincia, e nun dos diarios de maior circulación da provincia, con notificación individualizada aos propietarios do ámbito, concluído o trámite de información pública, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

Con carácter posterior á aprobación definitiva do proxecto, a entidade promotora inscribirá no Rexistro da propiedade a nova configuración física das parcelas. A tal efecto deberá remitirse ao Rexistro da propiedade unha certificación administrativa expedida polo Concello na que se inclúa o acordo de aprobación definitiva e se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecta o acordo. Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

### V.- Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, e de conformidade co informe técnico favorable de data que se incorpora e forma parte do presente e lle serve de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da LPAC PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

## ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter inicial ao documento nomeado “*Proxecto de reparcelación no ámbito de actuación conxunta no medio urbano da Unidade de Actuación Hernán Cortés*” promovido pola entidade “Hernan Cortes Homes, SL”, e que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 16.11.2023( COD.SOL.: W997365-3719 e Doc. Núm. 230359582), e con data do 20.12.2023 (COD. SOL.: W1031883-4983 e Doc. Núm. 230413879), documentación toda ela redactada polo arquitecto José A. Comesaña García e o avogado Alfredo Cerezales Fernández, de data novembro de 2023.

SEGUNDO.: Someter o presente expediente, inicialmente aprobado, con toda a documentación que o integra, a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no DOGA, no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na provincia, no páxina web municipal no enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) e no portal de transparencia., computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no DOGA- , a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes.

TERCEIRO.: Proceder á notificación do presente acordo, á todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto.

CUARTO.: Advírteselle á promotora que, con anterioridade á aprobación definitiva do presente expediente, deberá presentar un proxecto de obras ordinarias, co obxecto de completar a urbanización, ao proporse a creación dunha praza pública de 817,30 m<sup>2</sup>, que proxecte a transición da mesma co espazo público circundante, deixando expedido o espazo rodado debido, que de acceso a zona alta da cidade.

Non obstante, o presente informe non é vinculante, e o órgano competente resolverá, co seu superior criterio o que estime máis conveniente.(...)”.

Consta acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 27/02/2024.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Delegación de competencias da Xunta de Goberno local no primeiro tenente alcalde e concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos. Expte. 1483/1102.

.- Pagamento de atrasos salariais por mor da actualización salarial correspondente ao ano 2024. Expte. 20745/77.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **24(146).- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E CONCELEIRO DE ÁREA DE GOBERNO DE FOMENTO E SERVIZOS. Expte. 1483/1102.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta da proposta de data 07/03/2024, asinada pola secretaria de Goberno local, a concelleira-delegada da Área de Goberno e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2019 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027. Conforme dita Resolución atribuíuse ao Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos as competencias municipais en materia de fomento; entre outras obras públicas; planificación e execución de infraestruturas urbanas; obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, agás os xestionados pola concellería de deportes.

En data 22 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno delegou nos concelleiros/as de Área de Goberno determinadas atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área e concretamente delegouse na Concellería de Área de Goberno de Fomento e Servizos en materia de fomento a facultade de outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos.

En data 4 de outubro a FIFA anunciou a decisión de que a candidatura única para a Copa Mundial da FIFA 2030 sería a candidatura conxunta de España, Portugal e Marruecos sendo de interese do Concello de Vigo a participación no proceso de

selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede no proxecto de candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

O interese xeral do proxecto para a cidade e o carácter transversal do mesmo aconsellan a realización dunha delegación especial conforme o artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Por Resolución da Alcaldía de data 7.02.2024 e posterior de data 7.03.2024 e conforme o artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais delegouse no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira a representación do Concello de Vigo e todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 inclusive a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Ante a brevidade dos prazos conferida pola Real Federación Española de Fútbol para presentación, se procede, da documentación que formalice a candidatura cómpre imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución do expedientes administrativo, para o cal resulta aconsellable que a Xunta de Goberno Local delegue no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira as competencias municipais en materia da xestión económica, autorización e disposición de gasto e exercicio das accións xudiciais e administrativas que no seu caso requiran as actuacións obxecto da delegación especial.

Polo exposto, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos a competencia municipal relativa a

- a) Aprobación dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 que impliquen desenvolvemento da xestión económica, autorización e disposición de gastos.
- b) O exercicio das accións xudiciais e administrativas que deriven dos actos que que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

**SEGUNDO** .- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**TERCEIRO**.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**CUARTO**.- As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

**QUINTO**.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

**SEXTO** .- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

**SÉTIMO**- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

**OITAVO**- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**NOVENO**.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**DÉCIMO** - Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(147).- PAGAMENTO DE ATRASOS SALARIAIS POR MOR DA ACTUALIZACIÓN SALARIAL CORRESPONDENTE AO ANO 2024. Expte. 20745/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 07/03/2024, dáse conta do informe-proposta do 1/03/2024, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

I. O *Acordo marco de regulación das condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007*, que se atopa prorrogado para o presente ano, reflicte nos artigos 1º Contratos e retribucións (para traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego) e 9º Contratos e retribucións (para técnicos/as e xestores/as) que *as retribucións actualizaranse en función do IPC previsto para cada ano*.

II. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de marzo do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as e técnicos-xestores, do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” que continúa vixente ao non constar denuncia do mesmo (Expdte.**18014/77**), dacordo co reflectido na táboa publicada no BOP nº 61 do 31 de marzo de 2021, en aplicación do incremento do 0,9% en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego en virtude da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021.*s mesmos*.

III. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de outubro do 2021, adoptou o acordo de “Actualización da estrutura salarial dos traballadores/as beneficiario/as do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007” (Expdte.**18714/77**), derivadas da entrada en vigor Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021, que establece no seu Art. 1º a Contía do SMI (que queda fixado en 32,17 euros/día ou 965 euros/mes, segundo o salario estea fixado por días ou por meses), aplicando unha suba con efectos desde o 01/09/2021 a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

IV. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2022, adoptou o acordo de "Actualización das táboas de retribucións do "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007" (Expdte. **18945/77**) derivadas da entrada en vigor da Lei 22/2021, do 28 de decembro, polo que se aproban medidas en materia de retribucións no ámbito do sector público, aplicando unha suba do 2% con efectos desde o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente.

V. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022, adoptou o acordo de "Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do 'Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007" (Expdte. **19004-77**), prorrogado o ano 2022, debido a entrada en vigor do Real Decreto 152/2022, de 22 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2022, que establece no seu Art. 1 a Contía do SMI, aplicando unha suba con efectos dende o 01/01/2022, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios.

VI. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2023, adoptou o acordo de "Actualización das táboas de retribucións do persoal traballador do 'Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2004-2007" (Expdte. **19925-77**), prorrogado o ano 2023, debido á entrada en vigor da "Resolución de 24 de outubro de 2022, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 1,5 por ciento previsto en el artículo 23 del Real Decreto-ley 18/2022, de 18 de octubre, por el que se aprueban medidas de refuerzo de la protección de los consumidores de energía y de contribución ala reducción del consumo de gas natural en aplicación del "Plan + seguridad para tu energía (+SE)", así como medidas en materia de retribuciones del personal al servicio del sector público y de protección de las personas trabajadoras agrarias.", á "Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023" e ao "Real Decreto 99/2023, de 14 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2023", para establecer os salarios correspondentes ao ano 2023, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores.

VII. En Exp.**20730-77** deuse trámite as normas e actualización das retribucións do persoal traballador beneficiario e técnico e xestor, incluídas nas táboas salariais do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor da "Resolución de 5 de octubre de 2023, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 0,5 por ciento vinculado a la evolución del IPCA previsto en el artículo 19.Dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023", co 0,5% de subida adicional como consecuencia da evolución do IPC armonizado (IPCA)", así como a "Resolución de 7 de febrero de 2024, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 06/02/2024, por el que se aprueba el incremento del 0.50 % en las retribuciones del perso-

nal al servicio del sector público en aplicación de lo previsto en el artículo 19.Dos.2.b) de la Ley 31/202, de 23/12, de PGE para el año 2023” e do “Real Decreto 145/2024, de 6 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2024”, para establecer os salarios correspondentes a este ano 2024, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente, tal e como se amosa nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Actualización

No BOE nº 308, de 24 de decembro de 2022, publícase a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de “Presupuestos Generales del Estado para el año 2023.” no Título III desta Lei de Orzamentos Xerais do Estado rubrícase como «Dos gastos de persoal», e estrutúrase en tres capítulos. No Capítulo I, tras definir o que constitúe o «sector público» para estes efectos, trata dos gastos do persoal coa previsión xeral de que no ano 2023, as retribucións do persoal ao servizo do sector público terán un incremento do 3,5 por cento coa seguinte desagregación:

- a) 2,5 por cento de incremento fixo e
- b) dúas cláusulas de revisión do 0,5 por cento cada unha. A primeira vinculada ao Índice de Prezos ao Consumo Harmonizado (IPCA) e a segunda ao Produto Interior Bruto (PIB) nominal.

Polo que, neste caso, procede o incremento salarial das dúas cláusulas de revisión do 0,5 por cento cada unha:

- No BOE nº 239, de 06 de outubro de 2023, publícase a ‘Resolución de 5 de octubre de 2023, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector Público Estatal del incremento retributivo adicional del 0,5 por ciento vinculado a la evolución del IPCA previsto en el artículo 19.Dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023’, co 0,5% de subida adicional como consecuencia da evolución do IPC armonizado (IPCA)’;

- No BOE nº 34, de 08 de febreiro de 2024, publícase a ‘Resolución de 7 de febrero de 2024, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 06/02/2024, por el que se aprueba el incremento del 0.50 % en las retribuciones del personal al servicio del sector público en aplicación de lo previsto en el artículo 19.Dos.2.b) de la Ley 31/202, de 23/12, de PGE para el año 2023.’”

No BOE nº 33, de 07 de febreiro de 2024, publícase o ‘Real Decreto 145/2024, de 6 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2024.’”

Tendo en conta estas disposicións, e en relación ás retribucións do persoal contratado con cargo aos programas de emprego no ano 2023-2024, resulta de aplicación, dependendo do inicio de cada programa, a **Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

que actualmente están contratados ao abeiro do Plan Municipal de Emprego - , programa de **COOPERACIÓN-RISGA “Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo II”** (con efectos dende o 09/06/2023) e **“Plan Municipal de Emprego 2024”**, persoal alumnado-traballador nos obradoiros de emprego **“VIGO CAPACITA IX”** e **“FORMAWEB V”** (SMI dende 01/01/2024) na categoría de persoal traballador beneficiario segundo os importes e desglose recollidos, segundo categoría profesional, así como para a categoría de **Técnicos e xestores**, que actualmente están contratados nos Obradoiros de Emprego en funcionamento **VIGO CAPACITA IX”** e **“FORMAWEB V”** nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente.

Debido a que aínda non se procedera ás subidas salariais descritas nas disposicións antes mencionadas procede o pago das cantidades, en concepto de atrasos correspondentes o incremento salarial derivado destas subas por importe de **14.097,16 €**, que se imputará con cargo ás partidas indicadas a continuación:

### - “REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS DA CIDADE DE VIGO II”:

- **3.919,18 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 “*GTOS PERSOAL REHAB. LAVADOIROS DE VIGO II*”.
- **1.493,57€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 “*S SOC REHAB LAVADOIROS DE VIGO II*”.

### - OE “FORMAWEB V”:

- **2.864,88 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 “*GASTOS PERSOAL FORMAWEB V*”
- **157,89 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600009 “*SEGURIDADE SOCIAL FORMAWEB V*”

### - OE “VIGO CAPACITA IX”:

- **2.470,35 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310011 *GASTOS PERSOAL “VIGO CAPACITA VII”*
- **146,71 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600011 *SEGURIDADE SOCIAL “VIGO CAPACITA VII”*

### - PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA:

- **2.251,44 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

- **793,14 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 SS *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución Alcaldía 19/06/23, BOPPO nº 123 do 27/06/23), nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 19 de xuño de 2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMERO:** Aprobar o incremento salarial por importe total de **14.097,16 €** derivados da entrada en vigor de ditas normas e táboas salariais do "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*" para o ano 2024 (Exp.20730-77), a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego, na categoría de Beneficiarios e Técnicos e xestores, respectivamente, tal e como se amosa nas táboas que se inclúen no Anexo I deste expediente. con cargo ás partidas indicadas a continuación:

#### **- “REHABILITACIÓN DE LAVADOIROS DA CIDADE DE VIGO II”:**

- **3.919,18 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310006 "*GTOS PERSOAL REHAB. LAVADOIROS DE VIGO II*".

- **1.493,57€** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600006 "*S SOC REHAB LAVADOIROS DE VIGO II*".

#### **- OE “FORMAWEB V”:**

- **2.864,88 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310009 "*GASTOS PERSOAL FORMAWEB V*"

- **157,89 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600009 "*SEGURIDADE SOCIAL FORMAWEB V*"

#### **- OE “VIGO CAPACITA IX”:**





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1644/1102

- **2.470,35 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310011 *GASTOS PERSOAL "VIGO CAPACITA VII"*

- **146,71 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600011 *SEGURIDADE SOCIAL "VIGO CAPACITA VII"*

### **PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA:**

- **2.251,44 € €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1310000 *PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

- **793,14 €** con cargo á partida orzamentaria 2410 1600001 *SS PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL*

**SEGUNDO:** Dar conta do presente acordo á Área de RRHH e Formación, á Tesourería Municipal, á Asesoría Xurídica Municipal e á Intervención Xeral Municipal, e ordenar a publicación da táboa salarial actualizada no portal de transparencia, na web municipal e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXO I**

Táboas retributivas do persoal acollido ao "*Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007*", correspondentes a este ano 2024.

BENEFICIARIOS:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Licenciado	1.970,81	328,47	2.299,28	2.299,28	84/a	33,18	762,90	3.062,18
Diplomado	1.681,44	280,24	1.961,68	1.961,68	84/a	33,18	650,89	2.612,57
Xefe administrativo	1.341,18	223,53	1.564,71	1.564,71	84/a	33,18	519,17	2.083,88
Delineante	1.341,18	223,53	1.564,71	1.564,71	84/-	33,33	521,52	2.086,23
Técnico Auxiliar PRL	1.341,18	223,53	1.564,71	1.564,71	84/-	33,33	521,52	2.086,23
Capataz-construcción.	1.341,18	223,53	1.564,71	1.564,71	84/d	38,38	600,54	2.165,25
Auxiliar topografo	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/-	33,33	444,04	1.776,29
Oficial albanel	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial carpintería metálica.	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial carpintería aluminio	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial carpintería madeira	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial conducción	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/f	38,38	511,32	1.843,57
Oficial desinfección	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/g	35,28	470,02	1.802,27
Oficial electricista	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial fontaneiro	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial mecánico de maquinaria	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial pintor	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/d	38,38	511,32	1.843,57
Oficial xardinaria	1.141,93	190,32	1.332,25	1.332,25	84/g	35,28	470,02	1.802,27
Auxiliar administrativo	1.134,00	189,00	1.323,00	1.323,00	84/a	33,18	438,97	1.761,97
Peón construcción	1.134,00	189,00	1.323,00	1.323,00	84/d	38,38	507,77	1.830,77
Peón xardinaria-forestal.	1.134,00	189,00	1.323,00	1.323,00	84/g	35,28	466,75	1.789,75

## TÉCNICOS E XESTORES:

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Titulado superior	2.583,97 €	430,66 €	3.014,63 €	3.014,63 €	84	33,33	1.004,78 €	4.019,40 €
Titulado medio	2.084,28 €	347,38 €	2.431,66 €	2.431,66 €	84	33,33	810,47 €	3.242,14 €
Experto docente	1.917,69 €	319,61 €	2.237,30 €	2.237,30 €	84	33,33	745,69 €	2.982,99 €
Oficial administrativo	1.418,03 €	236,34 €	1.654,37 €	1.654,37 €	84	33,33	551,40 €	2.205,78 €



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1644/1102

**126(148).-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

A PRIMEIRA TTE. DE ALCALDE (RA 07/03/2024)  
M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego.